

# ESTUDO PREVIO DE INICIACIÓN REESTRUTURACIÓN PARCELARIA DA PARROQUIA DE HERBÓN (PADRÓN – A CORUÑA)

ST - 5817



A CORUÑA, OUTUBRO DE 2022

DIRECTORA TÉCN. ADMINISTRACIÓN: **M<sup>a</sup> BELÉN MOSQUERA VAL**

DIRECTOR TÉCN. REDACTOR: **RAMÓN MARTÍNEZ GÓMEZ**

CONSULTORA: **PROYESTEGAL S.L.**



## **ÍNDICE XERAL**

### **DOCUMENTO Nº 1. - MEMORIA**

1. Memoria

### **DOCUMENTO Nº 2. - ANEXOS Á MEMORIA**

1. Anexo I – Documento de síntese e informe de impactos
2. Anexo II – Consultas a órganos relevantes
3. Anexo III – Comité técnico asesor
4. Anexo IV – Solicitude Concello de Padrón

### **DOCUMENTO Nº 3. - PLANOS**

1. Plano 1 - Plano de situación
2. Plano 2 - Plano de parcelario e elementos patrimoniais
3. Plano 3 - Plano de usos actuais e explotacións actuais
4. Plano 4 - Plano de proposta de camiños e elementos lineais
5. Plano 5 - Plano de usos propostos
6. Plano 6 – Declaracións da PAC



## DOCUMENTO N°1.- MEMORIA



# ESTUDIO PREVIO DE INICIACIÓN DA ZONA DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA DE HERBÓN (PADRÓN – A CORUÑA)

## Índice

|           |                                                                         |           |
|-----------|-------------------------------------------------------------------------|-----------|
| <b>1</b>  | <b>OBXECTO DO ESTUDO .....</b>                                          | <b>5</b>  |
| 1.1       | NATUREZA DA TRANSFORMACIÓN .....                                        | 5         |
| 1.2       | LOCALIZACIÓN .....                                                      | 5         |
| 1.3       | DIRECTRICES DO ESTUDO .....                                             | 8         |
| <b>2</b>  | <b>ESTUDO DE CARACTERIZACIÓN .....</b>                                  | <b>9</b>  |
| 2.1       | ESTRUTURA DA PROPIEDAD .....                                            | 9         |
| 2.2       | USOS DO SOLO .....                                                      | 10        |
| 2.3       | ANÁLISE XEOMORFOLÓXICA .....                                            | 13        |
| 2.3.1     | <i>Análise altimétrico</i> .....                                        | 13        |
| 2.3.2     | <i>Análise pendentes</i> .....                                          | 14        |
| 2.3.3     | <i>Análise orientacións</i> .....                                       | 15        |
| 2.3.4     | <i>Litoloxía</i> .....                                                  | 16        |
| 2.3.5     | <i>Permeabilidade do solo</i> .....                                     | 17        |
| 2.3.6     | <i>Hidroloxía</i> .....                                                 | 18        |
| 2.4       | DESCRICIÓN DAS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS .....                              | 19        |
| 2.5       | DESCRICIÓN ÁREAS DE ALTO VALOR AMBIENTAL .....                          | 23        |
| 2.5.1     | <i>Áreas de Alto valor Ambiental</i> .....                              | 23        |
| 2.5.1.1   | Hábitats naturais .....                                                 | 23        |
| 2.5.1.2   | Adxudicación ao mesmo propietario ou creación de subperímetros .....    | 27        |
| 2.5.1.3   | Plan Xestión do Lobo .....                                              | 28        |
| 2.5.1.4   | Espazos naturais con protección legal ou de recoñecida existencia ..... | 29        |
| 2.5.2     | <i>Bens de interese cultural, histórico e artístico</i> .....           | 29        |
| 2.6       | DINAMISMO DO TERRITORIO E POBOACIÓN .....                               | 31        |
| 2.6.1     | <i>Datos da poboación</i> .....                                         | 31        |
| 2.6.1.1   | Evolución da poboación .....                                            | 32        |
| 2.6.1.2   | Densidade poboación .....                                               | 34        |
| 2.6.1.3   | Dinámica de poboación .....                                             | 35        |
| 2.6.1.3.1 | Movemento natural de poboación .....                                    | 35        |
| 2.6.1.3.2 | Movements migratorios .....                                             | 36        |
| 2.6.1.3.3 | Estrutura de poboación. Pirámide de idade .....                         | 37        |
| 2.6.1.3.4 | Indicadores de poboación e demográficos .....                           | 39        |
| 2.6.1.3.5 | Poboación por actividades e sectores .....                              | 40        |
| 2.6.2     | <i>Investimentos realizados</i> .....                                   | 41        |
| 2.6.3     | <i>Experiencias previas de reestruturación parcelaria</i> .....         | 41        |
| <b>3</b>  | <b>SITUACIÓN TRANSFORMADA .....</b>                                     | <b>42</b> |
| 3.1       | ESTRUTURA DA PROPIEDAD TRAS O PROCESO .....                             | 42        |
| 3.2       | UNIDADES MÍNIMAS DE EXPLOTACIÓN .....                                   | 43        |
| 3.3       | POSIBILIDADE DE MITIGAR OS EFECTOS DO CAMBIO CLIMÁTICO .....            | 44        |
| <b>4</b>  | <b>RELACIÓN DE ACTORES RELEVANTES .....</b>                             | <b>45</b> |
| 4.1       | CONSULTA DENDE A DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL .....         | 45        |
| 4.1.1     | <i>Augas de Galicia</i> .....                                           | 46        |
| 4.1.2     | <i>Axencia Galega de infraestruturas</i> .....                          | 46        |
| 4.1.3     | <i>Concello de Padrón</i> .....                                         | 46        |
| 4.1.4     | <i>Consello de Cultura Galega</i> .....                                 | 46        |
| 4.1.5     | <i>Delegación do Goberno</i> .....                                      | 47        |
| 4.1.6     | <i>Demarcación de Estradas do Estado en Galicia</i> .....               | 47        |





|          |                                                                          |           |
|----------|--------------------------------------------------------------------------|-----------|
| 4.1.7    | Deputación Provincial de Pontevedra.....                                 | 47        |
| 4.1.8    | Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.....                              | 47        |
| 4.1.9    | Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal.....              | 48        |
| 4.1.10   | Dirección xeral de Planificación e Protección Civil.....                 | 48        |
| 4.1.11   | Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Minerais.....     | 49        |
| 4.1.12   | Instituto de Estudos do Territorio (IET).....                            | 49        |
| 4.1.13   | Rexistro da propiedade de Caldas de Reis.....                            | 50        |
| 4.2      | COMITÉ TÉCNICO ASESOR.....                                               | 50        |
| <b>5</b> | <b>GRADO DE ACEPTACIÓN SOCIAL.....</b>                                   | <b>50</b> |
| <b>6</b> | <b>AVALIACIÓN ECONÓMICO FINANCEIRA.....</b>                              | <b>51</b> |
| 6.1      | VIDA ÚTIL DO PROXECTO.....                                               | 53        |
| 6.2      | CUSTOS DO PROXECTO .....                                                 | 53        |
| 6.2.1    | Custos de inversión .....                                                | 53        |
| 6.2.2    | Custos Ordinarios.....                                                   | 53        |
| 6.2.2.1  | Custos pastos e millo.....                                               | 54        |
| 6.2.2.2  | Custos viñado .....                                                      | 54        |
| 6.2.2.3  | Custos masas de piñeiro.....                                             | 55        |
| 6.2.2.4  | Custos masas de eucaliptos.....                                          | 55        |
| 6.2.3    | Custos Extraordinarios.....                                              | 56        |
| 6.2.4    | Resumo de Custos da situación con proxecto.....                          | 56        |
| 6.3      | BENEFICIOS DA SITUACIÓN CON PROXECTO .....                               | 57        |
| 6.3.1    | Beneficios Ordinarios .....                                              | 57        |
| 6.3.2    | Beneficios Extraordinarios .....                                         | 58        |
| 6.3.3    | Resumo de Beneficios da situación con Proxecto .....                     | 58        |
| 6.4      | SITUACIÓN SEN PROXECTO .....                                             | 59        |
| 6.4.1    | Custos da situación sen proxecto.....                                    | 59        |
| 6.4.2    | Beneficios da situación sen proxecto .....                               | 60        |
| 6.5      | CUSTOS E BENEFICIOS INCREMENTAIS, FLUXOS INCREMENTAIS NETOS .....        | 61        |
| 6.6      | INDICADORES DE AVALIACIÓN.....                                           | 62        |
| 6.7      | ANÁLISE DE SENSIBILIDADE DO PROXECTO .....                               | 63        |
| 6.7.1    | Mantemento do Uso do solo nas mesmas condicións que na actualidade ..... | 63        |
| 6.7.2    | Incremento do uso do solo agrícola nun 25% respecto á actualidade.....   | 65        |
| <b>7</b> | <b>CONCLUSIÓNS DO ESTUDO.....</b>                                        | <b>66</b> |

## Índice táboas

|          |                                                                                                                                                                                                     |    |
|----------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|
| TÁBOA_1  | DATOS DE PROPIEDAD DA ZONA. FONTE: REXISTRO CATASTRAL .....                                                                                                                                         | 9  |
| TÁBOA_2  | DATOS II DE PROPIEDAD DA ZONA. FONTE: REXISTRO CATASTRAL .....                                                                                                                                      | 9  |
| TÁBOA_3  | DATOS III DE PROPIEDAD DA ZONA. FONTE: REXISTRO CATASTRAL .....                                                                                                                                     | 10 |
| TÁBOA_4  | USOS DO SOLO. FONTE: INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO, SIXPAC 2021.....                                                                                                                           | 11 |
| TÁBOA_5  | ALTITUDES. FONTE: MODELO DIXITAL DO TERREO 2015, CENTRO DE DESCARGAS IGN, ELABORACIÓN PROPIA .....                                                                                                  | 13 |
| TÁBOA_6  | PENDENTES. FONTE: MODELO DIXITAL DO TERREO 2015, CENTRO DE DESCARGAS IGN, ELABORACIÓN PROPIA ....                                                                                                   | 14 |
| TÁBOA_7  | ORIENTACIÓNS. FONTE: MODELO DIXITAL DO TERREO 2015, CENTRO DE DESCARGAS IGN, ELABORACIÓN PROPIA                                                                                                     | 15 |
| TÁBOA_8  | LITOLOXÍA. FONTE: <a href="https://mapas.xunta.es/visores/paisaxe/">HTTPS://MAPAS.XUNTA.ES/VISORES/PAISAXE/</a> .....                                                                               | 16 |
| TÁBOA_9  | PERMEABILIDADE. FONTE: <a href="https://mapas.xunta.es/visores/paisaxe/">HTTPS://MAPAS.XUNTA.ES/VISORES/PAISAXE/</a> .....                                                                          | 17 |
| TÁBOA_10 | EXPLOTACIÓNS DE CATEGORÍA GANDEIRA NA PARROQUIA DE HERBÓN (PADRÓN – A CORUÑA). FONTE: REXISTRO DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS DE GALICIA (REAGA) .....                                                    | 20 |
| TÁBOA_11 | EXPLOTACIÓNS CON ORIENTACIÓN PRODUTIVA VIÑEDO PREFERENTE NA PARROQUIA DE HERBÓN (PADRÓN – A CORUÑA). FONTE: REXISTRO DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS DE GALICIA (REAGA) .....                              | 21 |
| TÁBOA_12 | EXPLOTACIÓNS CON ORIENTACIÓN PRODUTIVA HORTALIZAS AIRE LIBRE E INVERNADOIRO HORTALIZA NA PARROQUIA DE HERBÓN (PADRÓN – A CORUÑA). FONTE: REXISTRO DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS DE GALICIA (REAGA) ..... | 22 |



|                                                                                                                                                                                                                                          |    |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|
| TÁBOA_13 CULTIVOS E SUPERFICIES DECLARADA PARA A PAC NA PARROQUIA DE HERBÓN (PADRÓN – A CORUÑA). FONTE: FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA (FOGGA) .....                                                                                   | 23 |
| TÁBOA_14 HÁBITATS NA ZONA DE ESTUDO. FONTE: MAPAS, VISORES XUNTA DE GALICIA, CONSERVACIÓN DA NATUREZA. <a href="https://mapas.xunta.es/visores/conservaciondanatureza/">HTTPS://MAPAS.XUNTA.ES/VISORES/CONSERVACIONDANATUREZA/</a> ..... | 27 |
| TÁBOA_15 SUPERFICIE PLAN XESTIÓN DO LOBO DENTRO DA ZONA DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA. FONTE: VISOR CONSERVACIÓN DA NATUREZA DA XUNTA DE GALICIA .....                                                                                   | 28 |
| TÁBOA_16 PROSPECCIÓN ARQUEOLÓXICA. FONTE: PROSPECCIÓN ARQUEOLÓXICA INTENSIVA, ANEXO I DO ESTUDO DE IMPACTO, DO ANO 2019. ....                                                                                                            | 30 |
| TÁBOA_17 EVOLUCIÓN POBOACIÓN CONCELLO DE PADRÓN. FONTE: INSTITUTO NACIONAL DE ESTATÍSTICA (INE) .....                                                                                                                                    | 32 |
| TÁBOA_18 DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN POR PARROQUIAS EN PORCENTAXE NO ANO 2021. FONTE: INSTITUTO NACIONAL DE ESTATÍSTICA (INE) .....                                                                                                        | 33 |
| TÁBOA_19 EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN NA PARROQUIA DE HERBÓN. FONTE: INSTITUTO NACIONAL DE ESTATÍSTICA (INE) .                                                                                                                                 | 34 |
| TÁBOA_20 DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN POR ENTIDADES SINGULARES PARA A ZRP. FONTE: INSTITUTO NACIONAL DE ESTATÍSTICA (INE) .....                                                                                                             | 34 |
| TÁBOA_21 DENSIDADE DE POBOACIÓN (HAB/KM <sup>2</sup> ). FONTE: INSTITUTO NACIONAL DE ESTATÍSTICA (INE).....                                                                                                                              | 35 |
| TÁBOA_22 SALDO VEXETATIVO, NACEMENTOS, DEFUNCIÓNS PARA O CONCELLO DE PADRÓN. FONTE: IGE .....                                                                                                                                            | 36 |
| TÁBOA_23 MOVEMENTOS MIGRATORIOS SEGUNDO DESTINO NO CONCELLO DE PADRÓN. FONTE: INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA (IGE) .....                                                                                                                | 37 |
| TÁBOA_24 POBOACIÓN POR GRUPOS DE IDADE E SEXO PARA O CONCELLO DE PADRÓN. FONTE: INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA (IGE) .....                                                                                                              | 38 |
| TÁBOA_25 POBOACIÓN DO CONCELLO DE PADRÓN SEGUNDO GRANDES GRUPOS DE IDADE. FONTE: INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA (IGE) .....                                                                                                             | 39 |
| TÁBOA_26 INDICADORES DEMOGRÁFICOS, DE POBOACIÓN, DE NATALIDADE, DE MORTALIDADE E NUPCIALIDADE PARA O CONCELLO DE PADRÓN. FONTE: INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA (IGE) .....                                                              | 40 |
| TÁBOA_27 AFILIACIÓN LABORAL POR SECTORES EN DECEMBRO DE 2021 PARA O CONCELLO DE PADRÓN. FONTE: INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA (IGE).....                                                                                                | 40 |
| TÁBOA_28 PARO REXISTRADO POR SECTORES PARA O CONCELLO DE PADRÓN. FONTE: INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA (IGE) .....                                                                                                                      | 41 |
| TÁBOA_29 AXUDAS A PRIMEIRA INCORPORACIÓN. FONTE: SERVIZO DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS.....                                                                                                                                                   | 41 |
| TÁBOA_30 EXPERIENCIAS PREVIAS DE REORGANIZACIÓN DA PROPIEDAD. FONTE: VISOR DA XUNTA DE GALICIA, CONCENTRACIÓN PARCELARIA. <a href="http://mapas.xunta.gal/visores/parcelaria/">HTTP://MAPAS.XUNTA.GAL/VISORES/PARCELARIA/</a> .....      | 41 |
| TÁBOA_31 ÍNDICES DE CONCENTRACIÓN E PORCENTAXE DE REDUCIÓN.....                                                                                                                                                                          | 43 |
| TÁBOA_32 ORGANISMOS CONSULTADOS DENTE A DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL .....                                                                                                                                                   | 46 |
| TÁBOA_33 USOS DO SOLO, SITUACIÓN ACTUAL ANTES DA REESTRUTURACIÓN. FONTE: ELABORACIÓN PROPIA.....                                                                                                                                         | 51 |
| TÁBOA_34 DISTRIBUCIÓN CULTIVOS ACTUAIS. FONTE: SIXPAC E ELABORACIÓN PROPIA .....                                                                                                                                                         | 51 |
| TÁBOA_35 USOS DO SOLO PROPOSTA. FONTE: ELABORACIÓN PROPIA .....                                                                                                                                                                          | 52 |
| TÁBOA_36 PRODUCIÓNS DE M.S. DOS PRINCIPAIS CULTIVOS ANTES E DESPOIS DO PROCESO DE REESTRUTURACIÓN. FONTE: ELABORACIÓN PROPIA .....                                                                                                       | 52 |
| TÁBOA_37 CUSTOS DE INVERSIÓN. FONTE: ELABORACIÓN PROPIA .....                                                                                                                                                                            | 53 |
| TÁBOA_38 CUSTOS PARA CULTIVOS PRADEIRA E MILLO. FONTE: ELABORACIÓN PROPIA .....                                                                                                                                                          | 54 |
| TÁBOA_39 CUSTOS DE IMPLANTACIÓN DE VIÑEDO. FONTE: ELABORACIÓN PROPIA.....                                                                                                                                                                | 54 |
| TÁBOA_40 CUSTOS EXPLOTACIÓN 1 HA. VIÑEDO. FONTE: ELABORACIÓN PROPIA .....                                                                                                                                                                | 55 |
| TÁBOA_41 CUSTOS DE PRODUCCIÓN POR HA MASAS DE PIÑEIRO. FONTE: ELABORACIÓN PROPIA .....                                                                                                                                                   | 55 |
| TÁBOA_42 CUSTOS DE PRODUCCIÓN POR HA MASAS DE EUCALIPTO. FONTE: ELABORACIÓN PROPIA .....                                                                                                                                                 | 55 |
| TÁBOA_43 CUSTOS DE PRODUCCIÓN DOS PRINCIPAIS CULTIVOS E PRODUCIÓNS FORESTAI, SITUACIÓN TRALO PROCESO. FONTE: ELABORACIÓN PROPIA .....                                                                                                    | 55 |
| TÁBOA_44 RESUMO CUSTOS DO PROXECTO FONTE: ELABORACIÓN PROPIA .....                                                                                                                                                                       | 57 |
| TÁBOA_45 BENEFICIOS DO VIÑEDO DURANTE O PROXECTO. FONTE: ELABORACIÓN PROPIA .....                                                                                                                                                        | 57 |
| TÁBOA_46 BENEFICIOS ANUAIS ZONA POR CULTIVO. FONTE: ELABORACIÓN PROPIA .....                                                                                                                                                             | 58 |
| TÁBOA_47 RESUMO BENEFICIOS DESPOIS DE PROCESO DE PROXECTO. FONTE: ELABORACIÓN PROPIA .....                                                                                                                                               | 59 |
| TÁBOA_48 CUSTOS DE PRODUCCIÓN ZONA SEN PROXECTO. FONTE: ELABORACIÓN PROPIA .....                                                                                                                                                         | 59 |
| TÁBOA_49 CUSTOS DE PRODUCCIÓN DOS PRINCIPAIS CULTIVOS E PRODUCIÓNS FORESTAI, SITUACIÓN ANTES DO PROCESO. FONTE: ELABORACIÓN PROPIA .....                                                                                                 | 60 |
| TÁBOA_50 BENEFICIOS PRODUCCIÓN ZONA SEN PROXECTO FONTE: ELABORACIÓN PROPIA.....                                                                                                                                                          | 60 |



|                                                                                                     |    |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------|----|
| TÁBOA_51 CUSTOS/BENEFICIOS CON E SEN PROXECTO. FONTE: ELABORACIÓN PROPIA .....                      | 61 |
| TÁBOA_52 CUSTOS/BENEFICIOS INCREMENTAIS, FLUXOS INCREMENTAIS NETOS. FONTE: ELABORACIÓN PROPIA ..... | 62 |
| TÁBOA_53 V.A.N.; T.I.R. FONTE: ELABORACIÓN PROPIA .....                                             | 62 |
| TÁBOA_54 USOS DO SOLO ESTADO ACTUAL. FONTE: ELABORACIÓN PROPIA .....                                | 63 |
| TÁBOA_55 ANÁLISE DE SENSIBILIDADE MESMOS USOS. FONTE: ELABORACIÓN PROPIA.....                       | 64 |
| TÁBOA_56 V.A.N.; T.I.R. CON SITUACIÓN ACTUAL USOS DO SOLO. FONTE: ELABORACIÓN PROPIA.....           | 64 |
| TÁBOA_57 USOS DO SOLO INCREMENTO 25% SAU. FONTE: ELABORACIÓN PROPIA .....                           | 65 |
| TÁBOA_58 ANÁLISE DE SENSIBILIDADE INCREMENTO 25% SAU. FONTE: ELABORACIÓN PROPIA.....                | 65 |
| TÁBOA_59 V.A.N.; T.I.R. CON INCREMENTO 25% SAU. FONTE: ELABORACIÓN PROPIA .....                     | 66 |

## Índice imaxes

|                                                                                                                                                                                                                                       |    |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|
| IMAXE_1 LOCALIZACIÓN. FONTE: MAPAS VISORES XUNTA DE GALICIA .....                                                                                                                                                                     | 6  |
| IMAXE_2 ZONA DE ESTUDO. FONTE: MAPAS VISORES XUNTA DE GALICIA.....                                                                                                                                                                    | 7  |
| IMAXE_3 ZONA DE ESTUDO. FONTE: MAPAS VISORES XUNTA DE GALICIA, CENTRO DESCARGAS IGN, SEDE ELECTRÓNICA<br>CATASTRO .....                                                                                                               | 8  |
| IMAXE_4 USOS DO SOLO. FONTE: INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO, SIXPAC 2021 .....                                                                                                                                                    | 11 |
| IMAXE_5 PARCELAS VITÍCOLA E PEMENTO DE HERBÓN. FONTE: AXENCIA GALEGA DE CALIDADE ALIMENTARIA (AGACAL) E<br>ELABORACIÓN PROPIA.....                                                                                                    | 12 |
| IMAXE_6 ALTITUDES. FONTE: MODELO DIXITAL DO TERREO 2015, CENTRO DE DESCARGAS IGN, ELABORACIÓN PROPIA.....                                                                                                                             | 13 |
| IMAXE_7 PENDENTES. FONTE: MODELO DIXITAL DO TERREO 2015, CENTRO DE DESCARGAS IGN, ELABORACIÓN PROPIA.....                                                                                                                             | 14 |
| IMAXE_8 ORIENTACIÓNS. FONTE: MODELO DIXITAL DO TERREO 2015, CENTRO DE DESCARGAS IGN, ELABORACIÓN PROPIA                                                                                                                               | 15 |
| IMAXE_9 ORIENTACIÓNS. FONTE: <a href="https://mapas.xunta.es/visores/paisaxe/">HTTPS://MAPAS.XUNTA.ES/VISORES/PAISAXE/</a> .....                                                                                                      | 17 |
| IMAXE_10 ORIENTACIÓNS. FONTE: <a href="https://mapas.xunta.es/visores/paisaxe/">HTTPS://MAPAS.XUNTA.ES/VISORES/PAISAXE/</a> .....                                                                                                     | 18 |
| IMAXE_11 REDE HIDROGRÁFICA NA ZRP. FONTE: <a href="https://mapas.xunta.es/visores/paisaxe/">HTTPS://MAPAS.XUNTA.ES/VISORES/PAISAXE/</a> .....                                                                                         | 19 |
| IMAXE_12 HÁBITATS NA ZRP. FONTE: MAPAS VISORES XUTA DE GALICIA,<br><a href="https://mapas.xunta.es/visores/conservaciondanatureza/">HTTPS://MAPAS.XUNTA.ES/VISORES/CONSERVACIONDANATUREZA/</a> .....                                  | 28 |
| IMAXE_13 ZONA PLAN XESTIÓN DO LOBO. FONTE: ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DOS DATOS DO VISOR CONSERVACIÓN DA<br>NATUREZA DA XUNTA DE GALICIA .....                                                                                       | 29 |
| IMAXE_14 ELEMENTOS PATRIMONIAIS. FONTE: MAPAS VISORES XUNTA DE GALICIA, PLAN BÁSICO AUTONÓMICO. ....                                                                                                                                  | 31 |
| IMAXE_15 SALDO VEXETATIVO, NACEMENTOS E DEFUNCIÓNS NO CONCELLO DE PADRÓN. FONTE: INSTITUTO GALEGO DE<br>ESTADÍSTICA (IGE) .....                                                                                                       | 35 |
| IMAXE_16 MOVEMENTOS MIGRATORIOS SEGUNDO DESTINO NO CONCELLO DE PADRÓN. FONTE: INSTITUTO GALEGO DE<br>ESTADÍSTICA (IGE) .....                                                                                                          | 36 |
| IMAXE_17 PIRÁMIDE DE POBOACIÓN DO CONCELLO DE PADRÓN. FONTE: INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA (IGE) .....                                                                                                                              | 38 |
| IMAXE_18 POBOACIÓN DO CONCELLO DE PADRÓN SEGUNDO GRANDES GRUPOS DE IDADE. FONTE: INSTITUTO GALEGO DE<br>ESTADÍSTICA (IGE) .....                                                                                                       | 39 |
| IMAXE_19 AFILIACIÓN EN ALTA LABORAL POR SECTORES PARA O CONCELLO DE PADRÓN. FONTE: INSTITUTO GALEGO DE<br>ESTADÍSTICA (IGE) .....                                                                                                     | 40 |
| IMAXE_20 EXPERIENCIAS PREVIAS DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA. FONTE: VISOR DA XUNTA DE GALICIA, CONCENTRACIÓN<br>PARCELARIA. <a href="http://mapas.xunta.gal/visores/parcelaria/">HTTP://MAPAS.XUNTA.GAL/VISORES/PARCELARIA/</a> ..... | 42 |
| IMAXE_21 CONCESIÓN MINEIRA. FONTE: CATASTRO MINEIRO DE GALICIA.....                                                                                                                                                                   | 49 |
| IMAXE_22 GRÁFICA INDICADORES DE AVALIACIÓN. FONTE: ELABORACIÓN PROPIA .....                                                                                                                                                           | 63 |



## 1 OBXECTO DO ESTUDO

### 1.1 Natureza da transformación

A Reestruturación Parcelaria en Galicia pretende adecuar as condicións estruturais, técnicas e económicas das explotacións agrarias, de acordo con criterios de ordenación axeitada e sustentable delas e dos seus cultivos e aproveitamentos, baixo a perspectiva da súa utilidade económica e social, co fin de fixar a poboación no medio rural e facer rendible a actividade produtiva.

A normativa vixente de aplicación para este tipo de procesos é a *Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia*, tendo como obxectivo principal mellorar as condicións estruturais, técnicas e económicas das explotacións agrarias, de acordo con criterios de ordenación axeitada e sustentable delas e dos seus aproveitamentos, calquera que sexan estes, baixo a perspectiva da súa utilidade económica e social, co fin de fixar a poboación no medio rural para facer rendible a actividade produtiva (art.2.1.a).

Asemade, para os predios que non formen parte das explotacións agrarias, contémpanse medidas de agrupación, redimensionamento, mellora estrutural e de infraestruturas, que faciliten a súa mobilización para uso agrario, entendendo por tal a loita contra o abandono, a formación de novas explotacións ou a incorporación as xa existentes (art.2.1.b), prestando especial atención ao apoio á constitución de iniciativas asociativas para o aproveitamento en común.

Ademais de reordenar a propiedade, establécense unha rede viaria para dar acceso aos predios de substitución, así como outras obras e melloras no territorio de actuación. Ao final do proceso, procédese á inmatriculación rexistral da propiedade concentrada.

### 1.2 Localización

A zona de reestruturación parcelaria está comprendida dentro do concello de Padrón, situándose nunha zona de xeográfica estratéxica para as comunicacións entre as provincias de A Coruña e Pontevedra.

O Concello de Padrón é a porta natural da ría de Arousa e sitúase no límite xeográfico entre o sur da provincia da Coruña e o norte da provincia de Pontevedra, separados polo río Ulla. Xunto cos municipios de Dodro e Rois conforma a Comarca do Sar, da que é capital.

O termo municipal ten unha superficie de 48,4 quilómetros cadrados e está distribuído en cinco parroquias e 91 lugares: San Pedro de Carcacia (18 lugares), Santa María de Cruces (17), Santa María de Herbón (12), Santa María de Iria Flavia (30) e Santiago de Padrón (14).

Dende unha perspectiva socioeconómica, o Concello de Padrón caracterízase pola diversificación da súa estrutura económica, xa que, ademais de ser considerado unha despensa natural para Galicia grazas ao seu clima cálido e chuvioso, nas últimas décadas soubo medrar industrialmente, converter os seus atractivos turísticos e o paso do Camiño Portugués nunha nova fonte de riqueza e desenvolver un sector servizos equilibrado para un municipio con 8.317 habitantes (IGE 2021).



Imaxe\_1 Localización. Fonte: mapas visores Xunta de Galicia

### Parroquia de Herbón (Santa María)


A parroquia de Herbón, está situada na parte sur do concello de Padrón, ten unha superficie de, 9,3 Km<sup>2</sup>, e linda ao norte, coas parroquias de Iria Flavia e Carcacia (Padrón); ao sur, limita con San Xulián (Pontecesures) e Santa Mariña de Barcala (A Estrada); ao leste, coas parroquias de Carcacia (Padrón) e Santa Mariña de Barcala (A Estrada); e ao oeste, coas de Iria Flavia (Padrón) e San Xulián (Pontecesures). O río Ulla cruza a parroquia de leste a oeste, e serve como límite físico polo norte da zona de afectada polo proceso de reestruturación.





Na parroquia de Herbón existen 12 núcleos: A Barca, As Casas Baratas, Os Condes, Confurco, Cortiñas, Herbón, A Igrexa, Morono, O Rego da Manga, Riba da Fonte, A Rocha e Santa Cruz; dos cales , A Barca, Cortiñas, A Rocha, Morono, Os Condes e Confurco se atopan dentro da zona de estudo.

A superficie inicial de actuación é de 351,6 ha.




Imaxe\_2 Zona de Estudo. Fonte: mapas visores Xunta de Galicia

A zona a estudo corresponde coa zona sur da parroquia de Santa María de Herbón. Está delimitada na parte noroeste polo Río Ulla, polo nordeste queda delimitado polo Rego do Castro e un trazado irregular a media ladeira do Monte do Castro, máis concretamente por un camiño de saburra que se sitúa próximo aos límites dos MVMC denominados Aldea de Morono e Castro Valente e Barreiras. Polo sur e suroeste temos o límite municipal entre Padrón e Pontecesures, ademais dun camiño que divide o MVMC denominado Tremedeiro e Os Batáns que pertence a Padrón e que está dentro da nosa área de actuación. Como límite sueste temos o MVMC de Grobas e Fenteira.

Comprende os núcleos de: Cortiñas, A Barca, A Rocha, Morono, Confurco e Os Condes pertencentes ao concello de Padrón; e os lugares de: Láinlle, Monte Outeiro, Sueira, A Cruz, O Lombo, Chan de Mañanza, Agros da Abadía e A Veiga.





Imaxe\_3 Zona de estudo. Fonte: mapas visores Xunta de Galicia, centro descargas IGN, sede electrónica catastro

### 1.3 Directrices do estudo

A Lei 4/2015 do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia establece no seu artigo nº9 a necesidade de elaboración do estudo previo de iniciación, unha vez superado favorablemente o proceso de avaliación, correspondéndolle ó servizo provincial a elaboración do mesmo, logo do mandato da dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural.

A zona de Santa María de Herbón (Padrón), conta cos seguintes traballos realizados pola Administración:

- Estudo de Impacto Ambiental, actualizado en novembro de 2019.
- Consulta de avaliación do cumprimento dos obxectivos xerais para o inicio do proceso de reestruturación parcelaria da zona de Herbón - Pontecesures, con data de publicación 24-03-2022.
- Informe de avaliación, con data de publicación 24-03-2022.

Actualmente a Lei 4/2015, do 17 de xuño, de Mellora da Estrutura Territorial Agraria de Galicia, establece no artigo 40, “A inclusión no proceso de reestruturación parcelaria dun núcleo rural requirirá a solicitude previa e expresa, por parte do concello afectado, á dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural.”



Ademais no presente estudo foi consultada a cartografía seguinte:

▫ Ortofotos:

PNOA-MA-OF-ETRS89-HU29-h50-0120.ecw (IGN)

▫ Modelos Dixitais do Terreo, ano 2015:

MDT02-ETRS89-HU29-0120-4-COB2.asc (IGN)

▫ Cartografía Catastral 15066 – Padrón (Dirección Xeral de Catastro).

▫ Visores de Mapas de Información Xeográfica de Galicia.

▫ Sistema de Información Xeográfica de Parcelas Agrícolas (SIXPAC).

▫ Sistema de Información de Ordenación do Territorio e Urbanismo de Galicia: [Inicio | SIOTUGA \(xunta.gal\)](#)

▫ Consulta na web da Oficina virtual do Medio Rural. ([Concentracións parcelarias - procesos | Oficina Virtual do Medio Rural \(xunta.gal\)](#)).

## 2 ESTUDO DE CARACTERIZACIÓN

### 2.1 Estrutura da propiedade

O perímetro da zona de reestruturación de Herbón, contempla unha superficie total aproximada de 351,55 Ha e os datos catastrais resúmense a continuación:

| CONCEPTO                         |                          | Nº PARCELAS |
|----------------------------------|--------------------------|-------------|
| Parcelas/propietario Único       |                          | 4.342       |
| Parcelas en proindiviso          | Parcelas/2 propietarios  | 231         |
|                                  | Parcelas/3 propietarios  | 1           |
|                                  | Parcelas/4 propietarios  | 187         |
|                                  | Parcelas/5 propietarios  | 1           |
|                                  | Parcelas/>5 propietarios | 1           |
| Parcelas/propietario descoñecido |                          | 403         |
| Total                            |                          | 5.166       |

Táboa\_1 Datos de Propiedade da Zona. Fonte: Rexistro catastral

| CONCEPTO                           | Nº PROPIETARIOS | %      |
|------------------------------------|-----------------|--------|
| Propietario 1 parcela              | 138             | 34,59% |
| Propietario con 2 a 5 parcelas     | 120             | 30,08% |
| Propietario con máis de 5 parcelas | 141             | 35,34% |
| Total                              | 399             |        |

Táboa\_2 Datos II de Propiedade da Zona. Fonte: Rexistro catastral





Cabe destacar que por parte do Concello de Padrón achegáronse 148 sinaturas de veciños, con data 12 de decembro de 2018, que mostraban o seu interese pola realización da reestruturación parcelaria, o que supón un 37% do total de propietarios da zona.

Na Zona de Estudo, e incluídos na anterior táboa (**Táboa\_2 Datos II de Propiedade da Zona**), encóntranse un grupo de propietarios que son colectivos, sociedades ou administracións, así como parcelas en investigación, descontos, etc... Aos cales se fai mención na táboa seguinte:

| PROPIETARIOS COLECTIVOS                                                       | Nº Parcelas |
|-------------------------------------------------------------------------------|-------------|
| Muiño de Condes                                                               | 1           |
| Obras Hidráulicas                                                             | 1           |
| Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Castro Valen                    | 2           |
| Parcelas repetidas                                                            | 3           |
| Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Castrovalente e Barreiras       | 4           |
| Comeprecios SL                                                                | 4           |
| Autopistas do Atlántico Concesionaria española la SA                          | 6           |
| Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Castro V. (Morono)              | 7           |
| Xunta de Galicia                                                              | 4           |
| Concello de Padrón                                                            | 10          |
| Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Tremedeiro e Os Batáns - Padrón | 19          |
| Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Cortiñas                        | 20          |
| Descontos                                                                     | 62          |
| En investigación                                                              | 286         |
| <b>Total</b>                                                                  | <b>429</b>  |

**Táboa\_3 Datos III de Propiedade da Zona. Fonte: Rexistro catastral**

## 2.2 Usos do solo


Na seguinte táboa recóllense os usos do solo dentro do perímetro en estudo, así como a súa superficie e o porcentaxe que supoñen sobre o total, (**Táboa\_4 Usos do Solo**). Dentro do terreo agrícola-gandeiro, destacan os usos terras arables (TA) cun 58,4%,viñedo (VI) 22,1%, pastos (PS) 14,6%, invernadoiro (IV) un 0,9% e horta (TH) 2,5%. Dentro destes terreos agrícolas existen 1,9 Ha. dedicadas a produción de Pemento de Herbón, segundo datos facilitados por AGACAL.

| CULTIVOS                            | SUP. (Ha) | SUP. (%) |
|-------------------------------------|-----------|----------|
| Mosaico de prados, cultivos e sebes | 69,14     | 19,67%   |
| Viñedo                              | 14,18     | 4,03%    |
| Pemento de Herbón                   | 1,56      | 0,44%    |
| Mato                                | 30,35     | 8,63%    |
| Repoboacións forestais              | 163,30    | 46,45%   |
| Masa mixta de frondosas e piñeiros  | 29,55     | 8,40%    |
| Masa de frondosas autóctonas        | 8,96      | 2,55%    |
| Rios e bosques aluviais             | 8,35      | 2,38%    |
| Edificacións                        | 0,84      | 0,24%    |




| CULTIVOS    | SUP. (Ha) | SUP. (%) |
|-------------|-----------|----------|
| Viario      | 9,69      | 2,76%    |
| Zona urbana | 15,63     | 4,45%    |
| Total       | 351,55    |          |

Táboa\_4 Usos do Solo. Fonte: Instituto de Estudos do Territorio, Sixpac 2021



Imaxe\_4 Usos do solo. Fonte: Instituto de Estudos do Territorio, Sixpac 2021



Imaxe\_5 Parcelas vitícola e Pemento de Herbón. Fonte: Axencia Galega de Calidade Alimentaria (AGACAL) e elaboración propia

Na zona de estudo existen distintas Denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas, datos recollidos dos visores da Xunta de Galicia (<https://mapas.xunta.es/visores/paisaxe/>):

- Produtos vexetais:
  - *DO Rías Baixas*, Denominación de Orixe.
  - *Pemento de Herbón*, Denominación de Orixe Protexida.
  - *Grelas de Galicia*, Indicación Xeográfica protexida.
- Queixos:
  - *Queixo de tetilla*, Denominación de orixe protexida.
- Carnes:
  - *Ternera Gallega*, Indicación Xeográfica Protexida.
  - *Lacón Gallego*, Indicación Xeográfica Protexida.
- Augardente de Galicia:
  - *Oruxo de Galicia /Augardente de Galicia*, Indicación xeográfica.
- Outros:
  - *Tarta de Santiago*
  - *Mel de Galicia*




## 2.3 Análise xeomorfolóxica

### 2.3.1 Análise altimétrico

A altitude media da zona de estudo sitúase nos 36,8 m., aproximadamente, sendo a maior cota de 234,9 m. e tendo cotas a nivel do mar na zona nordeste da zona.

| ALTITUDE (m) | Sup. (ha) | %      |
|--------------|-----------|--------|
| 0-50         | 104,36    | 29,69% |
| 50-100       | 116,32    | 33,09% |
| 100-150      | 82,08     | 23,35% |
| 150-200      | 43,36     | 12,34% |
| >200         | 5,40      | 1,54%  |
| Total        | 351,51    | 100%   |

Táboa\_5 Altitudes. Fonte: modelo dixital do terreo 2015, centro de descargas IGN, elaboración propia



Imaxe\_6 Altitudes. Fonte: modelo dixital do terreo 2015, centro de descargas IGN, elaboración propia





### 2.3.2 Análise pendentes


Táboa de pendentes da zona a estudar:

| Rango (%)    | Sup (Ha)      | %      |
|--------------|---------------|--------|
| < 5          | 95,90         | 27,28% |
| 5 - 10       | 83,83         | 23,85% |
| 10 - 20      | 122,21        | 34,76% |
| 20 - 30      | 42,95         | 12,22% |
| 30 - 40      | 5,85          | 1,67%  |
| > 40         | 0,80          | 0,23%  |
| <b>Total</b> | <b>351,55</b> |        |

Táboa\_6 Pendentes. Fonte: modelo dixital do terreo 2015, centro de descargas IGN, elaboración propia

Á vista dos anteriores case a metade da superficie de estudo presentan pendentes inferiores ao 10%; así mesmo, por debaixo de 30% de pendente encóntrase o 98% da zona de estudo.

Polo tanto, a zona de estudo non presenta limitacións de pendente na súa maior parte, o cal permitirá a mecanización das labores e un mellor aproveitamento do solo.



Imaxe\_7 Pendentes. Fonte: modelo dixital do terreo 2015, centro de descargas IGN, elaboración propia






### 2.3.3 Análise orientacións

Táboa de orientacións:

| Orientación  | Sup (ha)      | %      |
|--------------|---------------|--------|
| Norte        | 82,44         | 23,45% |
| Nordeste     | 55,55         | 15,80% |
| Noroeste     | 72,32         | 20,57% |
| Leste        | 21,39         | 6,09%  |
| Oeste        | 64,79         | 18,43% |
| Sueste       | 7,80          | 2,22%  |
| Sur          | 13,15         | 3,74%  |
| Suroeste     | 34,11         | 9,70%  |
| <b>Total</b> | <b>351,55</b> |        |

Táboa\_7 Orientacións. Fonte: modelo dixital do terreo 2015, centro de descargas IGN, elaboración propia

Pódese dicir que a zona de estudo está orientada ao norte, nordeste e noroeste case o 60% da superficie. A orientación oeste e suroeste, suman case un 30% da superficie. As orientación sur e leste son as menos relevantes. Á vista destes datos na zona de estudo as orientacións predominantes son as encardadas ao norte.



Imaxe\_8 Orientacións. Fonte: modelo dixital do terreo 2015, centro de descargas IGN, elaboración propia



#### 2.3.4 Litoloxía

A litoloxía da Zona de Reestruturación Parcelaria está composto por rochas metamórficas, rochas graníticas e depósitos detríticos cuaternarios.

##### ROCHAS METAMÓRFICAS

As rochas metamórficas representan un 24,36% da zona de estudo, presentando unha estrutura baneado xistoso e/ou foliación metamórfica, de tamaño medio-groso, alterabilidade baixa, presenta tons claros, sen risco hídrico e unha xeomorfoloxía de relevos de outeiros suaves.

##### ROCHAS GRANÍTICAS

- Rochas ígneas formadas por rocas cuarzo-feldespáticas con biotita procedentes da deformación e o metamorfismo de granitos. Grao de permeabilidade baixo. Forman a meirande parte do terreo estudado.
- Dominio de rochas graníticas de dúas micas. Facies de grao medio-fino. Grao de permeabilidade e alterabilidade baixo. Coincide coas zonas de maior pendente ao sur da ZRP e ao norte do Rego dos Condes.

As rochas graníticas representan un 68,99% da superficie a estudar. Presentan unha estrutura masiva, de tamaño medio a medio-fino, cunha alterabilidade media, alterabilidade media, tons claros, sen risco hídrico e unha xeomorfoloxía de relevos de outeiros suaves.


##### DEPÓSITOS DETRÍTICOS CUATERNARIOS

Depósitos aluviais nas inmediacións do río Ulla, constituídos por depósitos detríticos cuaternarios cun grao de permeabilidade alta. Tamén na parte baixa do Rego da Rocha.

Os depósitos detríticos cuaternarios representan un 4,67% da superficie. Presentan unha estrutura variable, de tamaño variable, alterabilidade e tons variables, teñen risco alto de inundación e unha xeomorfoloxía de chairas asociadas a depósitos aluviais.

| Litoloxía                         | Sup (ha)      | %      |
|-----------------------------------|---------------|--------|
| DEPÓSITOS DETRÍTICOS CUATERNARIOS | 16,43         | 4,67%  |
| ROCHAS GRANÍTICAS                 | 242,53        | 68,99% |
| ROCHAS METAMÓRFICAS               | 85,64         | 24,36% |
| RÍOS                              | 6,95          | 1,98%  |
| <b>Total</b>                      | <b>351,55</b> |        |

Táboa\_8 Litoloxía. Fonte: <https://mapas.xunta.es/visores/paisaxe/>



Imaxe\_9 Orientacións. Fonte: <https://mapas.xunta.es/visoires/paisaxe/>


### 2.3.5 Permeabilidade do solo

A permeabilidade defínese como a facilidade que un corpo ofrece a ser atravesado por un fluído, neste caso a auga. A permeabilidade depende do número de poros, tamaño e continuidade dos mesmos, polo que está relacionada coa xeoloxía. Así, por exemplo, nas zonas de xistos correspóndense cunha permeabilidade baixa e nos depósitos aluviais de areas, arxilas e cantos cunha permeabilidade alta.

No caso da zona de estudo, o grao de permeabilidade é baixo na maior parte da superficie (93,35%) o que favorece a escorrentía superficial, co cal a maioría das augas procedentes das precipitacións atmosféricas van parar aos leitos fluviais.

| Permeabilidade | Sup (ha) | %      |
|----------------|----------|--------|
| ALTA           | 16,43    | 4,67%  |
| BAIXA          | 328,17   | 93,35% |
| RÍOS           | 6,95     | 1,98%  |
| Total          | 351,55   |        |

Táboa\_9 Permeabilidade. Fonte: <https://mapas.xunta.es/visoires/paisaxe/>



Imaxe\_10 Orientacións. Fonte: <https://mapas.xunta.es/visores/paisaxe/>


### 2.3.6 Hidroloxía

A rede hidrográfica da zona de reestruturación parcelaria está condicionada principalmente polo transcurso do río Ulla que limita ao norte e o conxunto de tres cursos principais formados polo Rego da Revolta, Rego dos Condes e Rego das Bracas que transcorren dirección noroeste ata a zona centro da ZRP onde se xuntan para dar lugar ao rego da Rocha que vai dar ao Ulla. Os tres regos mencionados transcorren por sendas valgadas que constitúen as zonas de maior pendente, aínda que se xuntan nunha zona bastante cha e moi antropizada xa que de maneira primixénea daría lugar a unha chaira de inundación ou unha gándara, pero actualmente transcorren por canles artificiais que discorren entre zonas de viñedos e prados onde nalgúns casos teñen ata os dous metros de profundidade.

Cabe destacar a existencia dunha canle de rega que nace no monte Outeiro, no límite oeste da ZCP e transcorre en dirección este ata o núcleo da Rocha, dende onde segue dirección norte, cruza o Rego da Rocha e vai morrer no Ulla. Por tramos vai soterrado.

Atópanse os seguintes regos e regatos:





Imaxe\_11 Rede hidrográfica na ZRP. Fonte: <https://mapas.xunta.es/visores/paisaxe/>

## 2.4 Descrición das explotacións agrarias

Na actualidade, na parroquia de Herbón existen un total de 135 explotacións segundo datos do rexistro agrario de Galicia (REAGA).

As explotacións con código no Registro General de Explotaciones Ganaderas (REGA) e datos por especie:

- 49 explotacións de bovino
- 8 explotacións de équidos
- 1 explotacións de porcos
- 2 explotacións de abellas
- 1 explotación de bovino e porcos
- 2 explotación de bovino e abellas
- 1 explotación de bovino, cabrún e ovino
- 1 explotación de bovino, cabrún, ovino e ratites
- 4 explotación de bovino e équidos
- 2 explotación de bovino, équidos, cabrún e ovino
- 2 explotación de cabrún e ovino
- 1 explotacións de équidos e abellas
- 1 explotación de équidos, porcos, cabrún e ovino



| CODIGO REAGA | RENTA AGRARIA | PROFESIONAL | CATEGORIA |          | ORIENTACIÓN PRODUCTIVA | TOTAL UGMS |
|--------------|---------------|-------------|-----------|----------|------------------------|------------|
|              |               |             | AGRÍCOLA  | GANDEIRA |                        |            |
| G15065...55  | SI            | SI          | SI        | SI       | Vacas de carne         | 1,00       |
| G15065...30  | SI            | SI          | SI        | SI       | Eguas                  | 1,00       |
| G15065...43  |               |             |           | SI       | Eguas                  | 1,00       |
| G15065...45  |               |             |           | SI       | Eguas                  | 2,40       |
| G15065...79  |               |             |           | SI       | Vacas de carne         | 1,00       |
| G15065...97  | SI            | SI          | SI        | SI       | Eguas                  | 3,00       |
| G15065...14  | SI            | SI          |           | SI       | -                      | 9,00       |
| G15065...31  |               |             |           | SI       | Eguas                  | 0,5        |
| G15065...78  |               |             |           | SI       | Eguas                  | 1,60       |
| G15065...45  |               |             |           | SI       | Eguas                  | 1,00       |
| G15065...43  |               |             |           | SI       | Eguas                  | 1,00       |
| G15065...90  |               |             |           | SI       | Cabras                 | 2,40       |

\*as explotacións sombreadas están dentro da ZRP

**Táboa\_10 Explotacións de categoría gandeira na parroquia de Herbón (Padrón – A Coruña). Fonte: Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REAGA)**

| CODIGO      | PRIORITARIA | RENTA AGRARIA | PROFESIONAL | AGRÍCOLA | GANDEIRA | ORIENTACIÓN PRODUCTIVA | UNIDADES |
|-------------|-------------|---------------|-------------|----------|----------|------------------------|----------|
| G15065...17 |             |               |             | Si       |          | Viñedo Preferente      | 0.04     |
| G15065...26 |             | Si            |             | Si       |          | Viñedo Preferente      | 0.11     |
| G15065...27 |             |               |             | Si       |          | Viñedo Preferente      | 0.03     |
| G15065...55 |             | Si            | Si          | Si       | Si       | Viñedo Preferente      | 0.11     |
| G15065...80 |             |               |             | Si       |          | Viñedo Preferente      | 0.05     |
| G15065...97 |             |               |             | Si       |          | Viñedo Preferente      | 0.14     |
| G15065...30 |             |               |             | Si       | Si       | Viñedo Preferente      | 0.13     |
| G15065...31 |             |               |             | Si       |          | Viñedo Preferente      | 2.2      |
| G15065...32 | Si          | Si            | Si          | Si       |          | Viñedo Preferente      | 0.37     |
| G15065...40 |             |               |             | Si       |          | Viñedo Preferente      | 0.19     |
| G15065...42 |             |               |             | Si       |          | Viñedo Preferente      | 0.04     |
| G15065...43 |             |               |             | Si       |          | Viñedo Preferente      | 0.02     |
| G15065...50 |             |               |             | Si       |          | Viñedo Preferente      | 0.05     |
| G15065...60 |             |               |             | Si       |          | Viñedo Preferente      | 0.04     |
| G15065...66 |             |               |             | Si       |          | Viñedo Preferente      | 0.03     |
| G15065...70 |             |               |             | Si       |          | Viñedo Preferente      | 0.03     |
| G15065...71 |             |               |             | Si       |          | Viñedo Preferente      | 0.1      |
| G15065...72 |             |               |             | Si       |          | Viñedo Preferente      | 0.02     |
| G15065...75 |             |               |             | Si       |          | Viñedo Preferente      | 0.1      |



| CODIGO      | PRIORITARIA | RENTA AGRARIA | PROFESIONAL | AGRÍCOLA | GANDEIRA | ORIENTACIÓN PRODUCTIVA | UNIDADES |
|-------------|-------------|---------------|-------------|----------|----------|------------------------|----------|
| G15065...79 |             | Si            |             | Si       |          | Viñedo Preferente      | 0.02     |
| G15065...81 |             |               |             | Si       |          | Viñedo Preferente      | 0.03     |
| G15065...89 |             |               |             | Si       |          | Viñedo Preferente      | 0.02     |
| G15065...90 |             | Si            |             | Si       |          | Viñedo Preferente      | 0.69     |
| G15065...02 |             |               |             | Si       |          | Viñedo Preferente      | 0.06     |
| G15065...10 |             | Si            | Si          | Si       |          | Viñedo Preferente      | 0.13     |
| G15065...14 |             |               |             | Si       |          | Viñedo Preferente      | 0.02     |
| G15065...16 |             |               |             | Si       |          | Viñedo Preferente      | 0.05     |
| G15065...19 |             |               |             | Si       |          | Viñedo Preferente      | 0.12     |
| G15065...23 |             |               |             | Si       |          | Viñedo Preferente      | 0.02     |
| G15065...27 |             |               |             | Si       |          | Viñedo Preferente      | 0.13     |
| G15065...29 |             |               |             | Si       |          | Viñedo Preferente      | 0.09     |
| G15065...31 |             |               |             | Si       |          | Viñedo Preferente      | 0.05     |
| G15065...34 |             |               |             | Si       |          | Viñedo Preferente      | 0.29     |
| G15065...35 |             |               |             | Si       |          | Viñedo Preferente      | 0.15     |
| G15065...36 |             | Si            |             | Si       |          | Viñedo Preferente      | 0.19     |
| G15065...37 |             | Si            | Si          | Si       |          | Viñedo Preferente      | 0.07     |
| G15065...38 |             |               |             | Si       |          | Viñedo Preferente      | 0.18     |
| G15065...74 | Si          | Si            |             | Si       |          | Viñedo Preferente      | 0.23     |
| G15065...44 | Si          | Si            |             | Si       |          | Viñedo Preferente      | 0.12     |
| G15065...52 |             |               |             | Si       |          | Viñedo Preferente      | 0.03     |
| G15065...53 |             |               |             | Si       |          | Viñedo Preferente      | 0.16     |
| G15065...61 |             |               |             | Si       |          | Viñedo Preferente      | 0.09     |
| G15065...63 |             |               |             | Si       |          | Viñedo Preferente      | 0.06     |
| G15065...67 |             |               |             | Si       |          | Viñedo Preferente      | 0.03     |
| G15065...70 |             |               |             | Si       |          | Viñedo Preferente      | 0.02     |
| G15065...71 |             |               |             | Si       |          | Viñedo Preferente      | 0.16     |
| G15065...72 |             |               |             | Si       |          | Viñedo Preferente      | 0.01     |
| G15065...73 |             |               |             | Si       |          | Viñedo Preferente      | 0.04     |
| G15065...75 |             |               |             | Si       |          | Viñedo Preferente      | 0.06     |
| G15065...76 |             | Si            |             | Si       |          | Viñedo Preferente      | 0.07     |
| G15065...80 |             |               |             | Si       |          | Viñedo Preferente      | 0.07     |
| G15065...85 |             |               |             | Si       |          | Viñedo Preferente      | 0.57     |
| G15065...86 |             |               |             | Si       |          | Viñedo Preferente      | 0.02     |

**Táboa\_11 Explotacións con orientación produtiva Viñedo preferente na parroquia de Herbón (Padrón – A Coruña). Fonte: Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REAGA)**



| CODIGO      | PRIORITARIA | OUTROS | RENTA AGRARIA | PROFESIONAL | AGRÍCOLA | GANDEIRA | PROD. CONVENCIONAL | ORIENTACIÓN PRODUCTIVA | UNIDADE |
|-------------|-------------|--------|---------------|-------------|----------|----------|--------------------|------------------------|---------|
| G15065...55 |             |        | Si            | Si          | Si       | Si       |                    | Hortalizas aire libre  | 0.41    |
|             |             |        | Si            | Si          | Si       | Si       |                    | Invernadoiro hortaliza | 0.14    |
| G15065...32 | Si          |        | Si            | Si          | Si       |          |                    | Hortalizas aire libre  | 0.22    |
| G15065...61 | Si          |        | Si            | Si          | Si       |          |                    | Hortalizas aire libre  | 0.38    |
| G15065...72 | Si          |        | Si            | Si          | Si       |          |                    | Hortalizas aire libre  | 0.25    |
|             | Si          |        | Si            | Si          | Si       |          |                    | Invernadoiro hortaliza | 0.24    |
| G15065...74 | Si          |        | Si            |             | Si       |          |                    | Hortalizas aire libre  | 0.15    |
| G15065...77 | Si          |        | Si            | Si          | Si       |          |                    | Hortalizas aire libre  | 0.35    |
| G15065...97 |             | Si     | Si            | Si          | Si       | Si       |                    | Invernadoiro hortaliza | 0.31    |
|             |             | Si     | Si            | Si          | Si       | Si       |                    | Hortalizas aire libre  | 0.36    |
| G15065...15 |             |        | Si            | Si          | Si       |          |                    | Hortalizas aire libre  | 0.48    |
| G15065...16 |             |        | Si            |             | Si       |          |                    | Hortalizas aire libre  | 0.02    |
| G15065...37 | Si          |        | Si            | Si          | Si       |          |                    | Hortalizas aire libre  | 0.21    |
|             | Si          |        | Si            | Si          | Si       |          |                    | Invernadoiro hortaliza | 0.1     |
| G15065...40 |             | Si     | Si            | Si          | Si       |          | Si                 | Hortalizas aire libre  | 0.2     |
|             |             | Si     | Si            | Si          | Si       |          | Si                 | Invernadoiro hortaliza | 0.44    |
| G15065...44 | Si          |        | Si            |             | Si       |          |                    | Hortalizas aire libre  | 0.53    |
| G15065...48 | Si          |        | Si            | Si          | Si       |          |                    | Hortalizas aire libre  | 0.3     |
|             | Si          |        | Si            | Si          | Si       |          |                    | Invernadoiro hortaliza | 0.17    |
| G15065...50 | Si          |        | Si            | Si          | Si       |          |                    | Hortalizas aire libre  | 0.34    |
| G15065...59 |             | Si     |               |             | Si       |          | Si                 | Hortalizas aire libre  | 0.02    |
| G15065...60 |             | Si     |               |             |          |          |                    | Invernadoiro hortaliza | 0.14    |
| G15065...74 |             | Si     |               |             | Si       |          | Si                 | Hortalizas aire libre  | 0.1     |

**Táboa\_12 Explotacións con orientación produtiva Hortalizas aire libre e Invernadoiro hortaliza na parroquia de Herbón (Padrón – A Coruña). Fonte: Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REAGA)**

Valorando os datos da Táboa\_10 explotación de categoría gandeira na parroquia de Herbón, o total de UGMs da parroquia de Herbón son 24,9 e para a zona de reestruturación parcelaria suman 7,5 UGMs, co cal a carga gandeira sería, para a parroquia de Herbón, de 0,36 e para a zona de reestruturación parcelaria de 0,11. Estes datos evidencian que a zona de estudo non ten unha orientación de explotación gandeira senón que a maior parte son explotacións para autoconsumo.

Segundo datos facilitados por Axencia Galega de Calidade Alimentaria (AGACAL), na parroquia de Herbón existen 39 explotacións con orientación produtiva viñedo preferente. Así mesmo, dentro da zona de reestruturación parcelaria hai 463 parcelas con dereitos de plantación, que ocupan 15,83 Ha., o que se corresponde cun 4,5% con respecto a superficie total.

Segundo datos do FOGGA, as parcelas declaradas dentro da Zona de Estudo, para ser beneficiarios das axudas da Política Agraria Común (PAC), ocupan 1,96 Ha., o que reflicte que





nesta zona non existen explotacións gandeiras de relevancia. A superficie declarada é o 0,56% da superficie total (Plano 6 - Declaracións PAC).

Na seguinte táboa, desagreganse por cultivos declarados:

| Produto declarado        | Superficie declarada (ha) | %      | % total superficie |
|--------------------------|---------------------------|--------|--------------------|
| Millo                    | 0,3                       | 15,31% | 0,09%              |
| Pastos de máis de 5 anos | 0,32                      | 16,33% | 0,09%              |
| Viñedo                   | 0,09                      | 4,59%  | 0,03%              |
| Pemento                  | 0,41                      | 20,92% | 0,12%              |
| Descoñecido              | 0,84                      | 42,86% | 0,24%              |
| <b>Total</b>             | <b>1,96</b>               |        | <b>0,56%</b>       |

Táboa\_13 Cultivos e superficies declarada para a PAC na parroquia de Herbón (Padrón – A Coruña). Fonte: Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga)

## 2.5 Descrición áreas de alto valor ambiental

### 2.5.1 Áreas de Alto valor Ambiental

#### 2.5.1.1 Hábitats naturais

Tomando como base a Lei 5/2019, de 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia e o anexo I da Directiva 92/43/CEE do Consello, de 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres:

- **Hábitats de interese comunitario:** son os que se atopan ameazados de desaparición na súa área de distribución natural, os que presentan unha área de distribución natural reducida a causa da regresión ou debido ó seu área intrinsecamente restrinxida, ou os que constitúen exemplos representativos de características típicas dunha ou varias das cinco rexións bioxeográficas seguintes: alpina, atlántica, continental, macaronesia e mediterránea.
- **Hábitats naturais prioritarios:** son aqueles hábitats ameazados de desaparición cuxa conservación supón unha especial responsabilidade, debido á importancia da proporción da súa área de distribución natural incluída no territorio no que se aplica o Real Decreto.

Segundo a información da base de datos do Ministerio de Medio Ambiente, a través da Subdirección de Conservación da Biodiversidade, na área de estudo, atoparíanse os seguintes hábitats:

- 3260: Ríos dos pisos basal a montano con vexetación de *Ranunculus fluitantis* e de *Callitriche-Batrachion*.
- 4030: Queirogais secos europeos.
- 6430: Megaforbios eutrofos higrófilos das orlas de chaira e dos pisos de montano a alpino.
- 6510: Prados de sega de baixa altitude (*Alopecurus pratensis*, *Sanguisorba officinalis*).



- 8230: Rochedos silíceos con vexetación pioneira do *Sedo-Scleranthion* ou do *Sedo albi-Veronicion dillenii*.
- 91E0\*: Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (Alno-Padion, Alnion incanae, Salicion albae).
- 9230: Carballeiras galaico-portugueses con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*.
- 9330: Sobreirais de *Quercus suber*.

### **Ríos de pisos de planicie a montano**

O hábitat con código 3260 Ríos de pisos de basal a montano con vexetación de *Ranunculion fluitantis* e de *Callitricho-Batrachion*, correspóndese cos regatos de caudal variable e vexetación acuática de plantas somerxidas. A vexetación das augas correntes é diversa, aparecendo, entre outras, especies de *Ranunculus*, *Callitriche*, ou ben briofitos acuáticos como *Fontinalis antipyretica*.

A rede hidrolóxica da área de estudo pertence á cunca media-baixa do Río Ulla e dos regos tributarios, o Rego de Rocha de maior entidade e o pequeno Rego do Castro. Estes leitos fluviais manteñen unha elevada diversidade determinada polo mantemento dun réxime hidrolóxico natural, non regulado e pola reducida contaminación das súas augas.

### **Queirogais secos europeos**

Son matogueiras densas desenvolvidas sobre solos ben drenados formados a partir de materiais silíceos e, máis raramente, sobre solos calcarios descarbonatados. Distribúense pola totalidade de termotipos e ombrotipos representados en Galicia.

Os uceirais secos europeos foron repoboados na súa maior parte quedando zonas menos alteradas como o monte de O Lombo en Morono.

### **Megaforbios eutrofos higrófilos**

Os herbais higrófilos como os megaforbios de umbelíferas son comunidades de grandes herbas desenvolvidas baixo o ambiente (sub)nemoral de diversos tipos de bosques, en particular de formacións riparias así como bosques de carácter pantanoso.

Nesta zona os herbais higrófilos como os megaforbios, localízanse asociados ós regos como o Rego da Rocha e nas cabeceiras do Rego de Condes e o Rego da Revolta.

### **Prados de sega de baixa altitude**

Prados de sega ricos en especies, sobre solos lixeira a moderadamente fertilizados das chairas e niveis submontanos, pertencentes ás alianzas *Arrhenatherion* e *Brachypodio-Centaureion nemoralis*. Estes prados extensivos son ricos en especies de floración aparente e adóitanse cortar unha ou dúas veces ao ano, unha vez florecidas as gramíneas.

Estes prados naturais atópanse no entorno do Rego de Rocha, Rego das Bracas, Rego de Condes e Rego da Revolta; e tamén nas orlas forestais e noiros dos rodais de carballeira (Confurco; Grobas; O Lombo; ...).





### **Rochedos silíceos**

Os rochedos silíceos 8230 son comunidades que se desenvolven sobre gretas, superficies rochosas e solos esqueléticos de poucos centímetros de espesor, e que están colonizados por comunidades vivaces pouco densas de baixa talla e cobertura laxa.

Estes hábitats rochosos silíceos de natureza granítica aparecen no monte de O Lombo en Morono e tamén na maior parte das zonas forestais periféricas.

### **Bosques aluviais**

O hábitat 91E0\*: Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno- Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*), considérase prioritario na Directiva 92/43/CEE, e dicir, é un hábitat natural ameazado de desaparición cuxa conservación supón unha responsabilidade para a Comunidade Autónoma na que se atopa.

O bosque aluvial asociado a ríos e regos atópase fragmentado e alterado polos cultivos forestais de eucaliptos, aínda así mantense nalgúns tramos fluviais no Río Ulla e no Rego de Rocha.

### **Carballeiras galaico-portugueses**

O hábitat 9230 defínese na directiva como Carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*. No “*Interpretation Manual of European Union Hábitats*” especifica que a definición refírese en exclusiva a aqueles hábitats nos que a árbore predominante é o *Quercus pyrenaica*. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, na publicación “Bases ecológicas preliminares para la conservación de los tipos de hábitats de interés comunitario en España” do ano 2009 propón modificar o nome deste hábitat para facelo extensivo as carballeiras galaico-portuguesas e de cerquiños. Así incluíríase un subtipo de hábitat que abarcaría as carballeiras termófilas de *Quercus robur* frecuentemente mixtos con *Quercus pyrenaica*.

Na zona de estudo destacan pequenos rodais fragmentados e máis ou menos alterados polos cultivos forestais e especies invasoras, en Grobas, Confurco, Rego da Revolta e Rego de Condes.

### **Sobreirais**

Son bosques pluriestratificados de *Quercus suber* que se desenvolven sobre solos esqueléticos ácidos, derivados de granitos, cuarcitas ou lousas, en ladeiras fortemente insoladas e, con frecuencia, de elevada pendente. Distribúense fundamentalmente nas áreas mesomediterráneas en ombroclima subhúmido-húmido, aínda que existen pequenas representacións nas áreas eurosiberianas como as cuncas do Tambre e Ulla.

Destaca un pequeno rodal na cabeceira do Rego de Condes (Grobas-Fenteira), e rexenerados de sobreira escaso e disperso no entorno de Agros da Abadía e Chan de Mañanza.





### Outros hábitats non presentes na directiva

Ademais dos hábitats naturais anteriores, en Herbón adquiren gran importancia os hábitats de tipo antropoxénico, como son os agrosistemas e os hábitats agro-silvo-pastorais.

Hoxe en día, moitos destes hábitats desapareceron debido ó fracaso das estruturas agrarias, dando paso á proliferación crecente de plantacións forestais. Ademais, moitos dos exemplos que aínda quedan sufriron os males da intensificación agrogandeira. Os vales fértiles de Cortiñas, Morono, Confurco, Grobas, Fenteira e Rego da Rocha conservan aínda unha paisaxe agrícola en mosaico de prados, sebes arbóreas de carballo e cultivos de viña característicos, aportando singularidade paisaxística e etnográfica.

Na seguinte táboa móstrase a superficie ocupada por cada un dos diferentes tipos de vexetación e hábitats e a porcentaxe da superficie total que supoñen.


|                                                                                                 | Superficie (ha) | %     |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------|-------|
| Bosque aluvial (91E0*)                                                                          | 8,38            | 2,38  |
| Carballeiras galaicoportuguesas (9230)                                                          | 8,63            | 2,45  |
| Carballeiras galaicoportuguesas (9230), sobreirais de Quercus suber (9330) e megaforbios (6430) | 0,02            | 0,006 |
| Uceirais secos europeos (4030) e rochedos silíceos (8230)                                       | 4,28            | 0,14  |
| <b>TOTAL</b>                                                                                    | <b>21,31</b>    |       |

Táboa\_14 Hábitats na zona de estudo. Fonte: mapas, visores Xunta de Galicia, conservación da natureza.

<https://mapas.xunta.es/visores/conservaciondanatureza/>

#### 2.5.1.2 Adxudicación ao mesmo propietario ou creación de subperímetros

Na zona de reestruturación **non se contempla a exclusión de ningún sector** por motivos ambientais, mais propóñense dúas solucións, adxudicación ao mesmo propietario ou creación de subperímetros. Isto é debido a que non todas as leiras antigas teñen acceso á nova rede de camiños, polo que, nestes casos, a solución pasa por delimitar a zona de interese, calcular as achegas de cada propietario incluído nela e adxudicar o valor das mesmas no mínimo número de predios de substitución posible.



Imaxe\_12 Hábitats na ZRP. Fonte: mapas visores Xuta de Galicia,  
<https://mapas.xunta.es/visores/conservaciondanatureza/>

### 2.5.1.3 Plan Xestión do Lobo

Recollido no Decreto 297/2008, de 30 de decembro, polo que se aproba o Plan de xestión do lobo en Galicia.

A área da Reestruturación Parcelaria está comprendido dentro da Zonificación 3 do Plan de Xestión do Lobo.

“c) Zona 3.

*Non se autorizarán controis salvo casos excepcionais que terán que estar especialmente xustificados.”*


*Na zona 3 os controis terán carácter excepcional e só poderán ser realizados polos axentes da consellería competente en materia de ambiente .*

A superficie ocupada por esta figura de protección móstrase na seguinte táboa:

| Plan xestión do Lobo            | Superficie (Ha) na zona de estudo | %    |
|---------------------------------|-----------------------------------|------|
| Plan de xestión do Lobo: Zona 3 | 351,6                             | 100% |

Táboa\_15 Superficie Plan Xestión do Lobo dentro da Zona de Reestruturación Parcelaria. Fonte: Visor

Conservación da Natureza da Xunta de Galicia



Imaxe\_13 Zona Plan xestión do Lobo. Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Visor Conservación da Natureza da Xunta de Galicia

#### 2.5.1.4 Espazos naturais con protección legal ou de recoñecida existencia

O único espazo de especiais características, é o que conforman toda a rede de drenaxe da zona xunto co seu entronque no río Ulla. Segundo se recolle no Anexo I do Decreto 37/2014, do 27 de marzo, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e apróbase o Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia é a que ocupa a conca do río Ulla, no límite da zona a concentrar, sinalada no citado Anexo I como ZEC SISTEMA FLUVIAL ULLA-DEZA (ES 1140001).

#### 2.5.2 Bens de interese cultural, histórico e artístico

Dentro do estudo de impacto ambiental, realizouse unha Prospección Arqueolóxica intensiva da zona de estudo que permite determinar a presenza de calquera tipo de depósito ou vestixio arqueolóxico na zona afectada polo proceso reestruturador.




Os resultado da antedita Prospección Arqueolóxica son os seguintes:

| ELEMENTOS ETNOGRÁFICOS |                       |                               |
|------------------------|-----------------------|-------------------------------|
| Código Inventario      | Tipoloxía             | Nome do elemento              |
| CR01                   | Etnografía. Cruceiro  | Cruceiro 1 de Morono          |
| CR02                   | Etnografía. Cruceiro  | Cruceiro 2 de Morono          |
| CR03                   | Etnografía. Cruceiro  | Cruceiro de Os Condes         |
| F01                    | Etnografía. Lavadoiro | Fonte e lavadoiro de Cortiñas |
| F02                    | Etnografía. Lavadoiro | Fonte e lavadoiro de Morono   |
| F03                    | Etnografía. Lavadoiro | Fonte e lavadoiro de Confurco |
| F04                    | Patrimonio Inmaterial | Fonte de Morono               |
| F05                    | Patrimonio Inmaterial | Fonte nova de Morono          |
| MU01                   | Etnografía. Muíño     | Muíño 1 de A Barca            |
| MU02                   | Etnografía. Muíño     | Muíño 2 de A Barca            |
| MU03                   | Etnografía. Muíño     | Muíño 3 de A Barca            |
| MU04                   | Etnografía. Muíño     | Muíño 4 de A Barca            |
| MU05                   | Etnografía. Muíño     | Muíño 1 de A Rocha            |
| MU06                   | Etnografía. Muíño     | Muíño 2 de A Rocha            |
| MU07                   | Etnografía. Muíño     | Muíño 3 de A Rocha            |
| MU08                   | Etnografía. Muíño     | Muíño de Os Condes            |
| MU09                   | Etnografía. Muíño     | Muíño de Confurco             |
| PE01                   | Etnografía. Pesqueira | Pesqueira de Areas            |
| PE02                   | Etnografía. Pesqueira | Pesqueira de As Vellas        |
| PE03                   | Etnografía. Pesqueira | Pesqueira do Canal            |
| PO01                   | Etnografía. Pombal    | Pombal de A Barca             |
| PO02                   | Etnografía. Pombal    | Pombal de Morono              |

Táboa\_16 Prospección arqueolóxica. Fonte: prospección arqueolóxica intensiva, Anexo I do Estudo de Impacto, do ano 2019.





Imaxe\_14 Elementos Patrimoniais. Fonte: mapas visores Xunta de Galicia, Plan Básico Autonómico.

## 2.6 Dinamismo do territorio e poboación

### 2.6.1 Datos da poboación

O estudo da poboación ten un interese decisivo en calquera traballo de planeamento físico. O coñecemento de cuestións tales como a dimensión do stock de poboación e a súa evolución histórica, o movemento natural ou os movementos migratorios, a estrutura de idades e sexos ou a distribución da poboación sobre o territorio é de primordial interese á hora de establecer a ordenación física do mesmo.

A Reestruturación Parcelaria inflúe na socioeconomía dunha zona, xa que o seu obxectivo é mellorar a rendibilidade das explotacións agropecuarias, facendo que teñan unha estrutura máis eficiente nas producións.

A fase de execución dos traballos previos e das obras relacionadas co proceso concentrador, supón unha importante inversión directa por parte da administración, favorecendo á economía da zona.

Unha vez rematado o proceso da Reestruturación Parcelaria, os propietarios beneficianse das vantaxes que supón dispoñer dunhas predios de substitución de maior tamaño, con formas máis regulares e dotadas dun acceso axeitado que permite e facilita a mecanización das actividades,





así como o transporte dos produtos obtidos aos centros de distribución. Isto implica unha redución dos custos de produción, co conseguinte aumento da renda dispoñible para os agricultores.

Outro efecto da agrupación das terras é que se poden explotar dunha forma máis racional, xa que se incrementa a superficie por finca e permítese o acceso de maquinaria que habitualmente coas infraestruturas previas non era posible, permitindo o aproveitamento de zonas que antes non eran explotables por non existir un acceso axeitado.

Para a análise das características socioeconómicas do ámbito de estudo, centrouse nos seguintes aspectos.

#### **2.6.1.1 Evolución da poboación**

A evolución demográfica de Padrón a través da consulta no Instituto Galego de Estatística (IGE) dos padróns de habitantes.


| PADRÓN |       |       |          |
|--------|-------|-------|----------|
| ANO    | Total | Homes | Mulleres |
| 1981   | 9948  | -     | -        |
| 1986   | 10161 | -     | -        |
| 1991   | 10019 | -     | -        |
| 1996   | 10066 | -     | -        |
| 1998   | 9548  | -     | -        |
| 1999   | 9548  | -     | -        |
| 2000   | 9260  | 4453  | 4807     |
| 2001   | 9295  | 4478  | 4817     |
| 2002   | 9242  | 4438  | 4804     |
| 2003   | 9136  | 4375  | 4761     |
| 2004   | 9070  | 4339  | 4731     |
| 2005   | 9035  | 4327  | 4708     |
| 2006   | 9016  | 4317  | 4699     |
| 2007   | 9030  | 4342  | 4688     |
| 2008   | 9016  | 4334  | 4682     |
| 2009   | 8968  | 4295  | 4673     |
| 2010   | 8985  | 4312  | 4673     |
| 2011   | 8924  | 4256  | 4668     |
| 2012   | 8882  | 4249  | 4633     |
| 2013   | 8707  | 4168  | 4539     |
| 2014   | 8693  | 4171  | 4522     |
| 2015   | 8643  | 4168  | 4475     |
| 2016   | 8581  | 4131  | 4450     |
| 2017   | 8463  | 4055  | 4408     |
| 2018   | 8386  | 4025  | 4361     |
| 2019   | 8384  | 4030  | 4354     |
| 2020   | 8366  | 4035  | 4331     |
| 2021   | 8317  | 4011  | 4306     |

**Táboa\_17 Evolución poboación concello de Padrón. Fonte: Instituto Nacional de Estatística (INE)**



Na táboa pode verse un constante decrecemento da poboación dende os anos oitenta, só se constatan tres aumentos de poboación de 1981 a 1986, de 2000 a 2001 e 2010 e 2011.

A porcentaxe das parroquias con respecto ao total do Concello para o ano 2021:



**Táboa\_18 Distribución da poboación por parroquias en porcentaxe no ano 2021. Fonte: Instituto Nacional de Estadística (INE)**

No caso da parroquia de Herbón, a variación de poboación total e por sexos foi a seguinte:

| Ano  | Herbón |       |          |
|------|--------|-------|----------|
|      | Total  | Homes | Mulleres |
| 2000 | 757    | 372   | 385      |
| 2001 | 759    | 367   | 392      |
| 2002 | 746    | 366   | 380      |
| 2003 | 751    | 372   | 379      |
| 2004 | 749    | 368   | 381      |
| 2005 | 735    | 360   | 375      |
| 2006 | 725    | 353   | 372      |
| 2007 | 725    | 359   | 366      |
| 2008 | 719    | 357   | 362      |
| 2009 | 703    | 349   | 354      |
| 2010 | 708    | 351   | 357      |
| 2011 | 695    | 343   | 352      |
| 2012 | 684    | 335   | 349      |
| 2013 | 666    | 330   | 336      |
| 2014 | 669    | 329   | 340      |
| 2015 | 657    | 320   | 337      |
| 2016 | 641    | 314   | 327      |



| Herbón |       |       |          |
|--------|-------|-------|----------|
| Ano    | Total | Homes | Mulleres |
| 2017   | 630   | 302   | 328      |
| 2018   | 619   | 299   | 320      |
| 2019   | 623   | 301   | 322      |
| 2020   | 614   | 298   | 316      |
| 2021   | 593   | 288   | 305      |

Táboa\_19 Evolución da poboación na parroquia de Herbón. Fonte: Instituto Nacional de Estadística (INE)

Como ocorre no total da poboación do concello, na parroquia de Herbón a poboación decrece ano a ano, con só un par de excepcións, o que evidencia unha constante despoboación da zona.

A poboación por entidades dentro da Zona de Reestruturación Parcelaria:

| ZRP HERBÓN                        |            |            |            |
|-----------------------------------|------------|------------|------------|
| Entidades poboación dentro da ZRP | Total      | homes      | mulleres   |
| BARCA (A)                         | 4          | 1          | 3          |
| CONDES (OS)                       | 8          | 5          | 3          |
| CONFURCO                          | 10         | 6          | 4          |
| CORTIÑAS                          | 73         | 35         | 38         |
| MORONO                            | 97         | 49         | 48         |
| ROCHA (A)                         | 14         | 7          | 7          |
| <b>Total poboación ZRP</b>        | <b>206</b> | <b>103</b> | <b>103</b> |

Táboa\_20 Distribución da poboación por entidades singulares para a ZRP. Fonte: Instituto Nacional de Estadística (INE)

### 2.6.1.2 Densidade poboación

Comparativa densidades de poboación dende nivel autonómico a nivel da zona de estudo:

| Densidade de poboación |         |          |        |        |            |
|------------------------|---------|----------|--------|--------|------------|
| Ano                    | Galicia | A Coruña | Padrón | Herbón | ZRP Herbón |
| 2001                   | 91,20   | 137,90   | 182,60 | 89,28  | 70,26      |
| 2002                   | 91,20   | 137,90   | 182,60 | 87,75  | 71,11      |
| 2003                   | 91,50   | 138,50   | 182,70 | 88,33  | 73,10      |
| 2004                   | 91,70   | 138,90   | 183,30 | 88,10  | 73,39      |
| 2005                   | 92,00   | 139,60   | 183,30 | 86,45  | 73,10      |
| 2006                   | 92,30   | 140,30   | 184,50 | 85,28  | 74,24      |
| 2007                   | 92,70   | 141,00   | 185,60 | 85,28  | 73,10      |
| 2008                   | 93,10   | 142,00   | 185,40 | 84,57  | 72,54      |
| 2009                   | 93,60   | 142,80   | 185,10 | 82,69  | 71,68      |
| 2010                   | 93,70   | 143,20   | 186,30 | 83,28  | 72,54      |
| 2011                   | 93,80   | 143,40   | 185,60 | 81,75  | 70,26      |
| 2012                   | 93,70   | 143,50   | 184,50 | 80,45  | 68,55      |
| 2013                   | 93,40   | 143,20   | 183,40 | 78,34  | 66,28      |
| 2014                   | 92,90   | 142,60   | 183,10 | 78,69  | 65,99      |
| 2015                   | 92,50   | 142,00   | 181,70 | 77,28  | 64,86      |
| 2016                   | 92,00   | 141,40   | 180,30 | 75,40  | 63,15      |



| Densidade de poboación |         |          |        |        |            |
|------------------------|---------|----------|--------|--------|------------|
| Ano                    | Galicia | A Coruña | Padrón | Herbón | ZRP Herbón |
| 2017                   | 91,60   | 141,10   | 178,20 | 74,10  | 62,01      |
| 2018                   | 91,40   | 141,10   | 176,70 | 72,81  | 59,17      |
| 2019                   | 91,30   | 141,10   | 175,80 | 73,28  | 61,16      |
| 2020                   | 91,40   | 141,30   | 175,10 | 72,22  | 60,30      |
| 2021                   | 91,20   | 141,10   | 173,60 | 69,75  | 58,60      |


Táboa\_21 Densidade de poboación (hab/km<sup>2</sup>). Fonte: Instituto Nacional de Estatística (INE)

Como se pode ver a densidade de poboación da zona de reestruturación está por debaixo do resto de valores, o que nos indica que non é unha zona especialmente poboada.

### 2.6.1.3 Dinámica de poboación

#### 2.6.1.3.1 Movemento natural de poboación

Analízase o movemento natural do Concello de Padrón nun período de 46 anos (1975-2021), reflectíndoo no seguinte gráfico de liña, que presenta a tendencia ao longo do tempo. A pendente é descendente no saldo vexetativo (*liña azul*), que corresponde á diferenza entre nacementos (*liña vermella*) e defuncións (*liña verde*). Dos 46 anos examinados, o saldo vexetativo é positivo en 18 anos, é dicir, naceron máis persoas das que morreron (datos do I.G.E). Con todo, 14 destes 18 casos positivos danse nos primeiros 15 anos analizados, a partir do ano 1989 o saldo vexetativo é negativo en todos eles, exceptuando o ano 1993, 2000, 2006 e 2009, o que indica a constante perda de poboación do Concello de Padrón.



Imaxe\_15 Saldo vexetativo, nacementos e defuncións no Concello de Padrón. Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)


| Padrón |            |            |                  |      |            |            |                  |
|--------|------------|------------|------------------|------|------------|------------|------------------|
| Ano    | Nacementos | Defuncións | Saldo vexetativo | Ano  | Nacementos | Defuncións | Saldo vexetativo |
| 1975   | 139        | 82         | 57               | 1998 | 46         | 59         | -13              |
| 1976   | 158        | 86         | 72               | 1999 | 60         | 89         | -29              |



| Padrón |            |            |                  |      |            |            |                  |
|--------|------------|------------|------------------|------|------------|------------|------------------|
| Ano    | Nacementos | Defuncións | Saldo vexetativo | Ano  | Nacementos | Defuncións | Saldo vexetativo |
| 1977   | 145        | 103        | 42               | 2000 | 66         | 62         | 4                |
| 1978   | 174        | 58         | 116              | 2001 | 69         | 89         | -20              |
| 1979   | 152        | 72         | 80               | 2002 | 82         | 93         | -11              |
| 1980   | 153        | 77         | 76               | 2003 | 70         | 73         | -3               |
| 1981   | 157        | 96         | 61               | 2004 | 68         | 86         | -18              |
| 1982   | 149        | 85         | 64               | 2005 | 72         | 84         | -12              |
| 1983   | 117        | 80         | 37               | 2006 | 86         | 82         | 4                |
| 1984   | 118        | 92         | 26               | 2007 | 77         | 82         | -5               |
| 1985   | 116        | 85         | 31               | 2008 | 67         | 89         | -22              |
| 1986   | 65         | 88         | -23              | 2009 | 85         | 79         | 6                |
| 1987   | 106        | 83         | 23               | 2010 | 81         | 88         | -7               |
| 1988   | 91         | 78         | 13               | 2011 | 65         | 84         | -19              |
| 1989   | 100        | 68         | 32               | 2012 | 69         | 87         | -18              |
| 1990   | 76         | 107        | -31              | 2013 | 53         | 85         | -32              |
| 1991   | 68         | 78         | -10              | 2014 | 72         | 78         | -6               |
| 1992   | 84         | 92         | -8               | 2015 | 73         | 82         | -9               |
| 1993   | 72         | 66         | 6                | 2016 | 73         | 99         | -26              |
| 1994   | 73         | 81         | -8               | 2017 | 59         | 99         | -40              |
| 1995   | 65         | 88         | -23              | 2018 | 68         | 117        | -49              |
| 1996   | 56         | 77         | -21              | 2019 | 45         | 87         | -42              |
| 1997   | 69         | 83         | -14              | 2020 | 36         | 106        | -70              |
|        |            |            |                  | 2021 | 41         | 117        | -76              |

Táboa\_22 Saldo vexetativo, nacementos, defuncións para o Concello de Padrón. Fonte: IGE

#### 2.6.1.3.2 Movements migratorios



Imaxe\_16 Movements migratorios segundo destino no Concello de Padrón. Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)





|      | Padrón          |                     |                    |                |
|------|-----------------|---------------------|--------------------|----------------|
|      | Intraprovincial | Co resto de Galicia | Co resto de España | Co estranxeiro |
| 1990 | ..              | ..                  | ..                 | ..             |
| 1991 | ..              | ..                  | ..                 | ..             |
| 1992 | -12             | 8                   | 10                 | 36             |
| 1993 | 33              | -19                 | 4                  | 11             |
| 1994 | -46             | 5                   | -11                | 12             |
| 1995 | -59             | -21                 | -15                | 9              |
| 1996 | -5              | 6                   | 2                  | 7              |
| 1997 | 4               | -16                 | 16                 | 8              |
| 1998 | 18              | -14                 | -20                | 11             |
| 1999 | 40              | 13                  | -10                | 36             |
| 2000 | 11              | 23                  | -6                 | 44             |
| 2001 | 0               | 1                   | -21                | 30             |
| 2002 | -8              | -25                 | -7                 | 41             |
| 2003 | -16             | 19                  | -19                | 42             |
| 2004 | -12             | -21                 | -4                 | 47             |
| 2005 | 13              | 5                   | -3                 | 45             |
| 2006 | -14             | 27                  | -16                | 54             |
| 2007 | -29             | -8                  | -14                | 56             |
| 2008 | -29             | 10                  | -12                | 24             |
| 2009 | 13              | -21                 | 20                 | 25             |
| 2010 | -54             | -1                  | 15                 | 12             |
| 2011 | -89             | 16                  | 8                  | 25             |
| 2012 | -29             | -38                 | 11                 | 7              |
| 2013 | 2               | -18                 | 3                  | 12             |
| 2014 | -22             | -20                 | -15                | 6              |
| 2015 | -17             | -19                 | -15                | 5              |
| 2016 | -61             | -31                 | -4                 | 8              |
| 2017 | -23             | 1                   | -20                | 10             |
| 2018 | -6              | 0                   | -8                 | 12             |
| 2019 | 5               | -29                 | 15                 | 21             |
| 2020 | -25             | -4                  | 11                 | 14             |
| 2021 | -6              | 8                   | 11                 | 21             |

**Táboa\_23** Movementos migratorios segundo destino no Concello de Padrón. Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

A emigración no Concello de Padrón parece que se decanta por destinos ao estranxeiro, inda que non existen diferencias significativas entre destinos.

#### 2.6.1.3.3 Estrutura de poboación. Pirámide de idade


O termo municipal de Padrón tiña no ano 2021 unha poboación de 8.317 habitantes, repartidos en grupos de idades e sexo da seguinte maneira (datos I.G.E.):

|     | Padrón. Ano 2021 |       |           |          |              |
|-----|------------------|-------|-----------|----------|--------------|
|     | Total            | Homes | Homes (%) | Mulleres | Mulleres (%) |
| 0-4 | 261              | 132   | 3,3%      | 129      | 3,0%         |



|              | Padrón. Ano 2021 |             |           |             |              |
|--------------|------------------|-------------|-----------|-------------|--------------|
|              | Total            | Homes       | Homes (%) | Mulleres    | Mulleres (%) |
| 5-9          | 305              | 161         | 4,0%      | 144         | 3,3%         |
| 10-14        | 362              | 173         | 4,3%      | 189         | 4,4%         |
| 15-19        | 367              | 192         | 4,8%      | 175         | 4,1%         |
| 20-24        | 333              | 168         | 4,2%      | 165         | 3,8%         |
| 25-29        | 342              | 182         | 4,5%      | 160         | 3,7%         |
| 30-34        | 459              | 237         | 5,9%      | 222         | 5,2%         |
| 35-39        | 576              | 286         | 7,1%      | 290         | 6,7%         |
| 40-44        | 683              | 324         | 8,1%      | 359         | 8,3%         |
| 45-49        | 692              | 350         | 8,7%      | 342         | 7,9%         |
| 50-54        | 659              | 341         | 8,5%      | 318         | 7,4%         |
| 55-59        | 593              | 300         | 7,5%      | 293         | 6,8%         |
| 60-64        | 600              | 306         | 7,6%      | 294         | 6,8%         |
| 65-69        | 481              | 228         | 5,7%      | 253         | 5,9%         |
| 70-74        | 509              | 230         | 5,7%      | 279         | 6,5%         |
| 75-79        | 413              | 183         | 4,6%      | 230         | 5,3%         |
| 80-84        | 303              | 97          | 2,4%      | 206         | 4,8%         |
| 85 e máis    | 379              | 121         | 3,0%      | 258         | 6,0%         |
| <b>Total</b> | <b>8317</b>      | <b>4011</b> |           | <b>4306</b> |              |

Táboa\_24 Poboación por grupos de idade e sexo para o Concello de Padrón. Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)



Imaxe\_17 Pirámide de Poboación do Concello de Padrón. Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)




Na actualidade, a estrutura demográfica de Padrón presenta un claro envellecemento, xa que a poboación se distribúe na súa maior parte nos rangos de idade que atopamos na parte superior da pirámide (45-85 e máis anos).

Na seguinte táboa poden observarse os datos dos grandes grupos de idade para o concello:

| Padrón       |              |              |              |         |
|--------------|--------------|--------------|--------------|---------|
| 2021         |              |              |              |         |
| Idade        | Total        | Homes        | Mulleres     | % Total |
| Menos de 16  | 1.008        | 514          | 494          | 12,1%   |
| 16-64        | 5.224        | 2.638        | 2.586        | 62,8%   |
| Máis de 64   | 2.085        | 859          | 1.226        | 25,1%   |
| <b>TOTAL</b> | <b>8.317</b> | <b>4.001</b> | <b>4.306</b> |         |

**Táboa\_25 Poboación do Concello de Padrón segundo grandes grupos de idade. Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)**



**Imaxe\_18 Poboación do Concello de Padrón segundo grandes grupos de idade. Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)**

#### 2.6.1.3.4 Indicadores de poboación e demográficos

| Padrón. Ano 2020                                  |       | Padrón . Ano 2021                                 |        |
|---------------------------------------------------|-------|---------------------------------------------------|--------|
| Taxa bruta de natalidade                          | 4,27  | Taxa de crecemento composto continuo              | ..     |
| Taxa xeral de fecundidade                         | 20,83 | Porcentaxe de poboación segundo ámbito xeográfico | 53,31  |
| Idade media á maternidade                         | 32,62 | Densidade de poboación                            | 173,6  |
| Idade media da nai ao nacemento do primeiro fillo | 31,59 | Idade media no 1 de xaneiro                       | 46,92  |
| Índice sintético de fecundidade                   | 0,77  | Porcentaxe de poboación menor de 20 anos          | 16,76  |
| Porcentaxe de nacementos de nai non casada        | 55,56 | Porcentaxe de poboación entre 20 e 64 anos        | 58,7   |
| Relación de masculinidade ao nacemento            | 300   | Porcentaxe de poboación de 65 e máis anos         | 24,54  |
| Taxa bruta de reprodución                         | 0,19  | Índice de envellecemento                          | 146,43 |
| Taxa bruta de mortalidade                         | 12,57 | Índice de sobreenvellecemento                     | 18,32  |



| Padrón. Ano 2020                             |       | Padrón . Ano 2021                                |        |
|----------------------------------------------|-------|--------------------------------------------------|--------|
| Taxa de mortalidade. Homes                   | 12    | Índice de dependencia global                     | 58,26  |
| Taxa de mortalidade. Mulleres                | 13,1  | Índice de dependencia xuvenil                    | 19,43  |
| Ratio de masculinidade á defunción           | 85,96 | Índice de dependencia senil                      | 38,84  |
| Taxa bruta de nupcialidade                   | 1,42  | Índice de estrutura da poboación en idade activa | 155,43 |
| Taxa xeral de nupcialidade                   | 1,62  | Índice de recambio da poboación en idade activa  | 155,28 |
| Idade media ao primeiro matrimonio. Homes    | 34,17 | Índice de masculinidade                          | 94,21  |
| Idade media ao primeiro matrimonio. Mulleres | 33,81 |                                                  |        |

**Táboa\_26 Indicadores demográficos, de poboación, de natalidade, de mortalidade e nupcialidade para o Concello de Padrón. Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)**


#### 2.6.1.3.5 Poboación por actividades e sectores

O sector que maior afiliación presenta é o sector servizos, cun 65,3%, seguido dos sectores industria, 24,3%, e construción, 7,7%. O sector agricultura e pesca só presenta unha afiliación en alta laboral do 2,2% do total de afiliados no concello.

|                     | decembro 2021                           |       |
|---------------------|-----------------------------------------|-------|
|                     | Afiliación en alta laboral por sectores | %     |
| Agricultura e pesca | 74                                      | 2,2%  |
| Industria           | 817                                     | 24,3% |
| Construción         | 259                                     | 7,7%  |
| Servizos            | 2.195                                   | 65,3% |
| Non consta          | 14                                      | 0,4%  |
| <b>Total</b>        | <b>3.359</b>                            |       |

**Táboa\_27 Afiliación laboral por sectores en decembro de 2021 para o Concello de Padrón. Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)**

#### Afiliación en alta laboral por sectores



**Imaxe\_19 Afiliación en alta laboral por sectores para o Concello de Padrón. Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)**

A taxa de paro actual para A Coruña é de 10,9% e a taxa a nivel Galicia sitúase no 11,2%, datos de segundo trimestre de 2022 recollidos no Instituto Galego de Estatística (IGE).

O Concello de Padrón rexistra un paro de 446 persoas, datos de setembro de 2022, sendo o sector servizos o que maior porcentaxe de paro rexistra, cun 68,2%:



|                      | Padrón                       |       |
|----------------------|------------------------------|-------|
|                      | Paro rexistrado por sectores | %     |
| Agricultura/Pesca    | 9                            | 2,0%  |
| Industria            | 71                           | 15,9% |
| Construción          | 30                           | 6,7%  |
| Servizos             | 304                          | 68,2% |
| Sen emprego anterior | 32                           | 7,2%  |
| <b>Paro total</b>    | <b>446</b>                   |       |

Táboa\_28 Paro rexistrado por sectores para o Concello de Padrón. Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

## 2.6.2 Investimentos realizados

Axudas a primeiras incorporacións na zona de estudo:

| ANO  | LIÑA | NIF/DNI   | CEA        | Data Exp   | AXUDA  | LUGAR  | C.P.  | PARROQUIA | CONCELLO |
|------|------|-----------|------------|------------|--------|--------|-------|-----------|----------|
| 2013 | A    | 787****8K | 15065***01 | 29/11/2013 | 13.668 | HERBÓN | 15915 | PADRÓN    | PADRÓN   |

Táboa\_29 Axudas a primeira incorporación. Fonte: Servizo de Explotacións agrarias


## 2.6.3 Experiencias previas de reestruturación parcelaria

En parroquias próximas, aínda que non lindeiras á zona de reestruturación parcelaria, pertencentes a Padrón e outros Concellos, leváronse a cabo procesos de concentración parcelaria, todos eles xa rematados, excepto Dodro-Laiño, en execución.

| Zona                     | Concello  | Sup. (Ha) | Nº prop. | Data firmeza Acordo | Parcelas | Predios |
|--------------------------|-----------|-----------|----------|---------------------|----------|---------|
| Vegas de Pazos           | Padrón    | 100       | 318      | 02-12-1959          | 3048     | 545     |
| Longais – Vegas de Rosío | Padrón    | 21        | 114      | 19-05-1960          | 262      | 123     |
| Estramundi               | Padrón    | 145       | 464      | 23-04-1970          | 2863     | 683     |
| Carcacía - Rumille       | Padrón    | 245       | 653      | 05-12-1979          | 9731     | 1128    |
| Barcala                  | A Estrada | 249       | 378      | 03-08-1992          | 6160     | 935     |
| Dodro - Laiño            | Dodro     | 470       | 1007     | -                   | 9402     | -       |

Táboa\_30 Experiencias previas de reorganización da propiedade. Fonte: visor da Xunta de Galicia, concentración parcelaria. <http://mapas.xunta.gal/visores/parcelaria/>





Imaxe\_20 Experiencias previas de reestruturación parcelaria. Fonte: visor da Xunta de Galicia, concentración parcelaria. <http://mapas.xunta.gal/visores/parcelaria/>

### 3 SITUACIÓN TRANSFORMADA

#### 3.1 Estrutura da propiedade tras o proceso

Do estudo de caracterización despréndese que existe un elevado grado de parcelación na zona, contando con aproximadamente con 5.166 parcelas, as cales pertencen ao arredor de 399 propietarios catastrais. Destes propietarios, máis da terceira parte posúen unha parcela.

| PARÁMETRO                                | VALOR  |
|------------------------------------------|--------|
| Superficie aportada (Ha)                 | 351,55 |
| Superficie a distribuír (Ha)             | 308,29 |
| Número de Parcelas                       | 5.166  |
| Número de predios de substitución        | 784    |
| Número de propietarios                   | 399    |
| Número de propietarios con parcela única | 138    |
| Superficie media por parcela (Ha)        | 0,064  |



| PARÁMETRO                                        | VALOR |
|--------------------------------------------------|-------|
| Superficie media por predio de substitución (Ha) | 0,42  |
| Parcelas/propietario                             | 12,95 |
| Predios de substitución/propietario              | 1,96  |
| Índice de concentración                          | 7,78  |
| Coeficiente de reestruturación                   | 91,9  |
| % redución                                       | 8%    |

**Táboa\_31 Índices de Concentración e Porcentaxe de Redución**

Para a estimación dos futuros predios de substitución da Zona de Reestruturación Parcelaria, escóllese entre as reestruturacións parcelarias, xa levadas a cabo, máis próximas á zona de estudo. A ZRP de Barcala (A Estrada) por número de propietarios e número de parcelas iniciais, pode ser a máis similar á zona de estudo, ademais é a zona de reestruturación, con datos, máis recente. Polo isto se estima que o número de predios de substitución sería unha redución do 85% do número de parcelas iniciais (**Táboa\_26 Experiencias previas de reestruturación parcelaria**).

O índice de concentración e coeficiente de concentración foron calculados coas seguintes fórmulas:

$$\text{Índice de concentración} = \frac{n^{\circ} \text{ de parcelas} - n^{\circ} \text{ de propietarios dunha soa parcela}}{n^{\circ} \text{ de predios} - n^{\circ} \text{ de propietarios dunha soa parcela}}$$

$$\text{Coeficiente de concentración} = \frac{n^{\circ} \text{ de parcelas} - n^{\circ} \text{ de predios}}{n^{\circ} \text{ de parcelas} - n^{\circ} \text{ de propietarios}} \times 100$$

O coeficiente de redución foi escollido entre o 7% e o 8%, tomando este último pola situación da zona, na que será preciso a apertura ou acondicionamento de un número elevado de camiños, ademais das zonas reservadas para masas comúns.

### 3.2 Unidades mínimas de explotación

Referímonos aquí ó tamaño mínimo que deberían ter os predios de substitución para poder ser explotadas dun xeito razoable tras o proceso de reestruturación.

O tamaño medio do predio de substitución é de 0,42 ha., un aumento de 7 veces con respecto a situación actual, valor que aínda non sendo moi elevado permite unha correcta mecanización e uso da propiedade.

En canto ó tamaño das explotacións, este non pode ser modificado directamente polo proceso de reestruturación, pero si pode sen embargo mellorar a base territorial de estas, poñendo á súa disposición (vía arrendamentos ou mesmo a compra) predios de substitución que antes non eran atractivas para a súa explotación.



### 3.3 Posibilidade de mitigar os efectos do cambio climático

Na exposición de motivos da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, recóllese que o espazo rural enténdese como un conxunto de actividades relacionadas e equilibradas, no que as funcións produtivas deben convivir en harmonía coas de defensa do contorno, da paisaxe e do patrimonio cara a un obxectivo único: a mellora de calidade de vida da poboación no seu medio e, como corolarios, a loita contra o abandono, a mitigación dos efectos do cambio climático, a alimentación sa e de calidade, a fixación da poboación no territorio rural e a mellora dos servizos postos á súa disposición.

*“A mitigación dos efectos do cambio climático e a protección do entorno e o medio ambiente, que se concreta en figuras como a execución específica de procesos de reestruturación por causas medioambientais, a introdución de criterios de conservación da rede actual de camiños e a reserva de terreos para actuacións relativas a aplicación de medidas de corrección de impactos ambientais”.*

As Administracións Públicas “desenvolverán accións destinadas a superar a elevada fragmentación da propiedade, a reducir e reverter o abandono das terras, a mellorar as condicións de desenvolvemento sustentable de actividades agrícolas, gandeiras e forestais e á mitigación e adaptación aos riscos ambientais, en especial aos incendios forestais, e tamén aquelas tendentes á mellora e protección ambiental e paisaxística”

No relativo ás políticas preventivas contra os incendios forestais, os procesos de reestruturación pretenden *“a mobilización das terras agrarias en manifesto estado de abandono mediante a declaración como perímetros abandonados dun conxunto de fincas con vocación agraria, cando puideran supoñer risco de incendios forestais ou sexan obxecto de incendios, co conseguinte perigo para as áreas habitadas próximas as zonas queimadas, ou cando existise demanda de terra por parte de explotacións agrarias xa existentes nesas zonas ou para novas iniciativas de explotacións agrarias”.*

Entre os obxectivos xerais que se enuncian no artigo nº 2 da citada Lei, unha boa parte fan alusión a sostibilidade e a loita contra o abandono e o cambio climático, pero o proceso reestruturados tamén supón efectos ambientais, xa que obriga a impedir o estado de abandono das fincas atribuídas e a respectar os seus valores ambientais, entre outras cuestións, mediante a cesión a terceiros ou incorporándoas ó Banco de Terras durante 10 anos si non se pode garantir dito coidado. Articúlase un sistema de mobilización de terras agrarias de carácter obrigatorio para quen non poda facer fronte ás súas obrigas de coidado como propietario, ben pola vía privada —cesións a terceiros—, ben pola incorporación o mecanismo público do Banco de Terras.

En síntese, podemos dicir que:

1. A mellora da rede viaria como consecuencia dun proceso de reestruturación parcelaria redonda nunha redución dos tempos de transporte, especialmente importante en determinadas tarefas relacionadas coa xestión dunha explotación, que supoñen un elevado número de viaxes ás fincas dos propietarios, diminuíndo en consecuencia os consumos de combustible.



2. Como consecuencia de mellorar a configuración das fincas en termos de dimensións e regularidade, tamén se reducen os tempos de traballo, aumentando os rendementos e diminuindo os consumos de combustible.
3. Unha axeitada ordenación dos usos, así como a posta en produción de terreos en estado de abandono, reduce o risco de incendios forestais así como a mobilización de terras para o seu uso agrícola.

## 4 RELACIÓN DE ACTORES RELEVANTES

Coa finalidade de determinar a viabilidade e idoneidade da reestruturación na zona e como paso previo á declaración oficial do proceso mediante decreto, este Servicio iniciou os trámites de recompilación de información sobre as principais afeccións, actuacións ou proxectos que podan condicionar o desenvolvemento do proceso, para dar cumprimento ao establecido no artigo 9.2 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, que establece:

“O servizo provincial solicitará ao concello ou concellos afectados e ao comité técnico asesor definido no artigo 14, así como a calquera outro organismo ou entidade que xulgue conveniente, informes non vinculantes co fin de coñecer o seu criterio respecto das posibles actuacións na zona.”

Segundo o artigo 9.3 da citada lei ditos organismos e entidades disporán dun prazo de 3 meses para remitir dita información.

### 4.1 Consulta dende a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural

Dende a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia foron consultados os seguintes organismos, dos que a data 11/10/2022 contestaron os seguintes:

| ORGANISMO                                                              | RECIBIDO | NON RECIBIDO |
|------------------------------------------------------------------------|----------|--------------|
| Augas de Galicia                                                       | x        |              |
| Axencia Galega de Infraestruturas                                      | x        |              |
| Concello de Padrón                                                     | x        |              |
| Consello Cultura Galega                                                | x        |              |
| Delegación do Goberno                                                  | x        |              |
| Demarcación de Estradas do Estado en Galicia                           | x        |              |
| Deputación Provincial da Coruña                                        |          | x            |
| Deputación Provincial de Pontevedra                                    | x        |              |
| Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias |          | x            |
| Dirección Xeral de Ordenación do territorio e Urbanismo                |          | x            |
| Dirección Xeral de Patrimonio Cultural                                 | x        |              |
| Dirección Xeral de Patrimonio Natural                                  |          | x            |
| Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal                 | x        |              |
| Dirección Xeral de Planificación e Protección Civil                    | x        |              |
| Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Minerais        | x        |              |
| Instituto de Estudos do Territorio (IET)                               | x        |              |
| Xerencia Rexional de Catastro                                          |          | x            |
| Ilustre Colexio Notarial de Galicia                                    |          | x            |
| Rexistro da propiedade de Caldas de Reis                               | x        |              |



| ORGANISMO                                   | RECIBIDO | NON RECIBIDO |
|---------------------------------------------|----------|--------------|
| Rexistro da propiedade de Padrón            |          | x            |
| Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN) |          | x            |

**Táboa\_32 Organismos consultados dende a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural**

A documentación completa xúntase no **Anexo II – Consultas a órganos relevantes**. A continuación faise un resumo das respostas achegadas á Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural:

#### **4.1.1 Augas de Galicia**

Vista a documentación aportada en relación ao proxecto conclúese que non é previsible que o proxecto poida causar impactos ambientais significativos tendo en conta as medidas protectoras e correctoras previstas polo promotor no documento presentado e as consideracións a tal efecto referidas no presente informe.

Estas consideracións emítense estritamente dende o punto de vista das competencias deste organismo de bacía, sen entrar a valorar outras consideracións técnicas, urbanísticas ou ambientais que non son obxecto do presente informe.

#### **4.1.2 Axencia Galega de infraestruturas**

No ámbito do proxecto de reestruturación parcelaria atópase a seguinte estrada da RAEGA:

| Clave  | Rede  | Denominación                            | Treito                                  |
|--------|-------|-----------------------------------------|-----------------------------------------|
| PO-214 | Local | Pontecesures (N-550) - Baloira (PO-841) | Pontecesures (N-550) – Guntín (EP-8401) |

No dito ámbito non hai actuacións en execución, nin planificadas por parte desta Axencia Galega de Infraestruturas.

As afeccións producidas polas estradas autonómicas pertencentes á RAEGA son as indicadas na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

Os accesos ás estradas de titularidade autonómica regúlanse nos artigos 127 a 132 do Regulamento xeral de estradas de Galicia aprobado polo Decreto 66/2016, do 26 de maio e na Orde do 23 de maio de 2019 pola que se regulan os accesos nas estradas de Galicia e nas súas vías de servizo.

#### **4.1.3 Concello de Padrón**

Dende o punto de vista que afecta ó termino municipal de Padrón non se atopa impedimento ó proxecto presentado para a reestruturación parcelaria de Herbón-Pontecesures.

#### **4.1.4 Consello de Cultura Galega**

Como conclusión:

- Os bens de interese cultural non se ven afectados pola actuación proposta. En canto a outros elementos, debe terse en conta as indicacións do estudo de impacto ambiental.
- A actuación proposta é compatible cos valores funcionais da paisaxe existente tendo en conta o indicado no apartado correspondente.





- c) Dende o punto de vista da ordenación do territorio, a transformación proposta é compatible coas características edáficas e topográficas da área.
- d) A actuación proposta pode afectar á conservación de hábitats de interese comunitario, polo que deberá velarse pola súa conservación.

#### 4.1.5 Delegación do Goberno

En relación á solicitude sobre a reestruturación parcelaria non se recibiu ningunha alegación ao respecto.

#### 4.1.6 Demarcación de Estradas do Estado en Galicia

Vista a documentación relativa ao expediente do proxecto, así como o informe da concesionaria da autopista AP-9, infórmase:

- Solicítanse as principais afeccións da reestruturación parcelaria de Herbón.
- No desenrolo desta concentración, segundo o polígono que se aporta, a AP-9 vese afectada entre os PP.KK. 93+800 y 94+600 aproximadamente.

#### 4.1.7 Deputación Provincial de Pontevedra

En virtude da inexistencia de afección, tanto directa como indirecta, respecto das estradas de titularidade provincial esta Deputación e no relativo ao perímetro provisional do Proxecto de reestruturación parcelaria de Herbón-Pontecesures, determinase que **non procede achegar información, alegacións ou suxestións respecto do solicitado**. Sen prexuízo da necesaria posterior análise unha vez se determine de xeito definitivo o perímetro do Proxecto de reestruturación parcelaria de Herbón-Pontecesures”.

#### 4.1.8 Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

Os bens do patrimonio cultural que gozan dunha protección son os clasificados como bens de interese cultural ou catalogados, aos que se lles pode aplicar un contorno de protección. A maiores pode haber bens do patrimonio cultural censados ou identificados que aínda non gozan da protección.

##### a) Bens de interese cultural

Segundo as bases de datos desta dirección xeral, non consta a declaración específica de ningún ben de interese cultural no ámbito referido na solicitude, aínda que unha parte del atópase no contorno de protección delimitado no Decreto 151/2013, do 12 de setembro, polo que se declara ben de interese cultural, coa categoría de monumento, o convento franciscano de Santo Antonio de Herbón. En concreto, unha extensión de case 800 m da ribeira sur do río Ulla, fronte ao convento.

Tamén constan varios bens de interese cultural considerados como tal por ministerio de lei: Hórreos e Cruceiros. Cómpre advertir que calquera hórreo e cruceiro que se localice no ámbito, se foi construído antes de 1901 ou ten unha antigüidade de máis de 100 anos, ten a consideración de ben de interese cultural, independentemente de se está inventariado ou non.



b) Bens catalogados

No ámbito referido na solicitude non consta ningún ben catalogado especificamente por esta consellería, sen embargo en aplicación do establecido no artigo 30 da LPCG, os seguintes bens teñen a consideración de catalogados por ter sido recollidos individualmente singularizados nos instrumentos de planeamento urbanístico e ordenación do territorio, de acordo coa información dispoñible na PBA: O catálogo do Plan básico autonómico de Galicia, aprobado polo Decreto 83/2018, do 26 de xullo, e actualizado por Resolución do 21/12/2021 da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, recolle o seguinte ben no ámbito:

- Hórreo en Fenteira (código 48.816)

c) Bens censados

No ámbito indicado non consta ningún ben incluído no Censo do Patrimonio Cultural previsto no artigo 14 da LPCG.

d) Outros bens do patrimonio cultural identificados

Ademais dos anteditos bens considerados clasificados ou protexidos pola lexislación específica, para a elaboración desta información foron identificados outros bens para os que se presupón o valor cultural e que, polo tanto, formarían parte do patrimonio cultural de Galicia (artigo 1 da LPCG), aínda que ata o de agora non estean protexidos.

Ademais, cómpre advertir que algúns dos bens de interese cultural ou catalogados existentes teñen un contorno de protección delimitado, no que é de aplicación o réxime de protección establecido na lexislación do patrimonio cultural. No caso dos monumentos, zonas arqueolóxicas e vías culturais declarados de interese cultural ou catalogados nos que non se delimitase o seu contorno de protección de modo específico, a Lei establece que os contornos de protección subsidiarios estarán constituídos, de forma subsidiaria, por unha franxa cunha anchura medida conforme co establecido no artigo 38 da LPCG. Isto implica que amplas zonas do ámbito obxecto desta solicitude quedarán sometidas a este réxime de protección do patrimonio cultural.

#### **4.1.9 Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal**

Tendo en conta os condicionantes recollidos nas consideracións legais e técnicas infórmase FAVORABLEMENTE a realización do proxecto REESTRUTURACIÓN PARCELARIA DE HERBÓN situado nos concellos de Padrón na provincia de A Coruña.

#### **4.1.10 Dirección xeral de Planificación e Protección Civil**

A actividade desenvolvida **non está afectada** polo Real Decreto 840/2015, do 21 de setembro, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas, nin se atopa en zona de afección de establecementos aos que lles é de aplicación., nin está afectada polo decreto 171/2010, do 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, que recolle no seu anexo I aquelas actividades susceptibles de xerar situacións de grave risco colectivo, catástrofe ou calamidade e




os centros ou instalacións que poden resultar afectados de maneira especialmente grave por situacións dese carácter.

#### 4.1.11 Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Minerais

Consultados os sistemas de información a dispor nesta xefatura territorial (GESMIGA, visor do catastro mineiro da Cámara Oficial Mineira de Galicia e libro de rexistro de dereitos mineiros), atópase o seguinte dereito mineiro co ámbito xeográfico indicado:

- Concesión de explotación “Morono”, inscrita no rexistro mineiro co número 7077.

É de destacar que o titular desta concesión de explotación ten solicitada a súa caducidade.



Imaxe\_21 Concesión mineira. Fonte: Catastro Mineiro de Galicia

#### 4.1.12 Instituto de Estudos do Territorio (IET)

O EIIP do proxecto de proxecto de reestruturación parcelaria de Herbón-Pontecesures axústase formalmente ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008, e as medidas de integración paisaxística previstas poden considerarse adecuadas para reducir ou mitigar o impacto sobre a paisaxe.



En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do Regulamento da Lei 7/2008, as medidas de integración paisaxística deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto de reestruturación.

#### **4.1.13 Rexistro da propiedade de Caldas de Reis**

Polo que ao Rexistro da propiedade de Caldas de Reis, non existen planes, proxectos ou actuacións que se prevexa que poidan afectar a ditos traballos.

### **4.2 Comité Técnico Asesor**

O Comité Técnico Asesor de Reestruturación Parcelaria ven regulado no Decreto 19/2017, do 16 de febreiro, polo que se regula a forma de designación e o réxime xurídico dos comités técnicos asesores, ten nomeados representantes permanentes en materia de desenvolvemento rural, xestión do Banco de Terras de Galicia, produción agropecuaria, montes, conservación da natureza, xestión de augas, urbanismo, patrimonio cultural, organizacións profesionais agrarias e administración local.

Por este motivo, na xuntanza do Comité que tivo lugar con data 27 de xullo de 2022 os representantes dos ditos departamentos tiveron ocasión de intervir e actualizar o que estimaron por conveniente en relación coas súas competencias, coa finalidade de que se recolla no informe e se teña en conta durante o proceso de reorganización da propiedade.

Como resultado das consultas efectuadas, non se prevé a interferencia do proceso de reestruturación parcelaria de Herbón (Padrón) con outros proxectos relevantes de índole pública ou privada. En todo caso, calquera actuación neste procedemento gozará da publicidade e difusión legalmente establecida no texto normativo que o regula (Lei 4/2015, do 17 de xuño) o que xunto co feito de que as actuacións físicas sobre o terreo (obras e actuacións inherentes) teñen que ser autorizadas polos órganos sectoriais competentes, asegura unha necesaria coordinación de todos os procesos que podan confluír no tempo.

O criterio de Comité é favorable, coa unanimidade dos presentes, á iniciación do procedemento de reestruturación parcelaria regulado no Título II da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia na zona da parroquia de Herbón, concello de Padrón.

## **5 GRADO DE ACEPTACIÓN SOCIAL**

Con data de 02/07/2002 foron presentadas sinaturas dos veciños dos lugares de Morno, Cortiñas, Confurco, Rocha, Barca e Condes da parroquia de Herbón, Concello de Padrón (A Coruña) e de Grobas e Fenteira da parroquia de S. Xulián, Concello de Pontecesures (Pontevedra), solicitando a reestruturación parcelaria da zona. Dende esta data o Concello de Pontecesures non volveu a mostrar interese por levar a cabo a reestruturación.

Con data 12/12/2018 novamente o Concello de Padrón achega as sinaturas de propietarios, ANEXO V – SOLICITUDE CONCELLO PADRÓN, dos referidos lugares da parroquia de Herbón manifestando o seu interese en que se leve a cabo a reestruturación. En total achéganse 148 sinaturas de veciños interesados en que se leve a cabo o proxecto de reestruturación, o que pon de manifesto o alto grado de interese por parte da xente do lugar.



Con data 28/07/2022 foi presentada polo Concello de Padrón ao Servizo de Infraestruturas da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería do Medio Rural, solicitude de inclusión dos núcleos rurais pertencentes a parroquia de Herbón, no termo municipal de Padrón, no proceso de reestruturación parcelaria obxecto do presente estudo (Anexo V – Solicitude Concello de Padrón).

## 6 AVALIACIÓN ECONÓMICO FINANCEIRA

Da avaliación económica exclúese a vexetación arbórea autóctona e de ribeira, e segundo o estudo de impacto debe manterse na situación actual.

|             | CULTIVOS                            | SUP. (Ha) | SUP. (%)<br>Total |        |
|-------------|-------------------------------------|-----------|-------------------|--------|
| SAU         | Mosaico de prados, cultivos e sebes | 69,14     | 19,67%            | 84,87  |
|             | Viñado                              | 14,18     | 4,03%             |        |
|             | Pemento de Herbón                   | 1,56      | 0,44%             |        |
| FORESTAL    | Matogueira                          | 30,35     | 8,63%             | 232,17 |
|             | Repoboacións forestais              | 163,30    | 46,45%            |        |
|             | Masa mixta de frondosas e piñeiros  | 29,55     | 8,40%             |        |
|             | Masa de frondosas autóctonas        | 8,96      | 2,55%             |        |
| OUTROS      | Rios e bosques aluviais             | 8,35      | 2,38%             | 8,35   |
| IMPRODUTIVO | Edificacións                        | 0,84      | 0,24%             | 26,16  |
|             | Viario                              | 9,69      | 2,76%             |        |
|             | Zona urbana                         | 15,63     | 4,45%             |        |
| Total       |                                     | 351,55    |                   |        |

Táboa\_33 Usos do Solo, situación actual antes da reestruturación. Fonte: elaboración propia

Segundo datos extraídos do Sixpac 2021, dentro da superficie agraria útil os prados ocupan un 16,3%, o millo 65,16%, os viñedos un 16,71% e as parcelas dedicadas a produción de pemento de Herbón representan un 1,84% da superficie cultivada. Dentro da superficie forestal por motivos de cálculos económicos, as repoboacións forestais considéranse plantacións de eucaliptos e as masas mixtas de piñeiros trátanse como plantacións de piñeiros.

Na seguinte táboa represéntanse as superficies ocupadas por cada cultivo e porcentaxe con respecto ás grandes áreas de cultivos:

|          | CULTIVOS                            | SUP. (Ha) | SUP. (%) |            |
|----------|-------------------------------------|-----------|----------|------------|
| SAU      | Pasto                               | 13,83     | 16,30%   | 84,87 Ha.  |
|          | Millo                               | 55,30     | 65,16%   |            |
|          | Viñado                              | 14,18     | 16,71%   |            |
|          | Pemento de Herbón                   | 1,56      | 1,84%    |            |
| FORESTAL | Matogueira                          | 30,35     | 13,60%   | 30,35 Ha.  |
|          | Repoboacións forestais (eucaliptos) | 163,30    | 73,16%   | 192,85 Ha. |
|          | Masa mixta de frondosas e piñeiros  | 29,55     | 13,24%   |            |

Táboa\_34 Distribución cultivos actuais. Fonte: SIXPAC e elaboración propia





Para a estimación da ocupación do solo trala reestruturación, propónse recuperar a superficie que está a matogueira (30,35 Ha.) e repartila entre superficie agraria útil e forestal. Tendo en conta que a superficie agrícola é, aproximadamente, unha terceira parte da superficie a reestruturar, esta aumentaría en 10 Ha. que se repartirían entre as dúas Denominacións de Orixe existentes na zona. A superficie restante, 20,35 Ha., introduciríase como plantacións de piñeiros por ser unha especie máis respectuosa co medio.

Coa reestruturación parcelaria que se pretende levar a cabo, non só se intenta realizar unha mellor redistribución da propiedade, senón tamén crear un sistema que permita fomentar e incrementar aqueles produtos característicos da zona. Neste caso, existen dúas Denominacións de orixe, Rías Baixas e Pemento de Herbón, que a reestruturación favorecería un mellor aproveitamento dos terreos xa dedicados a estes cultivos. Ademais, impulsaría o incremento do terreo dedicado a estas Denominacións de Orixe, incluso a posta en marcha de novas explotacións.

Coa redistribución do terreo poríase en produción os solos que na actualidade están a matogueira (30,35 Ha.), dos cales 20,35 Ha. se pasarían a terreos forestais plantados con piñeiros e as 10 Ha. restantes, se repartirían entre viñedos e terreos dedicados a pemento de Herbón. Considérase que os terreos dedicados a millo e a pradeira non presentan variación porque a súa produción é para autoconsumo, debido a que a presenza de explotacións gandeiras na zona non é, especialmente, relevante.

Por outra banda, os terreos dedicados a viñado se redistribuirían en zonas, dentro do posible, afastadas dos núcleos de poboación, para que non se vexan afectados polas distintas tarefas de fertilización, sulfatos, etc., que se levan a cabo nestes terreos.

Táboa de distribución de superficie proposta despois do proceso de Reestruturación Parcelaria.

| USO      | CULTIVO              | SUP. (Ha) | SUP. (Ha) |
|----------|----------------------|-----------|-----------|
| SAU      | Viñado               | 22,74     | 94,87     |
|          | Pemento              | 3,00      |           |
|          | Pasto                | 13,83     |           |
|          | Millo                | 55,30     |           |
| FORESTAL | Forestal (eucalipto) | 163,30    | 213,20    |
|          | Forestal (piñeiro)   | 49,90     |           |

Táboa\_35 Usos do Solo Proposta. Fonte: *Elaboración propia*

Os rendementos estimados en materia seca (M.S.) das producións agrícolas antes e despois do proceso pódense ver na seguinte táboa, a mellor de rendementos por ha enténdese que son consecuencia da mellora dos procesos produtivos que acanea o proceso de reestruturación parcelaria.

| Cultivo | Antes do proceso de reestruturación<br>M.S. (kg ha <sup>-1</sup> ) | Despois do proceso de reestruturación<br>M.S. (kg ha <sup>-1</sup> ) |
|---------|--------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------|
| Pasto   | 11.000                                                             | 12.000                                                               |
| Millo   | 14.000                                                             | 15.000                                                               |

Táboa\_36 Producións de M.S. dos principais cultivos antes e despois do proceso de reestruturación. Fonte: *elaboración propia*



No caso das producións forestais, case na súa totalidade de eucaliptos, en xeral atópanse en masas de certa entidade e non son de agardar melloras nos rendementos. Na análise das inversións considérase a plantación de piñeiros posto que é unha especie máis respectuosa co medio, e sería máis interesante que as plantación de eucalipto.

## 6.1 Vida útil do proxecto

Para a avaliación do proxecto considéranse un período de 30 anos.

## 6.2 Custos do proxecto

### 6.2.1 Custos de inversión

Como custos de inversión considérase a execución de rede de camiños da zona e o acondicionamento de fincas, estando suxeita a súa execución ao establecido no artigo 61 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia. Tamén se considera a contratación dos servizos técnicos necesarios para a colaboración no resto do proceso de reestruturación.

No plano 4 faise unha proposta de rede viaria que pode servir para avaliar as inversións necesarias. O trazado dos camiños propostos comprende un total de 14.375 metros lineais. O trazado da rede viaria proposta supón o aproveitamento da traza existente xa na actualidade nunha lonxitude de 10.510 metros, os restantes 3.865 metros descorren por novo trazado.

Os custos de inversión e do servizo técnico ó longo do proceso de concentración:

| SERVIZO TÉCNICO                       | ESTIMACIÓN ADOPTADA (€/ha) | TOTAIS     | ANO DE INVERSIÓN |
|---------------------------------------|----------------------------|------------|------------------|
| ESTUDO IMPACTO                        | 26,00                      | 9.140,30   | 0                |
| ESTUDO PREVIO                         | -                          | 6.367,35   |                  |
| LEVANTAMENTO                          | 100,00                     | 35.155,00  |                  |
| BASES                                 | 160,00                     | 56.248,00  | 1                |
| REDACCION PROXECTO CAMIÑOS PRINCIPAIS | 44,00                      | 15.468,20  | 2                |
| EXECUCION OBRA CAMIÑOS PRINCIPAIS     | 1.200,00                   | 421.860,00 |                  |
| ACORDO                                | 70,00                      | 24.608,50  | 3                |
| REDACCIÓN SECUNDARIOS                 | 8,00                       | 2.812,40   | 4                |
| EXECUCIÓN SECUNDARIOS                 | 280,00                     | 98.434,00  |                  |
| AMOLLONAMENTO                         | 90,00                      | 31.639,50  |                  |
| TÍTULOS                               | 60,00                      | 21.093,00  | 5                |

Táboa\_37 Custos de inversión. Fonte: Elaboración propia

### 6.2.2 Custos Ordinarios

Os custos anuais dos cultivos e producións forestais estímanse a continuación, os custos da pradeira estímanse considerando unha superficie do 20% en pastoreo e do 80% en sega, esta última con aproveitamento tanto en verde como silo.



Despois do proceso de reestruturación parcelaria, a mellor rede de vías e accesos as parcelas, así como unha xeometría de parcelas máis favorable para o seu aproveitamento e que favorecería o uso de maquinaria de forma máis eficiente, os custos reduciríanse e os beneficios serían maiores.

#### 6.2.2.1 Custos pastos e millo

|                              | Millo        | Pradeira     |
|------------------------------|--------------|--------------|
| Concepto                     | €/ha         | €/ha         |
| Man de obra                  | 164          | 221          |
| Amortización de maquinaria   | 136          | 272          |
| Reparación maquinaria        | 93           | 169          |
| Gasóleo e aceite             | 45           | 76           |
| Seguros                      | 5            | 7            |
| Colleitora e transporte silo | 327          | 163          |
| Cal                          | 58           | 58           |
| Abono                        | 132          | 215          |
| Sementes                     | 149          | 79           |
| Conservante                  | 40           | 51           |
| Fitosanitarios               | 144          | 32           |
| Plásticos                    | 18           | 17           |
| <b>Total</b>                 | <b>1.311</b> | <b>1.360</b> |

Táboa\_38 Custos para cultivos pradeira e millo. Fonte: elaboración propia

#### 6.2.2.2 Custos viñado

No caso dos viñedos, a superficie trala reestruturación estímase que podería aumentar en 8,56 ha., o que suporían uns gastos adicionais que se resumen da forma seguinte:

##### Custos de plantación viñado (1 ha):

|                                    | Custos implantación 1ha                  | Custo (€/ha)     |
|------------------------------------|------------------------------------------|------------------|
| Preparación do terreo              | Acondicionamento terreo                  | 16000,00         |
|                                    | Fertilización                            | 1604,35          |
|                                    | Marcado, apertura buratos                | 7915,34          |
|                                    | Plantado, 3000 pl.                       | 3070,00          |
| Hidráulica agrícola e automatismos | Equipo de impulsión                      | 1592,28          |
|                                    | Equipo de dosificación rega-fertilizante | 1268,86          |
|                                    | Conducións                               | 2800,00          |
|                                    | Programador de rega agrícola             | 1810,97          |
|                                    | Controlador de sistemas de bombeo        | 761,94           |
| Maquinaria                         | Cuba de tratamentos                      | 1960,00          |
| <b>total</b>                       |                                          | <b>38.783,74</b> |

Táboa\_39 Custos de implantación de viñado. Fonte: elaboración propia



### Custos anuais de explotación de 1Ha. de viñado:

|                                       | custos explotación 1ha       | custo/ha        |
|---------------------------------------|------------------------------|-----------------|
| Man de obra                           | Poda                         | 630,00          |
|                                       | Acondicionamento do terreo   | 360,00          |
|                                       | Mantemento do equipo de rega | 450,00          |
|                                       | Colleita                     | 675,00          |
|                                       | Operacións na bodega         | 2670,00         |
| Materias primas                       |                              | 4913,00         |
| Energía, carburante seguros           |                              | 3500,00         |
| Custo anual de arrendamento 0,5Eur/ha |                              | 5000,00         |
| <b>Total</b>                          |                              | <b>18198,00</b> |

Táboa\_40 Custos explotación 1 Ha. viñado. Fonte: elaboración propia

#### 6.2.2.3 Custos masas de piñeiro

| CONCEPTO                       | €/ha     | Nº DE ACTUACIÓNS | CUSTO (€)       |
|--------------------------------|----------|------------------|-----------------|
| Preparación do Terreo          | 166,00   | 1,00             | 166,00          |
| Plantación                     | 1.044,00 | 1,00             | 1.044,00        |
| Reposición de Marras           | 144,00   | 1,00             | 144,00          |
| Roza mecanizada ( cada 5 anos) | 901,00   | 6,00             | 5.406,00        |
| Poda e Clareo                  | 796,00   | 2,00             | 1.591,00        |
| <b>TOTAL</b>                   |          |                  | <b>8.351,00</b> |
| Imputación anual (30 anos)     |          |                  | <b>278,37</b>   |

Táboa\_41 Custos de produción por Ha masas de piñeiro. Fonte: elaboración propia

#### 6.2.2.4 Custos masas de eucaliptos

| CONCEPTO                                        | €/ha   | ACTUACIÓNS | CUSTO (€)       |
|-------------------------------------------------|--------|------------|-----------------|
| Preparación do Terreo (desbroce + subsolado)    | 650,00 | 1,00       | 650,00          |
| Plantación (man de obra + planta)               | 400,00 | 1,00       | 400,00          |
| Fertilización (1 vez)                           | 150,00 | 1,00       | 150,00          |
| Mantemento e reposición de marras (cada 5 anos) | 200,00 | 3,00       | 600,00          |
| <b>TOTAL</b>                                    |        |            | <b>1.800,00</b> |
| Imputación anual (15 anos)                      |        |            | <b>120,00</b>   |

Táboa\_42 Custos de produción por Ha masas de eucalipto. Fonte: elaboración propia

Na seguinte táboa, indícanse os custos dos cultivos tralo proceso de reestruturación.

| CULTIVO   | €/ha     | ha     | CUSTOS TOTAIS |
|-----------|----------|--------|---------------|
| Pradeira  | 1.360,00 | 13,83  | 18.808,80     |
| Millo     | 1.311,00 | 55,30  | 72.498,30     |
| Piñeiro   | 278,37   | 49,90  | 13.890,50     |
| Eucalipto | 120,00   | 163,30 | 19.596,00     |

Táboa\_43 Custos de produción dos principais cultivos e producións forestais, situación tralo proceso. Fonte: elaboración propia



### 6.2.3 Custos Extraordinarios

Estímanse uns custos extraordinarios dun 10%, da inversión total da execución da rede de camiños, cada 10 anos, por importe de 42.186 € para o mantemento dos mesmos.

### 6.2.4 Resumo de Custos da situación con proxecto

Considérase unha vida útil de 30 anos para a avaliación económico financeira do proxecto, inicialmente (ata o ano 6) os custos ordinarios considerados son os da situación inicial sen proxecto.

| Ano    | Custos de Inversión | Custos Ordinarios | Custos Extraordinarios | TOTAL CUSTOS |
|--------|---------------------|-------------------|------------------------|--------------|
| Ano 0  | 50.662,65 €         |                   |                        | 50.662,65 €  |
| Ano 1  | 56.248,00           | 722.742,45 €      |                        | 778.990,45 € |
| Ano 2  | 437.328,20 €        | 390.753,64 €      |                        | 828.081,84 € |
| Ano 3  | 24.608,50 €         | 390.753,64 €      |                        | 415.362,14 € |
| Ano 4  | 132.885,90 €        | 390.753,64 €      |                        | 523.639,54 € |
| Ano 5  | 21.093,00 €         | 390.753,64 €      |                        | 411.846,64 € |
| Ano 6  | 0 €                 | 538.616,12 €      |                        | 538.616,12 € |
| Ano 7  | 0 €                 | 538.616,12 €      |                        | 538.616,12 € |
| Ano 8  | 0 €                 | 538.616,12 €      |                        | 538.616,12 € |
| Ano 9  | 0 €                 | 538.616,12 €      |                        | 538.616,12 € |
| Ano 10 | 0 €                 | 538.616,12 €      | 42.186,00 €            | 580.802,12 € |
| Ano 11 | 0 €                 | 538.616,12 €      |                        | 538.616,12 € |
| Ano 12 | 0 €                 | 538.616,12 €      |                        | 538.616,12 € |
| Ano 13 | 0 €                 | 538.616,12 €      |                        | 538.616,12 € |
| Ano 14 | 0 €                 | 538.616,12 €      |                        | 538.616,12 € |
| Ano 15 | 0 €                 | 538.616,12 €      |                        | 538.616,12 € |
| Ano 16 | 0 €                 | 538.616,12 €      |                        | 538.616,12 € |
| Ano 17 | 0 €                 | 538.616,12 €      |                        | 538.616,12 € |
| Ano 18 | 0 €                 | 538.616,12 €      |                        | 538.616,12 € |
| Ano 19 | 0 €                 | 538.616,12 €      |                        | 538.616,12 € |
| Ano 20 | 0 €                 | 538.616,12 €      | 42.186,00 €            | 580.802,12 € |
| Ano 21 | 0 €                 | 538.616,12 €      |                        | 538.616,12 € |
| Ano 22 | 0 €                 | 538.616,12 €      |                        | 538.616,12 € |
| Ano 23 | 0 €                 | 538.616,12 €      |                        | 538.616,12 € |
| Ano 24 | 0 €                 | 538.616,12 €      |                        | 538.616,12 € |
| Ano 25 | 0 €                 | 538.616,12 €      |                        | 538.616,12 € |
| Ano 26 | 0 €                 | 538.616,12 €      |                        | 538.616,12 € |
| Ano 27 | 0 €                 | 538.616,12 €      |                        | 538.616,12 € |
| Ano 28 | 0 €                 | 538.616,12 €      |                        | 538.616,12 € |
| Ano 29 | 0 €                 | 538.616,12 €      |                        | 538.616,12 € |





| Ano    | Custos de Inversión | Custos Ordinarios | Custos Extraordinarios | TOTAL CUSTOS        |
|--------|---------------------|-------------------|------------------------|---------------------|
| Ano 30 | 0 €                 | 538.616,12 €      | 42.186,00              | <b>580.802,12 €</b> |

Táboa\_44 Resumo Custos do proxecto Fonte: Elaboración propia

## 6.3 Beneficios da situación con proxecto

### 6.3.1 Beneficios Ordinarios

Os beneficios teóricos estímanse ós prezos de mercado das producións, é dicir, se os gandeiros as tiveran que adquirir no mercado. No caso da pradeira ó non existir un mercado real de este cultivo, tómasse como referencia o prezo da tn de M.S. de alfalfa, por ser un produto do que si existe mercado e que en boa medida podería substituír á pradeira na ración.

Para as plantacións de piñeiros estímase un rendemento de 450 m<sup>3</sup> ha<sup>-1</sup> nunha quenda de 30 anos, con un valor de 25 €/m<sup>3</sup>, isto supón un beneficio anual de 375 €.

Para plantacións de eucaliptos estímase un incremento de rendemento de 600 m<sup>3</sup> ha<sup>-1</sup> nunha quenda de 15 anos, cun valor de 30 € m<sup>-3</sup>, o que supón un beneficio anual de 1.200 €.

Para os viñedos os ingresos virán definidos primeiramente pola venda da colleita. Estímase un rendemento medio no moi alto, 10.000 kg/ha. de uva (valor medio de produción que se considera no Consello Regulador da D.O. Rías Baixas para a uva albariño), cun factor de conversión a litro do 67%, de maneira que se producirán 6.700 litros. Embotellados en botellas de 0,75 l., darán un total de 8.933 botellas. A súa posta en mercado a prezo medio de 3 €. Por botella suporá un total de 26.799 €/ano.

|-------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| "Val do Salnés"   | Cambados, Meaño, Sanxenxo, Ribadumia, Meis, Vilanova de Arousa, Portas, Caldas de Reis, Vilagarcía de Arousa, Barro, O Grove e A Illa de Arousa. | Todas                                                                                                                                                               |
| "Condado do Tea"  | Salvaterra de Miño, As Neves, Arbo, Crecente, Salceda de Caselas, Pontearreas.                                                                   | Todas                                                                                                                                                               |
|                   | A Cañiza                                                                                                                                         | Valeixe                                                                                                                                                             |
|                   | Tui                                                                                                                                              | Guillarei, Paramos, Baldráns, Caldelas de Tui                                                                                                                       |
|                   | Mos                                                                                                                                              | Louredo                                                                                                                                                             |
| "O Rosal"         | O Rosal, Tomiño, A Garda                                                                                                                         | Todas                                                                                                                                                               |
|                   | Tui                                                                                                                                              | Pexegueiro, Areas, Malvás, Ribadelouro, Rebordáns, Pazos de Reis, Randufe, Tui                                                                                      |
|                   | Gondomar                                                                                                                                         | Mañufe, Vilaza                                                                                                                                                      |
| "Soutomaior"      | Soutomaior                                                                                                                                       | Todas                                                                                                                                                               |
| "Ribeira do Ulla" | Vedra                                                                                                                                            | Todas                                                                                                                                                               |
|                   | Padrón                                                                                                                                           | Carcacia, Iria Flavia, Herbón                                                                                                                                       |
|                   | Teo                                                                                                                                              | Oza, Teo, Lampián, Barmudez, Raris, Vilarinho, Reis                                                                                                                 |
|                   | Boqueixón                                                                                                                                        | Codeso, Pousada, Oural, Ledesma, Donas, Sucira                                                                                                                      |
|                   | Touro                                                                                                                                            | Bendaña                                                                                                                                                             |
|                   | A Estrada                                                                                                                                        | Arnois, Couso, Cora, Oca, Santeles, Paradelá, Berres, S. Miguel de Castro, S. Xurxo de Veá, Ribeira, Riobó, Santa Cristina de Veá, Baloiro, Santa Mariña de Barcala |
|                   | Silleda                                                                                                                                          | Cira                                                                                                                                                                |
|                   | Vila de Cruces                                                                                                                                   | Camanzo, Gres, Añobre                                                                                                                                               |

Esta subzona, Ribeira do Ulla foi a última en unirse á Denominación de Orixe no ano 2000, cultiva fundamentalmente uva albariña (97,2 %) mentres que as restantes variedades cultivadas constitúen un cultivo notablemente menor.

Dentro da DO nos últimos anos acadáronse produccions superiores ó 1.500.000 kilos, aumentando a produccion anualmente dado que os viñedos da zona de Herbón veñen demostrando ano tras ano a mellora na súa calidade.








- Sector Forestal,

Constitúen un sector con forte presenza na zona, como pon de manifesto a existencia de 4 MVMC con titularidade no territorio obxecto de estudo tal e como se expuxo anteriormente e se pode apreciar no seguinte gráfico.





Estes 3 sectores poñen de manifesto o carácter diferenciador desta zona con respecto ó común das zonas afectadas por concentracións parcelarias ou outros modelos de reestruturación da propiedade, e a consecución do propio proceso de reestruturación constituirá un avance de grande importancia para o futuro económico das actividades mencionadas que xa están presentes na zona e un atractivo único no territorio galego para axentes que podan iniciar novas actividades económicas vinculadas ós sectores expostos.



### 0.3. OBRAS A REALIZAR

Ao nivel de anteproxecto descrito tivéronse en conta, para o seu deseño, os seguintes criterios xerais:

- Proxéctanse de forma tal que maximizando a utilidade ocupen o menor chan posible, evitando seccións e firmes innecesarios así como trazados reiterativos.
- Adaptáronse á xeomorfoloxía existente, e na medida do posible aproveitáronse os camiños existentes.
- Cando se realice o proxecto de execución buscarase optimizar a compensación de terras para evitar canteiras de préstamos e áreas de vertedoiros.
- A definición da rasante buscará compatibilizar un trazado vertical con pendentes adecuadas aos fins propostos cun adecuado acceso ás leiras de substitución ás que han de prestar servizo, o que redundará nunha menor cicatriz no territorio e un movemento de terras máis axustado, así como menores probabilidades de ocorrencia de fenómenos erosivos.

Proponse un deseño de cunetas de como mínimo un metro a cada lado do camiño. En canto ao firme, proponse un ancho de firme de 5 metros para aqueles viais que sirvan como zonas de paso; 3 metros de ancho con apartadoiros para camiños que dean acceso a terreos de uso forestal; e 4 metros para o resto tendo en conta que estes anchos pódense ver reducidos pola presenza de elementos artificiais (muros de pedra, etc.), que pode non ser obxecto de derribo ou elementos con valores naturais a protexer. En calquera caso os anchos propostos merecerán estudo detallado para cada caso no seu momento.


A rede de camiños proposta trata de dar un correcto acceso ás futuras leiras de substitución. No caso de que puntualmente este acceso non quede asegurado será preciso o trazado de novos camiños.

O trazado total dos camiños proxectados representan unha lonxitude de 17.670,37 metros, dos cales 4.479,07 metros corresponderíanse a camiños de nova apertura (código “C-XX-NA.x”) e 13.191,30 metros a camiños que decorren sobre camiños existentes (código “C-XX-AC.x”) os cales precisan mellora do firme e, nos casos que non teñan suficiente ancho, ancheamento e apertura de cunetas.



## 0.4. UNIDADES DE SÍNTESE

Para facer a valoración ambiental do territorio afectado polo proxecto, definíranse previamente as Unidades Ambientais. Que son sectores do territorio relativamente homoxéneos, que se obteñen de forma empírica a partir da observación realizada. Descríbense polas súas características relevantes e valóranse dende os puntos de vista ecolóxico, produtivo, paisaxístico e cultural. As Unidades de síntese ou Unidades ambientais son os sectores básicos do territorio, en función dos cales, se realiza o diagnóstico ambiental.



Tendo en conta o territorio que realmente se pode ver afectado polos traballos inherentes ao proceso de concentración parcelaria recoñécense as seguintes Unidades Ambientais:

### UA1: Ríos e vexetación ripícola

Englobanse nesta unidade os cursos fluviais en forma de ríos e regatos que drenan a superficie do perímetro de reestruturación, así como o medio ribeireño adxacente, delimitado polos solos hidromorfos e pola típica vexetación ribeireña. Esta vexetación de ribeira é de vital importancia porque ademais de protexer as augas como filtros verdes de contaminantes como herbicidas, zuros, pesticidas, etc., forma parte das zonas de tránsito empregadas pola fauna.

Nesta zona de reestruturación conforma o hábitat de maior valor ecolóxico, o Río Ulla, Rego da Rocha, Rego da Revolta, Rego de Condes, Rego das Bracas, Rego do Castro, hábitat de interese comunitario 3260, e o seu bosque aluvial asociado, hábitat prioritario 91E0\*, onde dominan o ameneiro (*Alnus glutinosa*) e o salgueiro (*Salix atrocinerea*).



Estes leitos fluviais manteñen unha elevada diversidade determinada polo mantemento dun réxime hidrolóxico natural, non regulado e pola reducida contaminación das súas augas.

O seu bo estado de conservación apréciase na nutrida flora e fauna que alberga o ecosistema fluvial. Ademais aparecen especies protexidas ameazadas como a ra patilonga (*Rana iberica*), unha poboación de lontra (*Lutra lutra*), a saramaganta (*Chioglossa lusitanica*) e o morcego das ribeiras (*Myotis daubentonii*).

#### **UA2: Masas de frondosas autóctonas**

Constitúen a vexetación potencial da zona como carballeiras de *Quercus robur*, hábitat de interese comunitario 9230. Estes bosques climáticos albergan comunidades orníticas de gran importancia e diversidade específica, destacando as familias de páridos, pícidos e varias aves rapaces que dependen do bo estado de conservación destes hábitats da zona de estudio.

Esta unidade conta con elementos florísticos e faunísticos característicos. Aparecen especies como o acivro (*Ilex aquifolium*), o xeófito *Narcissus triandrus*, a vacaloura (*Lucanus cervus*) e o quiróptero *Eptesicus serotinus*; así como o morcego grande de ferradura (*Rhinolophus ferrumequinum*). Son relevantes tamén polo seu carácter relictos e interese bioxeográfico os sobreirais 9330 e ademais tamén aparecen os herbais higrófilos 6430.

#### **UA3: Masas mixtas de frondosas e piñeiros**

Constitúen a vexetación potencial da zona como carballeiras de *Quercus robur* e sobreirais residuais de *Quercus suber*, hábitat de interese comunitario 9230 e 9330, aínda que nesta ocasión cun carácter mixto, polas antigas repoboacións maduras de *Pinus pinaster* que se mesturan ou por cultivos forestais de *Eucalyptus globulus*.

Esta unidade ambiental está formada por rexenerados de frondosas autóctonas de pouca entidade e dominada polas repoboacións forestais e mato en sucesión vexetal.

#### **UA4: Matogueira**

Conforma o hábitat de uceirais, neste caso son os uceirais secos europeos 4030, a maior parte deles xa repoboados, quedando algunha zona como o monte de O Lombo en Morono. As outras zonas de mato son etapas sucesionais avanzadas de toxos e xestas, con rexenerados de caducifolias e tamén aparecen hábitats rochosos silíceos de natureza granítica 8230.

#### **UA5: Mosaico de prados, cultivos e sebes**

Trátase dunha unidade que comprende os campos de cultivo, pastizais, sebes e espazos relacionados coas explotacións agrarias, e que teñen unha conformación paisaxística tradicional en mosaico característica. Os principais cultivos son os prados forraxeiros de raigrass, viñas e cultivos de millo.

Tamén existen prados do hábitat de interese comunitario 6510 nas zonas de maior hidromorfía e valgadas preto de ríos e regos, onde habitan especies como os narcisos e as orquídeas.





#### UA6: Repoboacións forestais

Corresponde coas grandes extensións procedentes de repoboación con especies produtoras de rápido crecemento, e que son principalmente *Pinus pinaster* e *Eucalyptus globulus*.

#### UA7: Patrimonio cultural e ámbitos de protección

Esta unidade ambiental é importante dende o punto de vista do patrimonio histórico-artístico e arqueolóxico da zona. Comprende todos os elementos identificados na prospección arqueolóxica e a superficie de protección asignada.

#### UA8: Núcleos de poboación e diseminados

Comprende os núcleos de poboación, a delimitación destes e as vivendas e construcións auxiliares espalladas pola zona.


#### UA9: Infraestruturas

Esta unidade merece especial atención xa que é a que maior impacto sufrirá a causa do proxecto, aínda que positivo, xa que se completará a rede viaria co plan de obras na fase de execución. A continuación móstrase un resumo das vías existentes:

| TITULAR     | FIRME              | ESTADO  | ANCHO (m) | LONXITUDE (km) |
|-------------|--------------------|---------|-----------|----------------|
| Estado      | Mestura bituminosa | Bo      | 9         | 1,76           |
| C. autónoma | Mestura bituminosa | Bo      | 6         | 3,80           |
| Municipio   | Rego asfáltico     | Bo      | 4         | 0,24           |
|             |                    |         | 3         | 4,87           |
|             |                    |         | 2         | 1,30           |
|             |                    | Regular | 3         | 2,62           |
|             |                    |         | 2         | 2,11           |
|             | Formigón           | Bo      | 3,5       | 0,40           |
|             | Zahorra            | Malo    | 3         | 0,91           |
|             | Terra              | Bo      | 3         | 0,28           |
|             |                    | Regular | 3         | 0,05           |
|             |                    | Malo    | 2         | 0,53           |
| Outros      | Rego asfáltico     | -       | 3         | 2,59           |
|             | Zahorra            | -       | 3         | 2,73           |
|             |                    | -       | 2         | 2,00           |
|             | Terra              | -       | 3         | 5,13           |
|             |                    | -       | 2         | 7,06           |
| TOTAL       |                    |         |           | 38,4           |







## 0.5. IDENTIFICACIÓN DE IMPACTOS

A identificación dos posibles impactos ocasionados polas actuacións de concentración hai que realízalos a nivel de Unidade Ambiental, tendo en conta diferentes elementos do medio (medio hídrico, elementos edáficos, vexetación, fauna, paisaxe...). Valóranse positivamente Unidades onde exista vexetación natural con alto grao evolutivo, cursos de auga, cultivos tradicionais e lindes de elevado valor paisaxístico.

Identifícanse e valóranse os impactos ó longo da fase de Formulación, Execución e Explotación:

| Fase                | Accións produtoras de impactos                                                    | Valoración |
|---------------------|-----------------------------------------------------------------------------------|------------|
| FASE DE FORMULACIÓN | Eliminación das árbores e vexetación natural                                      | MODERADO   |
|                     | Abandono de terras                                                                | POSITIVO   |
|                     | Novas roturacións                                                                 | COMPATIBLE |
|                     | Proliferación de peches de terreos e novas construcións                           | COMPATIBLE |
| FASE DE EXECUCIÓN   | Eliminación e transformación de lindes perimetrais.                               | MODERADO   |
|                     | Interacción sobre o patrimonio.                                                   | COMPATIBLE |
|                     | Ubicación de instalacións, depósitos e zonas de acopio de materiais.              | COMPATIBLE |
|                     | Mantemento de maquinaria e equipos.                                               | MODERADO   |
|                     | Tránsito e operación de maquinaria.                                               | MODERADO   |
|                     | Roza e limpeza (Eliminación de vexetación).                                       | MODERADO   |
|                     | Movemento de terras. (Recheos, ensanches e acondicionamento de explanadas).       | MODERADO   |
|                     | Xeración de residuos de terra (Vertedoiros).                                      | MODERADO   |
|                     | Extracción de áridos (Canteiras).                                                 | MODERADO   |
|                     | Interacción sobre elementos etnográficos e arqueolóxicos.                         | COMPATIBLE |
| FASE DE EXPLOTACIÓN | Mellora das infraestruturas de drenaxe.                                           | MODERADO   |
|                     | Nivelación dos terreos.                                                           | COMPATIBLE |
|                     | Eliminación de vexetación periférica e lindes, e creación de novos cercados.      | MODERADO   |
|                     | Novas prácticas agrícolas, cambios de aproveitamentos e usos do solo.             | MODERADO   |
|                     | Incidencia socioeconómica da reestruturación.                                     | POSITIVO   |
|                     | Intensificación do laboreo, incremento do uso de fitosanitarios, fertilizantes... | MODERADO   |
|                     | Incremento da accesibilidade.                                                     | POSITIVO   |
|                     | Mellora das condicións de explotación.                                            | POSITIVO   |



## 0.6. MEDIDAS DE INTEGRACIÓN AMBIENTAL

Considérase prioritario compatibilizar as accións e reaccións que implican a eliminación e substitución da vexetación natural dos hábitats recollidos no anexo I da Directiva 92/43/CEE, do 21 de maio, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, coa realización da reestruturación parcelaria.

Procedeuse a analizar unha serie de alternativas de protección das áreas ocupadas por estes hábitats no marco normativo actual:

- Posibilidade de non levar a cabo a reestruturación parcelaria
- Exclusión do proceso de reestruturación
- Incorporación as masas comúns.
- Adxudicación ao mesmo propietario ou creación de subperímetros

Establécense nos criterios para a integración ambiental, medidas protectoras e correctoras para lograr que o proceso de Reestruturación Parcelaria se integre no medio, así como un Plan de Vixilancia Ambiental para a súa posta en marcha durante as fases de execución e explotación.

Para a integración ambiental do proceso de Reestruturación Parcelaria propóñense unhas medidas en función da fase na que se atope. Na etapa de formulación, prestarase especial atención á definición do perímetro a concentrar.

Neste estudo non se contempla a exclusión de ningún sector por motivos ambientais, senón que se propoñen alternativas de conservación, xa que hai que ter en conta a existencia de certos enclaves dentro da zona de reestruturación parcelaria que merecen un tratamento especial para evitar a súa degradación.

Outra das alternativas é adxudicar os lotes de reemprazo ós mesmos propietarios ou crear subperímetros nas zonas de parcelas con elementos de interese e valor ecolóxico. En total vese afectada por esta medida unha superficie de 31 ha das cales 24,67 ha pertencen aos hábitats da directiva identificados no estudio de campo. Deste xeito a superficie ocupada por cada un deles é a seguinte:

- Bosque aluvial 91EO\*: 8,68 ha
- Carballeiras galaicoportuguesas (9230), sobreirais de *Quercus suber* (9330) e megaforbios (6430): 11,71 ha
- Uceirais secos europeos (4030) e rochedos silíceos (8230): 4,28 ha.



## 0.7. PLAN DE VIXILANCIA AMBIENTAL

O Plan de Vixilancia Ambiental concíbese como unha ferramenta de seguimento e control de todas e cada unha das operacións susceptibles de xerar impactos ambientais durante e posteriormente ao proceso de construción, procurando que os impactos ambientais ocasionados sexan os previstos e non outros, co fin de evitar riscos e incertezas. O Plan de Vixilancia Ambiental cubrirá cada unha das fases do proxecto (Formulación, Execución e Explotación) e terá os seguintes obxectivos específicos:

1. Garantir que o proceso de reestruturación se axuste ao condicionado no presente estudo, e contempla as medidas preventivas, correctoras e compensatorias establecidas no mesmo.
2. Garantir a correcta execución das medidas preventivas e correctoras propostas neste documento.
3. Controlar os impactos negativos que non se tiveran en conta neste estudo, e que se detecten no momento de realizar os traballos de campo.

Para acadar estes obxectivo contemplaranse unha serie de actuacións así como a correspondente metodoloxía.

En resumo, as actuacións de Reestruturación Parcelaria suporán unha serie de efectos sobre o medio que, unha vez identificados e valorados, pódense atenuar coas correspondentes Medidas Correctoras e a aplicación dun Plan de Vixilancia Ambiental que vele polo seu cumprimento. Hai que supoñer que se producirá unha modificación das características intrínsecas do medio, pero o proceso permitirá incrementar o rendemento das explotacións da zona, favorecendo os sistemas de produción e mellorando, en definitiva, a calidade de vida dos propietarios. Considérase, polo tanto, que a Reestruturación Parcelaria resulta compatible para os efectos ambientais.



## 0.8. CONCLUSIÓNS RELATIVAS Á VIABILIDADE DAS ACTUACIÓNS PROPOSTAS

Os obxectivos do Estudo de Impacto Ambiental son:

- Identificación de espazos relevantes dende o punto de vista xeolóxico, paisaxístico ou ambiental, e enumeración dos bens patrimoniais que puidesen resultar afectados.
- Identificación da vulnerabilidade do territorio ante as actuacións proxectadas.
- Análise dos problemas ambientais que poden ocasionar as actuacións inherentes á concentración parcelaria sobre tódolos compoñentes do medio.
- Establecemento de medidas preventivas, correctoras ou de restauración e mellora das infraestruturas na zona para eliminar ou reducir os posibles impactos negativos e potenciar os positivos, así como as medidas preventivas para evitar a aparición de efectos desfavorables sobre o medio.
- Realizar unha proposta da rede de camiños principais a nivel de anteproxecto.

Conforme a normativa de aplicación, o Estudo de Impacto Ambiental da Reestruturación Parcelaria acométese nunha fase preoperacional. Non existe un Proxecto de Concentración no que se definan con precisión os distintos elementos de actuación.

A conclusión do presente estudio ambiental é que o proceso de reestruturación parcelaria nas parroquias de Herbón e Pontecesures, pertencentes aos concellos de Padrón (A Coruña) e Pontecesures (Pontevedra), é viable dende o punto de vista ambiental e as actuacións derivadas do proxecto compatibles sempre e cando sigan as directrices propostas no presente estudio.





## **ANEXO II: CONSULTA A ÓRGANOS RELEVANTES**



## INFORME DE AUGAS DE GALICIA

**PROXECTO:** REESTRUTURACIÓN PARCELARIA DE HERBÓN – PONTECESURES  
**LOCALIZACIÓN:** CONCELLOS DE PADRÓN (A CORUÑA) E PONTECESURES (PONTEVEDRA)  
**PETICIONARIO:** DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL  
**PROMOTOR:** DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL  
**CLAVE:** EIA-120

### Obxecto

Informe solicitado polo o Servizo de Reforma das Estruturas da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural sobre o proxecto **“Reestruturación parcelaria de Herbón – Pontecesures”** dentro do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria.

### Antecedentes

Con data 25/11/2020 o Servizo de Reforma das Estruturas envía documentación sobre o proxecto **“Reestruturación parcelaria de Herbón – Pontecesures”** solicitando informe deste organismo de bacía no procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria *naquelas materias ambientais nas que teña competencias*. A solicitude foi recepcionada pola Área de Autorizacións e Concesións de Augas de Galicia con data 26/11/2020.

### Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Augas.
- Regulamento do Dominio Público Hidráulico, aprobado por Real Decreto 849/1986, do 11 de abril.
- Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia.
- Decreto 1/2015, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia e regúlanse determinadas cuestións no desenvolvemento da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia
- Real decreto 11/2016, do 08 de xaneiro, polo que se aproba o Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa.
- Directiva 2007/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2007, relativa á avaliación e xestión dos riscos de inundación.
- Real Decreto 903/2010, do 9 de xullo, de avaliación e xestión de riscos de inundación.
- Real Decreto 19/2016, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Plan de Xestión do Risco da Inundación da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa.
- Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas.

### Análise da documentación

A documentación técnica informada consiste no seguinte documento en formato dixital: **“ESTUDO DE IMPACTO AMBIENTAL DA ZONA DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA DE HERBÓN – PONTECESURES CONCELLOS DE PADRÓN (A CORUÑA) E PONTECESURES (PONTEVEDRA)”**, novembro 2020.

O obxecto da actuación proxectada é a realización da reestruturación parcelaria na zona de Herbón – Pontecesures, pertencente aos concellos de Padrón (A Coruña) e Pontecesures (Pontevedra). A superficie inicial de actuación é de 409,8 ha, correspondéndose na súa maior parte (353,9 ha) con



parcelas situadas no suroeste da parroquia de Santa María de Herbón e incluíndo, amais, parcelas situadas na zona nordeste da parroquia de San Xulián de Pontecesures (55,9 ha).

A rede de camiños proposta para dar un correcto acceso ás futuras leiras de substitución conta cunha lonxitude de 17.670,37 metros, dos cales 4.479,07 metros corresponderíanse a camiños de nova apertura e 13.191,30 metros a camiños que descorren sobre camiños existentes que precisan mellora do firme e, nos casos que non teñan suficiente ancho, ancheamento e apertura de cunetas. Os camiños proxéctanse cun deseño de cunetas de como mínimo un metro a cada lado e cuns anchos de firme de 5 metros, para aqueles viais que sirvan como zonas de paso, de 3 metros con apartadoiros, para camiños que dean acceso a terreos de uso forestal, e de 4 metros para o resto.



Zona obxecto de estudo. Fonte: Documentación aportada

## INFORME:

Analizada a documentación aportada, procédese a informar os seguintes aspectos que se detallan a continuación, sen prexuízo das demais competencias que ten atribuídas este organismo de bacía e sen entrar a valorar outras consideracións técnicas, urbanísticas ou ambientais que non son obxecto do presente informe.

### Rede fluvial

O ámbito de estudo atópase dentro do sistema de explotación N° 05: "RÍO ULLA E RÍA DE AROUSA (MARXE DEREITA)".

Consultado o visor IDE de Augas de Galicia figuran grafados no ámbito da actuación con codificación no Plan Hidrolóxico Galicia-Costa (bacía de aportación superior a 1km<sup>2</sup>) o *Río Ulla (codmasa*





ES014MSPFES-014-NR-244-000-05-02) (1), con categoría de masa de auga, o Rego de Rocha (codrio 244083) (2) e o Rego Das Bracas (codrio 24408301) (3), tributario do anterior pola esquerda. Tamén se grafa no ámbito da actuación dentro da Rede con cunca de aportación de máis de 1Km2, identificado segundo o visor IDE, o Rego da Revolta (idcurso 1003785144) (4), tributario do Rego de Rocha pola dereita.

A maiores figuran grafados no ámbito da actuación dentro da Rede con cunca de aportación de menos de 1Km2, identificados segundo o visor IDE, o Rego do Castro (idcurso 1003785152) (5), tributario do Río Ulla pola esquerda, e unha canle innominada (idcurso 983640006697) (6), tributaria do Rego da Revolta pola dereita.

A información relativa á rede fluvial, pódese consultar e contrastar na páxina web de Augas de Galicia, <http://visorgis.cmati.xunta.es/dhgc/>.



Rede fluvial. Fonte: <http://visorgis.cmati.xunta.es/dhgc/>


Cómpre sinalar que no caso de que existan outros cursos fluviais ou calquera elemento susceptible de consideración como dominio público hidráulico, seranlles de aplicación a normativa e lexislación de augas, tendo plena vixencia as prescricións establecidas para o dominio público hidráulico.

Destacar en todo caso, que a lexislación sectorial de augas establece unha zona de servidume e policía en tódolos leitos públicos e en toda a súa lonxitude, con independencia da clasificación do solo e con independencia de que estean ou non grafados nos planos de ordenación. Segundo o establecido no artigo 9.4, 78 e 126 do Regulamento de Dominio Público Hidráulico (RDPH) calquera actuación Dominio Público Hidráulico ou nas súas zonas de protección precisará autorización administrativa do organismo de conca independente doutra que teña que ser outorgada por outro organismo da Administración.



Nese momento procedemental analizarase en detalle a actuación, establecéndose todos os condicionantes e prescricións oportunos para o seu desenvolvemento.

Aos efectos do referido no parágrafo anterior, segundo o grafado no visor IDE de Augas de Galicia, **as actuacións proxectadas atópanse en zona de policía de leitos**, polo que será necesaria a tramitación por parte do promotor da preceptiva autorización perante este organismo de bacía. No entanto, cumpre informar que, segundo o deslinde oficial do Dominio Público Marítimo Terrestre (DPMT) con referencia DL-121/2-LC aprobado por Orde Ministerial do 30/12/1999, o *Río Ulla* non xera afeccións a este respecto sobre o ámbito da actuación, mais que no seu tramo mais ao leste, debido a que a meirande parte da ribeira que o limita polo norte correspóndese cunha ribeira de carácter marítimo e non de carácter fluvial, polo que nese tramo os terreos que lindan coas súas marxes non están suxeitos a ningún tipo de servidume relacionada co dominio público hidráulico, sendo a autoridade competente en materia de costas a responsable da tramitación das preceptivas autorizacións.



DPMT. Fonte: <https://sig.mapama.gob.es/dpmt/>

Segundo as competencias que ten atribuídas Augas de Galicia, será no procedemento referido no parágrafo anterior cando se resolva sobre o carácter autorizable do proxecto e, como se ten dito, se establezan, de resultaren este autorizable, todos os condicionantes e prescricións oportunos para o seu desenvolvemento.

En relación as actuacións proxectadas nas zonas de servidume de leitos, segundo o establecido no artigo 7.3 do Regulamento de Dominio Público Hidráulico *"Con carácter xeral non se poderá realizar ningún tipo de construción nesta zona salvo que resulte conveniente ou necesaria para o uso do dominio público hidráulico ou para a súa conservación e restauración"*. Amais, segundo o establecido no artigo 43.1 b) da normativa do Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa, *"Na zona de dominio público hidráulico non se autorizarán obras nin edificacións permanentes que obstrúan o normal fluxo das augas ou incrementen o tempo de permanencia das inundacións"*.





En canto ás consideracións construtivas relativas á execución da rede de camiños proposta estarase ao disposto nos apartado **Criterios técnicos a ter en conta para a actuación proposta** do presente informe.

### Zonas protexidas

No ámbito de actuación atópanse as seguintes zonas protexidas incluídas no Catálogo de Zonas Protexidas do Plan Hidrológico Galicia Costa (PHGC), aprobado polo Real Decreto 11/2016, do 08 de xaneiro (codificadas segundo o visor IDE de Augas de Galicia):

*PHGC2015-2021 Z. Protex. N. Europeo*

- *ZEC: Sistema Fluvial Ulla-Deza (EUZPROTCOD ES014ZECES1140001)*

*PHGC2015-2021 Z. Protex. N. Estatal Aut.*

- *ZEPVN: Sistema Fluvial Ulla-Deza (EUZPROTCOD ES014ENPR110080)*
- *Rías: Ría de Arousa (EUZPROTCOD ES014RIAS000000004)*

*PHGC2015-2021 Z. Protex. PHGC*

- *Captación para abastecemento humano: CORTIÑAS (EUZPROTCOD ES014ZCCM0000000981), INVERNADEROS (EUZPROTCOD ES014CACH0000000978)*

A información relativa ás zonas protexidas pódese consultar na páxina web de Augas de Galicia, <http://visorgis.cmati.xunta.es/dhgc/>.

Deberase ter en conta a existencia no ámbito de actuación das zonas protexidas referidas, especialmente adoitando as medidas precisas para a súa preservación e no seu caso, contar coas autorizacións correspondentes.

### Zonas inundables

Son zonas inundables, segundo o artigo 26 da normativa do PHGC, as delimitadas polos niveis teóricos que acadarían as augas nas enchentes de período estatístico de retorno de cincocentos anos, atendendo a estudos xeomorfolóxicos, hidrolóxicos e hidráulicos, así como de series de enchentes históricas e documentos ou evidencias históricas destas. Segundo o artigo 14 do RDPH, tendo en conta a súa modificación operada polo Real Decreto 638/2016 (Boletín Oficial do estado do 29 de decembro), estes terreos cumpren labores de retención ou alivio dos fluxos de auga e carga sólida transportada durante as ditas enchentes ou de resguardo contra a erosión. Estas zonas declararanse nos lagos, lagoas, embalses, ríos ou regos.

Ademais, cómpre ter en conta que a cualificación como zonas inundables non alterará a cualificación xurídica e a titularidade demanial dos terreos.

A zona de fluxo preferente, segundo o definido no artigo 27 da normativa do PHGC e no 9 do RDPH, é aquela zona constituída pola unión da zona ou zonas onde se concentra preferentemente o fluxo durante as enchentes, ou vía de intenso desaugamento, e da zona onde, para a avenida de 100 anos de período de retorno, se poidan producir graves danos sobre as persoas e os bens, quedando delimitado o seu límite exterior mediante a envolvente de ambas as dúas zonas.

As inundacións producidas polas crecidas non ordinarias considéranse un fenómeno natural aleatorio de ocorrencia periódica, de intensidade e magnitude non previsible polo que teñen a consideración, no caso de producirse, de forza maior (Artigo 41 da normativa do PHGC).

Para as zonas de fluxo preferente e as zonas inundables deberanse de respectar e recoller expresamente as prescricións recollidas do capítulo VII da Normativa do PHGC (Art. 26 – 41) *Protección contra as inundacións*. Deste xeito, segundo o artigo 30 "Contido dos instrumentos de planificación de carácter territorial ou urbanístico" deberanse incorporar á documentación do instrumento de



planificación de carácter territorial ou urbanístico, naquelas zonas afectadas por Áreas de Risco Potencial Significativo de Inundación (ARPSIs), a seguinte documentación:

- Planos onde se reflecta, sobre a ordenación proposta, o dominio público hidráulico e as súas zonas de servidume e policía.
- Planos onde se reflecta, sobre a ordenación proposta, as zonas inundables.
- Planos onde se reflecta, sobre a ordenación proposta, as zonas de fluxo preferente.

Cabe destacar o seguinte:

- No artigo 33 da normativa do PHGC recóllense as condicións nas que a Administración Hidráulica de Galicia poderá outorgar as autorizacións nas zonas inundables dentro da zona de policía.
- No artigo 34 da normativa do PHGC indícanse unha serie de limitacións de usos para a zona de fluxo preferente. Deste xeito, segundo ese artigo, con carácter xeral non se autorizarán nesta zona unha serie de actividades (acampadas ou instalacións destinadas a este fin; a realización de construcións destinadas a vivendas; a execución de instalacións industriais ou edificacións nas que habitualmente haxa presenza de persoas; a construción de cerramentos e valados que non sexan permeables; a realización de recheos ou amoreamentos de materiais de calquera tipo que provoquen unha redución significativa da vía de intenso desaugamento; execución de infraestruturas lineais deseñadas de modo tendente ó paralelismo coa canle, coa excepción das de saneamento, abastecemento e outras canalizacións subterráneas que en todo caso, salvo en zonas puntuais en que non exista solución viable, deberán situarse fóra da zona de servidume).

Do mesmo xeito cabe destacar que para obter a autorización de realización de calquera actividade na zona de fluxo preferente deberase achegar o seguinte: xustificación de que non se modifica de xeito significativo a zona de fluxo preferente, a zona inundable ou o réxime das correntes; xustificación da compatibilidade cos criterios e medidas preventivas que se establezan, se é o caso, no Plan de Xestión do Risco de Inundación; e declaración xurada do solicitante no que exprese que coñece e asume o risco asociado ó desenvolvemento da actividade na zona de fluxo preferente e as medidas de protección civil aplicables.

Asemade, deberanse ter en conta as prescricións recollidas nos artigos 9 e 14 do RDPH, coas súas modificacións introducidas polo RD 638/2016. Tamén, -tendo en conta a modificación operada polo dito Real Decreto 638/2016-, deberase atender ó establecido nos novos artigos que se incorporan ó RDPH: 9bis, relativo ás *Limitacións de usos na zona de fluxo preferente no solo rural*; 9ter, que regula as condicións nas que se poden autorizar as *Obras e construcións na zona de fluxo preferente en solos en situación básica de solo urbanizado*; 9quater, que establece un *Réxime especial en municipios con máis de 1/3 da súa superficie incluída na zona de fluxo preferente*; 14bis, no que se establecen as *Limitacións de usos do solo na zona inundable*.

No artigo 9bis.3 recóllese expresamente que toda actuación na zona de fluxo preferente deberá contar cunha declaración responsable, presentada ante a Administración Hidráulica competente e integrada, no seu caso, na documentación do expediente de autorización, na que o promotor exprese claramente que coñece e asume o risco existente e as medidas de protección civil aplicables ó caso, comprometéndose a trasladar esa información ós posibles afectados, con independencia das medidas complementarias que estime oportuno aplicar para a súa protección. A dita declaración será independente de calquera autorización ou acto de intervención administrativa que teña que ser outorgada polos distintos órganos das Administracións públicas, con sometemento, ó menos, ás limitacións de usos que se establecen no artigo 9bis. En particular, estas actuacións deberán contar con carácter previo á súa realización, segundo proceda, coa autorización na zona de policía ou co informe da Administración Hidráulica. A declaración responsable deberá presentarse ante a





Administración Hidráulica cunha antelación mínima dun mes antes do inicio da actividade nos casos nos que non fose incluída nun expediente de autorización.

Nos artigos 9ter e 9quater, engádese que, ademais do esixido no artigo 9bis.3, con carácter previo ó inicio das obras, o promotor deberá dispoñer do certificado do Rexistro da Propiedade no que se acredite que existe anotación rexistral indicando que a construción se atopa en zona de fluxo preferente.

No artigo 14bis.3, establécese que, nas zonas inundables, as administracións competentes fomentarán a adopción de medidas de diminución da vulnerabilidade e autoprotección. Ademais, o promotor deberá subscribir unha declaración responsable na que exprese claramente que coñece e asume o risco existente e as medidas de autoprotección aplicables ó caso, comprometéndose a trasladar esta información ós posible afectados, con independencia das medidas complementarias que estime oportuno adoitar para a súa protección. No artigo 14bis. 4, engádese que, con carácter previo ó inicio das obras, o promotor deberá dispoñer do certificado do Rexistro da Propiedade no que se acredite que existe anotación rexistral indicando que a construción se atopa en zona inundable.

O artigo 11 do Real decreto Lexislativo 1/2001, establece que os organismos de bacía darán traslado ás Administracións competentes en materia de ordenación do territorio e urbanismo dos datos e estudos dispoñibles sobre enchentes, co obxecto de que se teñan en conta na planificación do solo, e en particular, nas autorizacións de usos que se acorden en zonas inundables.

Na páxina web de Augas de Galicia, <http://visorgis.cmati.xunta.es/dhgc/>, pódese consultar e descargar as ARPSIs (Áreas de Risco Potencial Significativo de Inundación), as manchas de inundación asociadas a distintos períodos de retorno e as zonas de fluxo preferente.



ARPSIs. Fonte: <http://visorgis.cmati.xunta.es/dhgc/>

A este respecto, cumpre informar que o tramo final do *Río Ulla* está delimitado como Área de Risco Potencial Significativo de Inundación (ARPSI) *ES014-CP-05-02-11 Río Ulla y Río Sar – Padrón (1)*.



Que esta zona estea delimitada como ARPSI significa que ese tramo do *Río Ulla*, na súa desembocadura, sofre ou pode sufrir (potencialmente) inundacións de carácter fluvial pola avenida que se propaga polo río, en base ao cal Augas de Galicia desenvolve estudos de detalle da inundabilidade, marcando distintas zonificacións que veñen reguladas polo RD 903/2010 do 9 de xullo. En todo caso, o feito de que Augas de Galicia realice estes estudos ou marque estas zonas, non cambia o escenario competencial definido anteriormente no apartado **Rede fluvial** do presente informe. Neste sentido, igual que para o caso da tramitación das preceptivas autorizacións, na zona de dominio público marítimo terrestre, a aplicación de medidas para minimizar o risco de inundación corresponde á autoridade competente en materia de costas.

### Abastecemento

Na documentación aportada planéase humectación dos camiños e das zonas onde se estean a realizar escavacións ou movementos de terras así como a humectación da carga dos camiños cando esta poda xerar po, sen referir a procedencia desta auga nin os consumos previstos.

Recórdase en todo caso, que calquera aproveitamento de augas requirirá a súa inscrición no Libro de Rexistro de Augas como uso privativo por disposición legal ou concesión administrativa, segundo o establecido nos artigos 54 e 59 do TRLA. A inscrición deberá realizarse antes de facer uso do recurso

### Aproveitamentos hídricos

Na documentación aportada non se fai referencia a afeccións a captacións de auga. Consultado o Libro de Rexistro de Augas de Galicia, e **salvo erro ou omisión**, constan as seguintes captacións inscritas na contorna do ámbito da actuación:

| CLAVE        | TITULAR    | COORDENADA X<br>(INSCRICIÓN) | COORDENADA Y<br>(INSCRICIÓN) |
|--------------|------------|------------------------------|------------------------------|
| DH.A15.12997 | PARTICULAR | 530950                       | 4731450                      |
| DH.A15.19544 | PARTICULAR | 530404                       | 4731014                      |
| DH.A15.25887 | PARTICULAR | 531599                       | 4729775                      |

No caso de afectar a algunha captación de augas inscrita, como consecuencia das actuacións propostas no proxecto obxecto de estudo, deberase contemplar a súa reposición.

O artigo 143 do Regulamento do dominio público hidráulico establece que toda modificación das características dunha concesión requirirá autorización administrativa previa do mesmo órgano outorgante e nos seguintes artigos detállase a tramitación das variacións de características consideradas como esenciais, como pode ser o cambio de punto de captación.

Consecuentemente co indicado no parágrafo anterior, o titular dos traballos deberá elaborar e facilitar ós afectados por esas reposicións toda a documentación necesaria para a tramitación da modificación da correspondente concesión.

### Criterios técnicos a ter en conta para a actuación proposta

Cumpre facer as seguintes consideracións técnicas, o respecto da documentación aportada, para garantir en todo momento a non afección ao medio fluvial:

- No relativo á rede de camiños:



- Para minimizar as potenciais afeccións ao medio hídrico xeradas pola construción dos camiños, estes proxectaranse fora das zonas de servidume, sen afectar á continuidade lateral entre os leitos e as súas zonas de inundación e evitando nos seus trazados as tendencias ao paralelismo coas canles.
- Os cruzamentos dos leitos proxectaranse segundo a Normativa do Plan Hidrolóxico Galicia–Costa, *Artigo 36. Obras de paso de infraestruturas de transporte*, e segundo o Regulamento do Dominio Público Hidráulico, *Artigo 126 ter. Criterios de deseño e conservación para obras de protección, modificacións nas canles e obras de paso*; tanto para os camiños de nova apertura como para os camiños existentes a acondicionar.
- A reincorporación das augas interceptadas polas cunetas ao medio receptor deberá ser gradual, debéndose implantar, se fose necesario, as medidas oportunas a tal efecto, como por exemplo a disposición no punto de incorporación de sistemas protectores e/ou de disipación de enerxía co fin de evitar fenómenos erosivos, arrastres de materias, deposición de sólidos ou asolagamentos na traxectoria de evacuación das augas. Amais, respectaranse as distintas concas vertentes ás valgadas, evitando engadir a unha vagada áreas vertentes superiores en máis dun 10% á superficie da bacía propia.

De acreditarse a súa inocuidade (inexistencia de risco de incorporación de contaminantes), informase que as reincorporacións ao medio natural das augas interceptadas polas cunetas non constitúen actividades de vertido susceptibles de autorización.

- Na fase de execución das obras deberanse propugnar medidas preventivas para evitar que, especialmente en días de choiva, os posibles arrastres de terras poidan ser incorporados ao medio fluvial, como, por exemplo, situar os amoreamentos de materiais e de residuos, en zonas sen pendente e sen interferir nas vías naturais de escorremento (preferiblemente fora da zona de policía e sempre fora da zona de servidume e das zonas inundables), prever a implantación de métodos de contención de sedimentos como barreiras de retención ou balsas de decantación e mesmo, de ser necesario, prohibir a execución de traballos de movemento de terras nos días de fortes choivas.
- Calquera vertido ao dominio público hidráulico deberá contar coa preceptiva autorización deste organismo de bacía. A consideración como actividade de vertido establecerase segundo o disposto no artigo 245.1 do Regulamento de Dominio Público Hidráulico.

## Conclusión

Vista a documentación aportada en relación ao proxecto **“Reestruturación parcelaria de Herbón – Pontecesures”**, no relativo ás materias sobre as que se solicita informe, conclúese que non é previsible que o proxecto poida causar impactos ambientais significativos tendo en conta as medidas protectoras e correctoras previstas polo promotor no documento presentado e as consideracións a tal efecto referidas no presente informe.



Estas consideracións emítense estritamente desde o punto de vista das competencias deste organismo de bacía, sen entrar a valorar outras consideracións técnicas, urbanísticas ou ambientais que non son obxecto do presente informe.

Santiago de Compostela – Xefa da Área de Autorizacións e Concesións – María del Carmen Beneyto González – Baylin (Sinatura dixital)

Santiago de Compostela – Subdirector Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico – Roberto Arias Sánchez (Sinatura dixital)

Asinado por: ARIAS SANCHEZ, ROBERTO  
Cargo: Subdirector Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico  
Data e hora: 18/01/2022 10:44:01

Asinado por: BENEYTO GONZÁLEZ-BAYLÍN, MARÍA CARMEN  
Cargo: Área de Autorizacións e Concesións  
Data e hora: 18/01/2022 07:40:16

CVE: P7ajdZp41  
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



## **RESPOSTA Á SOLICITUDE DE INFORMACIÓN SOBRE AFECCIÓNS Á RAEGA DO ESTUDO PREVIO DE INICIACIÓN DO PROXECTO DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA DE HERBÓN-PONTECESURES.**

Solicitante: Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural

### **ANTECEDENTES**

Con data 06.04.2022 ten entrada no rexistro da Axencia Galega de Infraestruturas escrito da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural da Consellería do Medio Rural no que se solicita información sobre as afeccións á Rede Autonómica de Estradas de Galicia (RAEGA) do estudo previo de iniciación do proxecto de reestruturación parcelaria de Herbón-Pontecesures nos concellos de Padrón e Pontecesures. No escrito achegan enlace no que se pode descargar a delimitación do ámbito.

### **INFORMACIÓN DISPOÑIBLE**

No ámbito do proxecto de reestruturación parcelaria atópase a seguinte estrada da RAEGA:

| <b>Clave</b> | <b>Rede</b> | <b>Denominación</b>                      | <b>Treito</b>                           |
|--------------|-------------|------------------------------------------|-----------------------------------------|
| PO-214       | Local       | Pontecesures (N-550) - Baloiira (PO-841) | Pontecesures (N-550) – Guntín (EP-8401) |

No dito ámbito non hai actuacións en execución, nin planificadas por parte desta Axencia Galega de Infraestruturas.

As afeccións producidas polas estradas autonómicas pertencentes á RAEGA son as indicadas na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

Os accesos ás estradas de titularidade autonómica regúlanse nos artigos 127 a 132 do Regulamento xeral de estradas de Galicia aprobado polo Decreto 66/2016, do 26 de maio e na Orde do 23 de maio de 2019 pola que se regulan os accesos nas estradas de Galicia e nas súas vías de servizo.

Estes documentos están dispoñibles para consulta na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, dentro do epígrafe correspondente á Axencia Galega de Infraestruturas, no apartado de lexislación:

<https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/transparencia/normativa-de-aplicacion>

Os eixos da RAEGA están dispoñibles na dita web, para a súa descarga en formato dwg e en formato shp xeoreferenciados:

<https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/estradas/rede-autonomica/raega>

Os planos de delimitación do dominio público das estradas da RAEGA na provincia de Pontevedra pódense consultar no servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da provincia de Pontevedra.

Os estudos e proxectos que desenvolvan as actuacións obxecto desta solicitude serán compatibles co estipulado na mencionada normativa sectorial e, na medida na que afecten á RAEGA, deberán contar con informe sectorial e autorización desta Axencia Galega de Infraestruturas.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Asinado dixitalmente:  
Sonia Sánchez Carbajales  
Xefa do servizo de Planificación e Innovación

Asinado dixitalmente:  
Conforme:  
Héctor Presas Veiga  
Xefe de Área de Planificación, Innovación e  
Seguridade Viaria







# Padrón

## Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.padron.gal](http://www.padron.gal)

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 11 72 98

**ASUNTO:** Informe no procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria.

**PROXECTO:** Reestruturación parcelaria de Herbón-Pontecesures.

**LOCALIZACIÓN:** Concellos de Padrón (A Coruña) e Pontecesures (Pontevedra).

**PROMOTOR:** Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural.

**CLAVE:** EIA-120

### **INFORME DE CONSULTA ÁS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS AFECTADAS E ÁS PERSOAS INTERESADAS**

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.** En data 25 de novembro de 2020 a través do Sistema de Interconexión de Rexistros (SIR) con NRE 2119 deste concello recibíuse da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural solicitude de informe no procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria, outorgando un prazo de 30 días hábiles para a súa emisión.

**Segundo.** En data 28 de xaneiro de 2021 a través do Sistema de Interconexión de Rexistros (SIR) con NRE 144 deste concello recibíuse da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural reiteración de solicitude de informe no procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria.

**Terceiro.** De acordo co exposto anteriormente e visto o contido da documentación achegada, teño a ben emitir o seguinte informe solicitado conforme ó establecido no artigo 37 da Lei 21/2013, do 9 de decembro de avaliación ambiental.


#### **INFORMO:**

**Primeiro.** Dende o punto de vista que afecta ó termino municipal de Padrón non se atopa impedimento ó proxecto presentado para a reestruturación parcelaria de Herbón-Pontecesures.

Vistos os obxectivos do plan de obras reflectidos no documento onde se estuda tanto a rede camiños que darán acceso aos predios de substitución como outras infraestruturas que melloren a rendibilidade das diferentes explotacións da zona e dado que o deseño proposto é unha aproximación a nivel de anteproxecto do trazado en planta mais adecuado, dende este concello **proponse** a ampliación da devandita rede de camiños nas zonas que se sinalan a continuación, dado que á vista da documentación achegada trátase de extensións de uso destinado á masa forestal, quedando amplas masas de superficie sen unha rede suficiente que permita un acceso aceptable tanto ós predios actuais como os de substitución para un correcto mantemento das propiedades, os aproveitamentos forestais e limpeza dos mesmos, así como en materia de prevención e loita conta os incendios que se puidieran producir nestas superficies forestais.

A continuación achégase plano sinalando as zonas, ó entender deste concello, onde se debería revisar o trazado da rede de camiños reflectidos no plan de obras do proxecto presentado.





E para que conste, expido o presente **informe** coa opinión do técnico que subscribe con arranxo ó seu leal saber e entender, opinión que someto a calquera outra mellor fundada.

Padrón, 1 de febreiro de 2021  
O arquitecto técnico municipal  
Asdo.- Jesús Baliña de Jesús  
(documento asinado dixitalmente)

**INFORME SOBRE A AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL ORDINARIA PARA O PROXECTO DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA DE HERBÓN-PONTECESURES, CONCELLOS DE PADRÓN (A CORUÑA) E PONTECESURES (PONTEVEDRA), PROMOVIDA POLA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL DA XUNTA DE GALICIA (EIA-120)**

1.- Con data de 30 de novembro de 2020 ten entrada no Consello da Cultura Galega (CCG) a solicitude da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural da Xunta de Galicia para que se emita informe no procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinario do proxecto de reestruturación parcelaria de Herbón - Pontecesures dos Concellos de Padrón (A Coruña) e Pontecesures (Pontevedra).

2.- Tendo en conta que estas actuacións sobre o territorio poden afectar a bens catalogados como de interese cultural, así como á paisaxe e a protección de especies senlleiras, e que as cuestións relativas á ordenación do territorio, como consecuencia da composición do CCG (maiormente as derivadas das capacidades dos expertos integrantes da Sección de Ciencia, Natureza e Sociedade), poden ser consideradas dun xeito complementario, esta institución entende que está capacitada para emitir o seguinte INFORME sobre os temas citados anteriormente.

**BENS DE INTERESE CULTURAL**

Non consta a existencia de elementos incluídos no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia.

No relativo a outros elementos incluídos no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, mentres se establece o seu desenvolvemento regulamentario e as condicións de acceso á información contida nel, e de acordo co disposto no artigo 30 da Lei 5/2016, do Patrimonio Cultural de Galicia, que indica que os bens inmoebles que se recollan individualmente singularizados nos instrumentos de planeamento urbanístico e ordenación do territorio forman parte do devandito Catálogo, a consulta debe facerse nos catálogos de planeamento vixente ofrecidos na páxina web de planeamento da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.



No caso do concello de Padrón atópase vixente o Plan Xeral de Ordenación Urbana con Aprobación Definitiva do 27/07/1994 (BOP 1994/08/30) e no de Pontecesures o Plan Xeral de Ordenación Municipal con Aprobación definitiva o 27/06/2003 (BOP 29/09/2003), tamén se consultaron os elementos catalogados no plan básico autonómico.

Non se recollen máis elementos catalogados que os que aparecen no documento “Anexo I memoria de prospección arqueolóxica” do estudo de impacto ambiental.

## ESPAZOS NATURAIS PROTEXIDOS

En canto aos espazos naturais protexidos, deberase ter en conta os hábitat de interese comunitario recollidos na Directiva 92/43/CEE, do 21 de maio de 1992, e na Lei 42/2007, de 13 de decembro de 2007, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.

Comprobado o documento de estudo de impacto ambiental, este recolle o espazo protexido Rede Natura 2000 (ZEPVN) ES1140001 Sistema fluvial Ulla – Deza.

Tamén se recollen os hábitats naturais, como o 91E0\* bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior*, así como o 9230 Carballeiras galaico portuguesas e o 9330 sobreirais de *Quercus suber* delimitadas no plano 9.

## PAISAXE

Na documentación cartográfica do Catálogo das Paisaxes de Galicia, as parcelas obxecto deste informe están situadas maioritariamente nunha unidade de “matogueira e rochedo” xunto con “agrosistema extensivo”, e “agrosistema intensivo (mosaico agroforestal)”. Non se esperaría unha mingua das súas cualidades funcionais e estéticas, tendo en conta que debe prestarse especial atención ó mantemento e conservación naquelas áreas onde ser recollen hábitats naturais indicados no apartado anterior.

## ORDENACIÓN DO TERRITORIO

As características morfolóxicas e edáficas do terreo non impoñen limitacións á actividade proposta.



O Mapa de Capacidade Produtiva dos Solos de Galicia asigna unha aptitude a priori suficiente (A1) para o uso de pradeira e pino.

Deberán terse en conta as afeccións da zona de actuación derivadas dos elementos que figuran no plan básico autonómico, como o paso liñas eléctricas, concesións mineiras, etc.

## CONCLUSIÓNS

Como conclusión do exposto, podemos considerar que:

- a) Os bens de interese cultural non se ven afectados pola actuación proposta. En canto a outros elementos, debe terse en conta as indicacións do estudio de impacto ambiental.
- b) A actuación proposta é compatible cos valores funcionais da paisaxe existente tendo en conta o indicado no apartado correspondente.
- c) Desde o punto de vista da ordenación do territorio, a transformación proposta é compatible coas características edáficas e topográficas da área.
- d) A actuación proposta pode afectar á conservación de hábitats de interese comunitario, polo que deberá velarse pola súa conservación.

Como conclusión final, resumo das anteriores, estímase que a reestruturación parcelaria podería ser autorizada, pero deben primarse actuacións encamiñadas a preservar tanto os bens culturais como os hábitats da zona, evitando no posible, a deforestación e/ou destrución dos hábitats naturais que recolle o estudio, así como de outros pequenos bosquetes de frondosas autóctonas que non aparecen recollidos no plano 09.





GOBIERNO  
DE ESPAÑA

DELEGACIÓN DO GOBERNO  
EN GALICIA

ÁREA DE FOMENTO

DELEGACIÓN DEL GOBIERNO  
EN GALICIA

ÁREA DE FOMENTO

O F I C I O

S/REF.: -

N/REF.: -

FECHA/DATA: ver sinatura electrónica

ASUNTO: Informe sobre a reestruturación parcelaria de Herbón-Pontecesures (Padrón e Pontecesures)

**DESTINATARIO Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural da Consellería de Medio Rural**

En relación coa súa solicitude de informe sobre a reestruturación parcelaria de Herbón-Pontecesures, nos concellos de Padrón e Pontecesures, con data de entrada 06/04/2022, comunícolle que o 07/04/2022 esta Área de Fomento enviou a solicitude á Subdirección Xeral de Planificación, Rede Transeuropea e Loxística do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e á Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, e a data de hoxe non se recibiu ningunha alegación ao respecto.

A directora da Área de Fomento

Ana Quintairos González

(asinado electronicamente)

[www.mptfp.gob.es](http://www.mptfp.gob.es)  
[fomento.acoruna@correo.gob.es](mailto:fomento.acoruna@correo.gob.es)

C/ San Andrés, 162 - 3º  
15071 - A CORUÑA  
Teléfono: 981 989 525  
Fax: 981 989 541

CSV : GEN-9671-e4ed-3ce7-b94f-c0a3-cb8a-c098-4ddb

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://sede.administracion.gob.es/pagSedeFront/servicios/consultaCSV.htm>

FIRMANTE(1) : ANA QUINTAIROS GONZALEZ | FECHA : 07/07/2022 13:15 | Sin acción específica







O F I C I O

S/REF.: CLAVE: EPI-32

N/REF.: Concentración Parcelaria  
Herbón-Pontecesures

FECHA.: Firma electrónica

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL  
DIRECCIÓN GENERAL DE DESARROLLO RURAL  
Edif. Administrativo núm. 4 San Caetano  
15781 Santiago de Compostela

ASUNTO: **REESTRUCTURACIÓN PARCELARIA DE HERBÓN-PONTECESURES**  
**CLAVE: EPI-32**

INTERESADO: DIRECCIÓN GENERAL DE DESARROLLO RURAL

**RCE: AP-9**

Vista la documentación relativa al expediente del asunto, así como el informe de la concesionaria de la autopista AP-9, se informa:

1. Se solicitan las principales afecciones de la reestructuración parcelaria de Herbón-Pontecesures.
2. En el desarrollo de esta concentración, según el polígono que se aporta, la AP9 se ve afectada entre los PP.KK. 93+800 y 94+600 aproximadamente.

A los efectos de dar respuesta a los trabajos preparatorios del estudio previo de iniciación de la zona de reestructuración parcelaria, a fin de determinar su viabilidad y llevar a cabo la recopilación de información sobre las principales afecciones, se acompaña planos con las afecciones de la AP9 en la zona delimitada y líneas de afección en formato digital (Anexo digital). 

Lo que se traslada a los efectos de la tramitación del proyecto del asunto.

Firmado electrónicamente  
EL INSPECTOR DE LA AP-9  
Pablo Domínguez Gómez

Firmado electrónicamente  
EL JEFE DE LA DEMARCACIÓN  
Ángel González del Río.

Antonio Machado, 45  
15071 A CORUÑA  
TEL: 981 28 82 00



## RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

|            |                                          |
|------------|------------------------------------------|
| EXPEDIENTE | 2022022508                               |
| ASUNTO     | Informe sectorial en materia de estradas |
| TRÁMITE    | Resolución Presidencial                  |

O deputado delegado de Infraestruturas e Vías Provinciais, no exercicio de competencias delegadas pola Presidencia por medio das Resolucións Presidenciais nº 2019012988 e 2019014186 de datas 15 de xullo e 1 de agosto de 2019, dita a seguinte **RESOLUCIÓN**

**Antecedentes:**

1.- A Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia. solicitou mediante escrito con número de rexistro 2022008675 de 6 de abril de 2022, un informe respecto do estudo previo de iniciación do Proxecto de reestruturación parcelaria de Herbón-Pontecesures (Clave EPI-32).


**Consideracións:**

1ª.-O xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, en data 15 de abril de 2022, informou: "Trala análise do perímetro provisional descargado pola ligazón electrónica achegada no oficio de solicitude de informe, <http://descargas.xunta.es/12468fb7-95ao-46b6-9cc8-e3bee7465b811649066511439>, no relativo ás estradas de titularidade provincial, compre dicir que este perímetro atópase fóra das zonas de protección do dominio público viario, reguladas no Capítulo I do Título IV da LEG.

Achégase abaixo foto-montaxe do ámbito proposto polo estudo previo do Proxecto de reestruturación parcelaria de Herbón-Pontecesures (en amarelo verdoso) xunto coa traza das estradas de titularidade provincial da contorna deste (en vermello).



## RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL



### CONCLUSIÓN

*En virtude da inexistencia de afección, tanto directa como indirecta, respecto das estradas de titularidade provincial esta Deputación e no relativo ao perímetro provisional do Proxecto de reestruturación parcelaria de Herbón-Pontecesures, determinase que **non procede achegar información, alegacións ou suxestións respecto do solicitado**. Sen prexuízo da necesaria posterior análise unha vez se determine de xeito definitivo o perímetro do Proxecto de reestruturación parcelaria de Herbón-Pontecesures”.*

2ª O artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas establece que “a *aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma*”.

### RESOLVO:

Prestar conformidade ao informe transcrito na consideración primeira sobre a afección do proxecto ás estradas provinciais e notificar a presente resolución á Xunta de Galicia.

### *Documento datado e asinado dixitalmente*

Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso, potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da recepción da presente notificación (artigos 112, 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas ben directamente recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da recepción da presente resolución (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso- Administrativa). Todo iso sen prexuízo da posibilidade de utilizar calquera outro recurso que considere procedente.





## INFORMACIÓN SOBRE OS BENS DO PATRIMONIO CULTURAL DO ÁMBITO DA REESTRUTURACIÓN PARCELARIA DE HERBÓN-PONTECESURES, NOS MUNICIPIOS DE PADRÓN E PONTECESURES

**Solicitante:** Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural

**Expediente:** SI-2022-0222.SOL

### FEITOS

O 05.04.2022 entrou no Sistema Único de Rexistro (xustificante núm. 2022/740389) unha solicitude da directora xeral de Desenvolvemento Rural da información que poida influír na redacción do estudo previo de reestruturación parcial de Herbón-Pontecesures, nos municipios de Padrón e Pontecesures; conforme co establecido no artigo 9 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.

Coa solicitude achégase un enlace para a descarga do perímetro provisional da zona que, cunha superficie de 410 ha, abrangue a parte sur da parroquia de santa María de Herbón e unha pequena parte da zona nordés da parroquia de San Xulián de Pontecesures.

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. O artigo 1 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (LPCG) establece que o patrimonio cultural de Galicia está constituído polos bens mobles, inmobles ou manifestacións inmateriais que, polo seu valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico, antropolóxico, industrial, científico e técnico, documental ou bibliográfico, deban ser considerados como de interese para a permanencia, recoñecemento e identidade da cultura galega a través do tempo.
2. Segundo o artigo 8 da LPCG, os bens do patrimonio cultural de Galicia poden ser declarados de interese cultural (BIC), polo seu carácter máis sobranceiro no ámbito da Comunidade Autónoma, ou catalogados, polo seu notable valor cultural. Os bens poden ser protexidos por ministerio da lei, mediante decreto do Consello da Xunta de Galicia (os BIC) ou por resolución da persoa titular da consellería competente en materia de patrimonio cultural (os catalogados).
3. Os bens declarados de interese cultural deben inscribirse no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia (artigo 17 da LPCG) e os bens catalogados deben incluírse no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia (artigo 25 da LPCG).
4. O artigo 14 da LPCG establece que os bens e manifestacións inmateriais do patrimonio cultural de Galicia, en tanto non fosen declarados de interese cultural ou catalogados, incluíranse no Censo do Patrimonio Cultural para a súa documentación, estudo, investigación e difusión dos seus valores. A inclusión dun ben no Censo do Patrimonio Cultural non





determina a necesidade de autorización administrativa previa para as intervencións sobre o dito ben. O Censo servirá como elemento de referencia para a emisión dos informes que sexan competencia da consellaría competente en materia de patrimonio cultural. Así mesmo, servirá como instrumento complementario para os responsables da xestión sustentable dos recursos culturais, a ordenación do territorio e o desenvolvemento económico.

5. O artigo 12 da LPCG establece que os monumentos, as zonas arqueolóxicas e as vías culturais declarados de interese cultural ou catalogados contarán cun contorno de protección. Así mesmo, cando sexa necesario segundo as súas características, poderá establecerse un contorno de protección para as demais categorías de bens. O contorno de protección dos bens inmoables de interese cultural e catalogados poderá estar constituído polos espazos e construcións próximas cuxa alteración incida na percepción e comprensión dos valores culturais dos bens no seu contexto ou poida afectar a súa integridade, apreciación ou estudo. Na declaración de ben de interese cultural ou na catalogación do ben estableceranse as limitacións de uso e os condicionantes necesarios para a salvagarda do dito contorno de protección, sen que isto supoña a súa cualificación como ben declarado ou catalogado.
6. O artigo 30 da LPCG determina que os bens inmoables que, polo seu interese cultural, se recollan individualmente singularizados nos instrumentos de planeamento urbanístico e ordenación do territorio, intégranse no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia.
7. A disposición adicional primeira da LPCG establece que todos aqueles bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia que tivesen a condición de bens de interese cultural con anterioridade á entrada en vigor desa lei manterán a consideración de bens de interese cultural e quedarán sometidos ao mesmo réxime xurídico de protección aplicable a estes segundo esta lei.
8. A disposición adicional segunda da LPCG establece que os bens que figuraban no Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia, agás os que teñan a consideración de bens de interese cultural, pasan a ter a consideración de bens catalogados.

Podemos concluír que os bens do patrimonio cultural que gozan dunha protección son os clasificados como bens de interese cultural ou catalogados, aos que se lles pode aplicar un contorno de protección. A maiores pode haber bens do patrimonio cultural censados ou identificados que aínda non gozan da protección.

## CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

De seguido, trataremos de identificar os bens do patrimonio cultural do ámbito referido na solicitude.

### 1. Bens de interese cultural

Segundo as bases de datos desta dirección xeral, non consta a declaración específica de ningún ben de interese cultural no ámbito referido na solicitude, aínda que unha parte del atópase no contorno de protección delimitado no Decreto 151/2013, do 12 de setembro, polo







que se declara ben de interese cultural, coa categoría de monumento, o convento franciscano de Santo Antonio de Herbón. En concreto, unha extensión de case 800 m da ribeira sur do río Ulla, fronte ao convento.<sup>1</sup>

Tamén constan varios bens de interese cultural considerados como tal por ministerio de lei:

Hórreos: en aplicación do artigo 92 da LPCG e da disposición adicional 2ª da LPHE, son bens de interese cultural os hórreos dos que existan evidencias que poidan confirmar a súa construción con anterioridade a 1901 ou teña unha antigüidade de máis de 100 anos.

No ámbito indicado na solicitude consta o seguinte hórreo recollido nos catálogos do PXOM de Pontecesures e do PBA:

- Hórreo en Fenteira

Ademais deste, na análise do ámbito comprobamos a existencia de moitos máis hórreos, achegando na táboa Excel anexa a localización daqueles que semellan presentar valor etnográfico, non obstante, cómpre revisar estes elementos, pois algúns deles poden carecer de valor cultural. Aqueles dos que se poida acreditar a antigüidade suficiente, terán a consideración de bens de interese cultural.

Cruceiros: en aplicación do artigo 92 da LPCG e da disposición adicional 2ª da LPHE, son bens de interese cultural os cruceiros e petos de ánimas dos que existan evidencias que poidan confirmar a súa construción con anterioridade a 1901 ou teña unha antigüidade de máis de 100 anos.

Na análise do ámbito comprobamos a existencia de varios cruceiros, sen información sobre a súa antigüidade:

- Cruz na Rocha
- Cruz de Grovas
- Cruceiro dos Condes

Cómpre advertir que calquera hórreo e cruceiro que se localice no ámbito, se foi construído antes de 1901 ou ten unha antigüidade de máis de 100 anos, ten a consideración de ben de interese cultural, independentemente de se está inventariado ou non.

## 2. Bens catalogados

No ámbito referido na solicitude non consta ningún ben catalogado especificamente por esta consellería, sen embargo en aplicación do establecido no artigo 30 da LPCG, os seguintes bens teñen a consideración de catalogados por ter sido recollidos individualmente singularizados nos instrumentos de planeamento urbanístico e ordenación do territorio, de acordo coa información dispoñible na web <http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga/>:

<sup>1</sup> A delimitación gráfica do contorno de protección do convento franciscano de Santo Antonio de Herbón pode consultarse na publicación do DOG núm. 130 do 10.07.2013 e no visor do Plan básico autonómico de Galicia.







PXOM de Pontecesures: o catálogo do Plan xeral de ordenación municipal de Pontecesures, aprobado o 27.06.2003, recolle os seguinte ben no ámbito:

- Hórreo en Fenteira (código PO-79)

PXOU de Padrón: o catálogo do Plan xeral de ordenación urbana da Padrón, aprobado o 27.07.1994, non recolle ningún ben do patrimonio cultural no ámbito.

PBA: O catálogo do Plan básico autonómico de Galicia, aprobado polo Decreto 83/2018, do 26 de xullo, e actualizado por Resolución do 21/12/2021 da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, recolle o seguinte ben no ámbito:

- Hórreo en Fenteira (código 48.816)

### 3. Bens censados

No ámbito indicado non consta ningún ben incluído no Censo do Patrimonio Cultural previsto no artigo 14 da LPCG.

### 4. Outros bens do patrimonio cultural identificados

Ademais dos anteditos bens considerados clasificados ou protexidos pola lexislación específica, para a elaboración desta información foron identificados outros bens para os que se presupón o valor cultural e que, polo tanto, formarían parte do patrimonio cultural de Galicia (artigo 1 da LPCG), aínda que ata o de agora non estean protexidos.

A este respecto, cómpre lembrar que a determinación obrigatoria 9.3 das directrices de ordenación del territorio (DOT), aprobadas polo Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, incluíron unha disposición relevante respecto da elaboración dos catálogos dos instrumentos de planificación, ao establecer que calquera actuación sobre o territorio debe atender á súa compatibilidade cos bens do patrimonio cultural que se vexan afectados, o que require a súa identificación a través dunha prospección, entendida como a exploración e recoñecemento sistemático do ámbito de estudo, para a detección de elementos do patrimonio cultural non identificados no Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia, con especial incidencia sobre o patrimonio etnográfico e arqueolóxico.

COPRA: a aplicación COPRA desta dirección xeral recolle algúns bens do patrimonio cultural, a maiores dos considerados catalogados, identificados durante un traballo de prospección elaborado hai máis dunha década. A relación destes bens achégase na táboa Excel anexa.

Infraestruturas hidráulicas: o artigo 1 da Lei 5/2006, do 30 de xuño, para a protección, a conservación e a mellora dos ríos galegos, declara prioridade de interese xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a conservación do patrimonio natural fluvial, que inclúe a biodiversidade da flora e da fauna dos ríos galegos, así como o patrimonio etnográfico e histórico-cultural relacionado. Desta lei non se deriva unha protección específica, pero ten un carácter xenérico que debe terse en conta.

Neste sentido, Augas de Galicia elaborou o Inventario e estudo das infraestruturas tradicionais de carácter hidráulico de Galicia que recolle unha serie de bens susceptibles formar parte do patrimonio etnográfico fluvial no ámbito considerado:





- IH15065021 edificio do antigo Muíño das Pesqueiras da Canle (actual estación de bombeo de auga de Pontecesures)
- IH15065022 edificio na parte alta da central hidroeléctrica?
- IH15065023 edificio tradicional situado a 20 ao leste do muíño identificado polo COPRA
- IH15065024 muíño identificado polo COPRA
- IH15065028 muíño con canle, tradicional?

Da cartografía (IGN e catastral) tamén obtemos referencias a muíños e batáns non protexidos ata o de agora, cuxa localización aproximada é a seguinte:

- Posible muíño e canles en Cortiñas.
- Posible muíño ao nordés da Rocha

O proxecto "No curso da auga. Recursos en liña para o coñecemento e difusión da arquitectura fluvial etnográfica na provincia da Coruña", desenvolvido pola Fundación María José Jove e a Deputación da Coruña, contén unha serie de bens no seu inventario, a maiores dos identificados por outras fontes, pero dos que non achega información que permita a súa localización:

- Fonte-lavadoiro en Morono
- Fonte nova de Morono
- Canle de auga de Cortiñas
- Muíño dos Condes
- Muíño en Confurco
- Fonte-lavadoiro en Confurco
- 4 Muíños na Barca
- 3 Muíños na Rocha

Toponimia: o nome propio dos lugares pode darnos información sobre elementos do territorio constitutivos de ser bens do patrimonio cultural construído. A toponimia forma parte dos elementos culturais que a Unesco denomina patrimonio inmaterial dos pobos e, neste sentido, o artigo 67 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia establece que a Xunta de Galicia velará, xunto con outras institucións da Comunidade Autónoma, pola preservación da toponimia tradicional, que se considera un valor identitario da Comunidade Autónoma así como un instrumento para a concreción da denominación xeográfica dos pobos e dos seus bens.

Galicia Nomeada<sup>2</sup> é unha plataforma colaborativa para a recolleita, xeorreferenciación e difusión da microtoponimia galega. Nela atopamos topónimos que poden ser indiciarios da existencia de bens que, pola súa tipoloxía, poderían ter valor cultural. Outra das fontes de toponimia máis proliza é a cartografía catastral, onde se poden atopar numerosos topónimos relacionados con posibles elementos do patrimonio cultural que habería que analizar.

Arquitectura tradicional: hai que indicar que unha parte esencial do traballo de prospección dun territorio eminentemente de carácter rural, coma o que é obxecto desta solicitude, deba ser o da identificación da arquitectura tradicional, xa que é o tipo do patrimonio cultural construído que ten sido menos desenvolto nos inventarios existentes, pese a

<sup>2</sup> <https://galicianomeada.xunta.gal/sixtop/inicio>





representar unha parte importante da cultura tradicional ou popular, integrante do patrimonio cultural<sup>3</sup>. Cómpre lembrar que o patrimonio tradicional ou vernáculo construído é a expresión fundamental da identidade dunha comunidade, das súas relacións co territorio e ao mesmo tempo, a expresión da diversidade cultural do mundo<sup>4</sup>.

Na táboa Excel anexa, achegamos a identificación e localización de certos bens da arquitectura tradicional que, nunha valoración preliminar, semellan ter interese cultural. A maioría deles xa foron inventariados polo catálogo dixital aberto obaixoulla.gal.

Por último, cómpre facer referencia aos "bens culturais específicos" considerados no título VII da LPCG. Estes patrimonios específicos, para os que a lexislación presume o correspondente valor cultural, requirirían de traballos concretos de identificación de elementos que existan no ámbito, como un paso previo para a súa posterior protección:

|                           |                                                                                                                                                                                                                                                                                 |                                                                                                   |
|---------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------|
| patrimonio inmaterial     | os usos, representacións, expresións, coñecementos e técnicas, xunto cos instrumentos, obxectos, artefactos e espazos culturais que lles son inherentes, que as comunidades, os grupos e nalgúns casos os individuos recoñezan como parte integrante do seu patrimonio cultural | a lingua, como vehículo do patrimonio cultural inmaterial, regulada pola súa normativa específica |
|                           |                                                                                                                                                                                                                                                                                 | as tradicións e expresións orais                                                                  |
|                           |                                                                                                                                                                                                                                                                                 | a toponimia                                                                                       |
|                           |                                                                                                                                                                                                                                                                                 | as artes do espectáculo                                                                           |
|                           |                                                                                                                                                                                                                                                                                 | a danza                                                                                           |
|                           |                                                                                                                                                                                                                                                                                 | a música                                                                                          |
|                           |                                                                                                                                                                                                                                                                                 | representacións                                                                                   |
|                           |                                                                                                                                                                                                                                                                                 | xogos                                                                                             |
| patrimonio artístico      | o legado das figuras históricas senlleiras na configuración da identidade cultural de Galicia, independentemente dos dereitos de propiedade intelectual                                                                                                                         | deportes                                                                                          |
|                           |                                                                                                                                                                                                                                                                                 | os usos sociais, rituais, cerimoniais e actos festivos                                            |
|                           |                                                                                                                                                                                                                                                                                 | os coñecementos e usos relacionados coa natureza e o universo                                     |
|                           |                                                                                                                                                                                                                                                                                 | as técnicas artesanais tradicionais, actividades produtivas e procesos                            |
|                           |                                                                                                                                                                                                                                                                                 | manifestacións pictóricas                                                                         |
|                           |                                                                                                                                                                                                                                                                                 | manifestacións escultóricas                                                                       |
|                           |                                                                                                                                                                                                                                                                                 | manifestacións cinematográficas                                                                   |
|                           |                                                                                                                                                                                                                                                                                 | manifestacións fotográficas                                                                       |
| patrimonio arquitectónico | bens propios da arquitectura defensiva (construídos despois de 1849)                                                                                                                                                                                                            | manifestacións musicais                                                                           |
|                           |                                                                                                                                                                                                                                                                                 | manifestacións das restantes artes plásticas                                                      |
|                           |                                                                                                                                                                                                                                                                                 | os castelos                                                                                       |
|                           |                                                                                                                                                                                                                                                                                 | as torres defensivas                                                                              |
|                           |                                                                                                                                                                                                                                                                                 | as murallas                                                                                       |
|                           |                                                                                                                                                                                                                                                                                 | e os muros circundantes urbanos                                                                   |
|                           |                                                                                                                                                                                                                                                                                 | as construcións defensivas con baluartes e os sistemas defensivos que configuran                  |
|                           |                                                                                                                                                                                                                                                                                 | os arsenais navais                                                                                |
|                           |                                                                                                                                                                                                                                                                                 | os cuarteis, as baterías de costa, as polvoreiras e os restos de todos eles                       |
|                           |                                                                                                                                                                                                                                                                                 | as baterías de costa                                                                              |
|                           | os edificios relacionados co culto relixioso católico e doutras confesións, aínda que perdesen o seu uso, construídos con anterioridade a 1836.                                                                                                                                 | as polvoreiras                                                                                    |
|                           |                                                                                                                                                                                                                                                                                 | os restos de todos eles                                                                           |
|                           |                                                                                                                                                                                                                                                                                 | catedrais                                                                                         |
|                           |                                                                                                                                                                                                                                                                                 | mosteiros                                                                                         |
|                           |                                                                                                                                                                                                                                                                                 | conventos                                                                                         |
|                           |                                                                                                                                                                                                                                                                                 | colexiats                                                                                         |

<sup>3</sup> Recomendación sobre a salvagarda da cultura tradicional e popular (UNESCO, 1989)

<sup>4</sup> Carta do patrimonio vernáculo construído (ICOMOS, 1999)



|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |                                                      |                                                    |                                                                    |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------|----------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------|
|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |                                                      | igrexas                                            |                                                                    |
|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |                                                      | ermidas                                            |                                                                    |
